



# **MEMORIA DE CALIDADE**

**FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**

**Curso Académico: 2020/2021**

## Índice

|  |            |
|--|------------|
| <b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>   | <b>2</b>   |
| <b>2. SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE E DOS SEUS RESULTADOS .....</b>     | <b>5</b>   |
| DIRECTRIZ 1. POLÍTICA E OXECTIVOS DE CALIDADE .....                                      | 5          |
| DIRECTRIZ 2. DESEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA E MELLORADOS PROGRAMAS FORMATIVOS .....          | 61         |
| DIRECTRIZ 3. GARANTÍA DA APRENDIZAXE, ENSINANZA E AVALIACIÓN CENTRADOS NO ALUMNADO ..... | 66         |
| DIRECTRIZ 4. GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DOS RECURSOS HUMANOS .....                   | 78         |
| DIRECTRIZ 5. GARANTÍA E MELLORA DA CALIDADE DOS RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS .....      | 84         |
| DIRECTRIZ 6. INFORMACIÓN PÚBLICA .....   | 90         |
| <b>3. PLAN DE MELLORAS DO CENTRO 2021-2022 .....</b>                                     | <b>92</b>  |
| <b>4. MODIFICACIÓNS NOS DIFERENTES TÍTULOS .....</b>                                     | <b>131</b> |
| <b>5. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES .....</b>                                      | <b>132</b> |

## 1. Introducción

A Facultade de Formación do Profesorado de Lugo (FFP-Lugo) é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia neste ámbito. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Formación do Profesorado deseña as súas propias accións marcándose como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A Memoria de Calidade da FFP é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso *PE-02, Revisión e Mellora*, do [SGC](#) da FFP (USC) e do [Manual de Procesos da FFP](#).

A presente Memoria de Calidade, que corresponde ao curso académico 2020-2021, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e recolle información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade, ao seguimento dos títulos impartidos na Facultade durante o curso 2020-2021 e ao plan de melloras do centro para o curso 2021-2022, incluíndo as accións de mellora derivadas dos informes de seguimento dos títulos. Concretamente, o documento organízase nas seguintes seccións (excluíndo a Introducción):

- O *Seguimento do SGC e dos seus resultados*, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e que á súa vez inclúe o informe de execución do Plan de Melloras Anual da FFP para o curso 2020-2021.
- O *Plan de Melloras Anual*, no que se especifican obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadar obxectivos de calidade no curso 2021-2022.
- Unha sección na que se rexistran as *modificacións introducidas nos títulos* obxecto desta memoria;
- Unha sección que recolle a *listaxe de evidencias e indicadores* utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

Os títulos vinculados á Facultade que estiveron vixentes durante o curso 2020-2021 foron:

- Grao en Mestre/a de Educación Infantil (GMEI)
- Grao en Mestre/a de Educación Primaria (GMEP)
- Dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria
- Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (MPES)
- Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (MDAEN)

Os catro primeiros títulos impártense conxuntamente coa Facultade de Ciencias da Educación, mentres que o MDAEN é un título exclusivo desta Facultade.

Durante o curso 2020-2021 continúase a impartir unha dobre titulación (Dobre Grao en Mestre/a de

Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria), a cal comezara no curso 2016-2017. Neste curso finaliza os seus estudos a primeira promoción da dobre titulación.

O número de estudantes matriculados nun Grao ou Mestrado na FFP durante o curso 2020-21 foi de 885, subindo dende os 881 do curso anterior, e o número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia nos mesmos durante o curso 2020-2021 desglósándose do seguinte xeito:

| TITULACIÓN  | ESTUDANTES | DOCENTES |
|---|------------|----------|
| <b>Grao en Mestre/a de Educación Infantil</b>   | 326        | 37       |
| <b>Grao en Mestre/a de Educación Primaria</b>   | 385        | 56       |
| <b>Dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria</b>  | 70         | (*)      |
| <b>Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas</b> | 71         | 23       |
| <b>Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza</b>  | 33         | 21       |

(\*) o Dobre Grao combina materias dos dous títulos.

O PAS da Facultade conta cun total de 11 membros.

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2020-2021 abrangue todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o equipo decanal, a Comisión de calidade, o/a Responsable de Calidade do centro, as Comisións de Título e os/as Coordinadores/as de Título. As funcións de cada un deles en relación co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Capítulo 3 do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado. Por outra banda, a Xunta de Facultade é o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e do Manual do SGC e procesos asociados, a que se inclúe a continuación:

- [Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil](#) pola USC.
- [Memoria para a verificación do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria](#) pola USC.
- [Memoria para a verificación do título de Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas](#) pola USC.
- [Memoria para a verificación do título de Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza](#) pola USC.
- [Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Formación do Profesorado.](#)
- [Regulamento para a elaboración e defensa do TFG do Grao de Mestre/a de Educación Infantil](#) pola USC
- [Regulamento para a elaboración e defensa do TFG do Grao de Mestre/a de Educación](#)

[Primaria](#) pola USC

- [Regulamento do TFM en Dirección de Actividades Educativas na Natureza](#)
- [Regulamento do TFM do Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas](#) pola USC
- [Plan Estratéxico da Facultade de Formación do Profesorado 2016-2020](#)
- [Plan Estratéxico 2016-2022](#)
- [Programación Plurianual](#) da FFP para o período 2016-2020
- [Protocolo intercentros do Prácticum](#)
- [Plan Xeral do Prácticum](#) da FFP

De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria (*PE-02* do SGC), as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade do Centro (CCC) as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2020-21, así como as súas propostas de accións de mellora, todo iso a partir dos informes e indicadores proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de Melloras Anual que foi sometido a un período de exposición pública para que os representantes dos distintos grupos de interese puidesen facer as súas achegas ou suxestións. Unha vez completado este trámite, o documento final, a Memoria de Calidade, foi aprobada pola Comisión de Calidade con data do 19 de maio 2022, e foi enviada o 30 de maio á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC para a súa avaliación técnica previa á aprobación da Xunta de Facultade con data 22 de xuño de 2022.

Cómpre finalmente engadir que, no momento de rematar a redacción desta Memoria de Calidade estanse a producir en toda a USC cambios nos contidos das intranets das Facultades, polo que non é posible asegurar o correcto funcionamento de todas as ligazóns incorporadas no texto.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración, desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A [Política de Calidade](#) da FFP, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, faise pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral.

Por outra banda, durante o curso 2020-2021 continúaase aplicando a [Programación Plurianual](#) do período 2016-2020 (aprobado pola Xunta de Facultade o 14 de marzo do 2017) e o [Plan Estratéxico](#) para o mesmo período (aprobado polo Consello de Goberno con data 27 de abril de 2017).

No Plan Estratéxico defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. As Liñas e Obxectivos Estratéxicos que configuran o Plan Estratéxico vixente neste curso son os seguintes:

- LE1 Mellora da planificación, organización e desenvolvemento da docencia
  - OE01 Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente
  - OE04 Reforzar as titulacións que oferta a Facultade
  - OE05 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum
  - OE07 Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.
  - OE11 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente
  - OE12 Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral
  - OE13 Aumentar o número de PDI en prazas estables, en función da súa acreditación
  - OE14 Conseguir que a Facultade acolla un departamento multidisciplinar relacionado coa formación do profesorado

- OE15 Aumentar a dispoñibilidade de espazos e recursos materiais
- LE2 Recursos humanos e materiais
  - OE02 Promover a formación continua e actualización do PDI e do PAS
- LE3 Compromiso, transparencia e información pública
  - OE03 Participar activamente nos programas de captación de estudantes que desenvolve a USC.
  - OE06 Mellorar os procesos de xestión e visualización da información.
  - OE08 Potenciar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro.
  - OE09 Corrixir as incidencias e anomalías detectadas nas Memorias de verificación dos títulos de grao
  - OE10 Manter actualizada a páxina web da Facultade

En liñas xerais, os obxectivos estratéxicos mantéñense no curso 2020-2021 nun nivel de consecución razoable (ver **D1.A:** Informe PMA 2020-21), aínda que algún deles avanza con retraso e outros teñen que ser replantexados ou mesmo polo momento pospostos, tendo en conta particularmente a situación de crise sanitaria derivada da pandemia do Covid-19, que obrigou a restrinxir a actividade académica, investigadora e de xestión da Facultade. Desenvolvendo a acción de mellora **AM-36** proposta para o curso 2019-2020, no ano 2020, no que estaba prevista a elaboración dun novo Plan Estratéxico, procedeuse por mor da pandemia á elaboración do [Plan Estratéxico 2016-2022](#) que prorroga ao anterior e inclúe axustes e actualizacións (a análise DAFO permitiu reformular e ampliar os obxectivos estratéxicos). As liñas e obxectivos estratéxicos que configuran este novo Plan Estratéxico para poñer en marcha a partir do ano 2020 son os seguintes:

- LE1 MELLORA DA PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA
  - OE01 Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente
  - OE05 Reforzar as titulacións que oferta a Facultade
  - OE06 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum
  - OE09 Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.
  - OE10 Solicitar a creación dun vicedecanato que xestione as titulacións e a calidade da Facultade
  - OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente
  - OE14 Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral.
- LE2 RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS
  - OE02 Promover a formación continua e actualización do PDI e do PAS
  - OE03 Mellorar a dotación e infraestruturas de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos da Facultade.
  - OE07 Incrementar a participación do profesorado nas reunións de comisións e órganos da facultade con independencia da súa dedicación docente.
  - OE15 Aumentar o número de PDI en prazas estables, en función da súa acreditación.
  - OE16 Aumentar a dispoñibilidade de espazos e recursos materiais.
- LE3 COMPROMISO, TRANSPARENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA
  - OE04 Participar activamente nos programas de captación de estudantes que desenvolve a USC
  - OE08 Mellorar os procesos de xestión e visualización da información
  - OE11 Potenciar a participación dos e das estudantes nos órganos colexiados e comisións de goberno do centro.
  - OE12 Manter actualizada a páxina web da Facultade.

Cómpre asimismo nesta sección reflexionar sobre o grao de execución e eficacia do Plan de Melloras Anual do Centro (PMA) para o curso 2020-2021. O apartado que segue presenta un informe global sobre o PMA, e as accións de mellora que conforman este plan coméntanse ademais posteriormente dentro das súas directrices específicas:

## D1.A. INFORME DE EXECUCIÓN DO PMA DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO 2020-21

Das 15 accións de mellora referidas aos Títulos de grao, as accións **AM-01**, **AM-02**, **AM-03**, **AM-05**, **AM-06**, **AM-07**, **AM-09**, **AM-11**, **AM-12** e **AM-14** completáronse con éxito. As accións **AM-04** e **AM-08** completáronse con éxito e mantéñense para o curso seguinte 2021-2022. As accións **AM-10** (analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información das guías docentes das materias dos Graos publicadas na web, así como entre estas e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos) e **AM-13** (adoptar metodoloxías educativas nos Graos que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento) executáronse parcialmente por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da Covid-19 e propónse a súa continuidade para o curso 2021-2022.

Pola súa parte, das 8 accións de mellora dos Mestrados, no MPES as accións **AM-16** (accións formativas a cargo de profesionais externos), **AM-17** (cursos específicos para a elaboración do TFM) e **AM-23** (sobre a introdución de estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do Mestrado) desenvolvéronse con éxito e propónse a súa continuidade para o curso seguinte 2021-22. No MDAEN a acción **AM-16** tamén foi desenvolvida a través de charlas con diferentes profesionais e manterase para o seguinte curso. As accións **AM-19** (celebrar o día dos Bosques cunha plantación), **AM-20** (difusión por redes sociais e correo electrónico do MDAEN), **AM-21** (animar aos estudantes a participar nas enquisas de avaliación), **AM-22** (permitir aos estudantes o coñecemento de empresas agrícolas e espazos singulares de conservación do patrimonio rural) foron executadas con éxito e mantéñense como accións de continuidade para o curso 2021-22. En canto á acción **AM-18** (realizar unha práctica de campo en Potes ca Universidade de Cumbria), esta foi parcialmente executada, xa que por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da Covid-19 dita actividade tivo que ser reemplazada por outra saída de campo, polo tanto manterase esta acción para o seguinte curso.

Finalmente, polo que respecta ás 9 accións de mellora plantexadas para o conxunto da Facultade (**AM-24**, **AM-25**, **AM-26**, **AM-27**, **AM-28**, **AM-29**, **AM-30**, **AM-31**, **AM-32**), 6 accións terán continuidade para o curso 2021-22. A **AM-25** (modificar a composición da Comisión de Calidade), **AM 29** (optimizar os espazos e recursos da facultade), **AM-30** (fomentar o uso de ferramentas virtuais para celebrar reunións) e **AM-31** (mellorar a información pública dispoñible da facultade), executáronse con éxito e manteranse abertas para o seguinte curso. As accións de mellora executadas que non foron eficaces pero que se manterán para o próximo curso son as seguintes: a acción **AM-24** (aumento da participación do alumnado nos órganos colexiados e comisións), cuxa falta de eficacia probablemente se debe a unha grande desafección por parte do alumnado, e a **AM-27** (solicitude dun posto de PAS para conserxería en quenda de tarde). En canto á **AM-26** (proporcionar formación e recursos ao profesorado da Facultade para desenvolver a docencia e a avaliación de xeito non presencial) foi executada con éxito. Por último, no que respecta as accións a **AM-28** (creación dun vicedecanato centrado na xestión das titulacións e a calidade da Facultade) e a **AM-32** (mellorar as condicións e o desenvolvemento profesional do PDI da facultade) foron ambas executadas pero non resultaron eficaces e non terán continuidade.



A continuación preséntase unha táboa-resumo das accións de mellora finalizadas no curso 2020-2021 na FFP-Lugo, seguida das táboas específicas que detallan cada acción de mellora.

| LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA FINALIZADAS 2020-2021 (FFP) |   |   |  |                   |           |
|---|---|---|--|-------------------|-----------|
| ID  | ORIXE   | DESCRIPCIÓN   | RESPONSABLE SEGUIMENTO   | DATA FIN PREVISTA | ESTADO    |
| AM-01   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Proposta dun plan integral de formación e orientación académico-profesional para o estudiantado dos Graos (FORTE-FFP) que pivota sobre catro obxectivos desenvolvidos por medio de tarefas específicas.   | Equipo Decanal, Coordinadores dos Títulos de Grao, Coordinador Xeral do Prácticum, Profesorado dos títulos, Director da Biblioteca FFP | Xullo 2021        | Executada |
| AM-02   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Revisar a coordinación dos programas das materias dos Graos, de maneira que se eviten reiteracións ou solapamentos entre elas   | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de curso  | Xullo 2021        | Executada |
| AM-03   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Garantir que o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia dos Graos sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa  | Coordinacións dos títulos de Grao, Coordinadores de curso  | Xullo 2021        | Executada |
| AM-04   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC   | Equipo Decanal e Coordinador do Programa A Ponte na Facultade  | Xullo 2021        | Executada |
| AM-05   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Unha vez delimitadas as funcións das coordinacións de materia, curso e título dos Graos para evitar duplicidades, implementar instrumentos que faciliten as súas tarefas  | Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao  | Xullo 2021        | Executada |
| AM-06   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum dos Graos; garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6 do Grao de Infantil; buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum dos Graos ao profesorado idóneo; mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre as coordinacións do Prácticum da FFP e a FCE | Coordinadores xerais dos Prácticums (FFP e FCE)  | Xullo 2021        | Executada |
| AM-07   | Informes de seguimento dos Títulos                      | Actualizar o Plan xeral do Prácticum  | Coordinador xeral do Prácticum (FFP)   | Xullo 2021        | Executada |

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 9 de 137

|       |   |  |   |            |                                   |
|-------|---|--|---|------------|-----------------------------------|
|       | de Grao (GMEI, GMEP)                                    |  |   |            |                                   |
| AM-08 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Fomentar a participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade.  | Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios | Xullo 2021 | Executada                         |
| AM-09 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Detectar e comunicar formalmente ao Decanato e aos departamentos implicados todas as incidencias que se detecten en canto á coordinación entre profesorado da mesma materia.   | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de curso                     | Xullo 2021 | Executada                         |
| AM-10 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información das guías docentes das materias dos Graos publicadas na web, así como entre estas e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos.                             | Coordinadores de Título, Vicedecano.  | Xullo 2021 | Parcialmente Executada (Covid-19) |
| AM-11 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Establecer contacto cos titores externos do Prácticum dos Graos antes e despois da estadia do alumnado nos centros de prácticas.   | Coordinadores do Prácticum, Profesorado supervisor                            | Xullo 2021 | Executada                         |
| AM-12 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Crear un foro de intercambio de experiencias cos titores externos do Prácticum   | Coordinador xeral do Prácticum  | Xullo 2021 | Executada                         |
| AM-13 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Adoptar metodoloxías educativas nos Graos que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento | Coordinadores de título   | Xullo 2021 | Parcialmente executada (Covid-19) |
| AM-14 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Cómpre proceder ao cambio de curso de certas materias dos Graos de Infantil e Primaria no itinerario do Dobre Grao para asegurar unha aprendizaxe progresiva e facilitar o acceso a bolsas por parte do alumnado                                   | Equipo Decanal  | Xullo 2021 | Executada                         |
| AM-15 | Proposta de Mellora                                     | Contactar cos responsables do programa A Ponte e achegar suxerencias de mellora para o Programa de Titores que contribúan a aumentar a participación do alumnado neste programa.   | Equipo Decanal  | Xullo 2021 | Executada                         |
| AM-16 | Informes de seguimento do do                            | Propoñer actividades formativas nos Mestrados (relatorios e outras actividades) a cargo de profesionais externos   | Coordinadores dos títulos de Mestrado   | Xullo 2021 | Executada                         |

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 10 de 137

|       |   |   |   |               |                                  |  |
|-------|---|---|---|---------------|----------------------------------|--|
|       | MPES e MDAEN  |   |   |               |                                  |  |
| AM-17 | Informe de seguimento do MPES                           | Deseñar, organizar e avaliar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital)                  | Coordinador do título de Mestrado, Director da Biblioteca, Responsable servizo PFID | Xullo 2021    | Executada                        |  |
| AM-18 | Informe de seguimento do título de MDAEN                | Realizar no MDAEN unha práctica de campo e actividades ao aire libre en Potes (Cantabria) cos estudantes e profesores Universidade de Cumbria, que manteñen un máster similar ao DAEN | Profesorado do título   | Xullo 2020    | Parcialmente executada (covid19) |  |
| AM-19 | Informe de seguimento do título de MDAEN                | Dentro do MDAEN, celebración do Día dos Bosques cunha plantación de árbores autóctonas  | Coordinador do título de Mestrado   | Xullo 2020    | Executada                        |  |
| AM-20 | Informe de seguimento MDAEN                             | Facer unha acción de difusión por redes sociais e correo electrónico do MDAEN.  | Coordinador do título de Mestrado   | Xuño 2020     | Executada                        |  |
| AM-21 | Informe de seguimento MDAEN                             | Animar aos estudantes para que participen nas enquisas de avaliación do título de MDAEN   | Coordinador do título de Mestrado   | Maió 2020     | Executada                        |  |
| AM-22 | Proposta de mellora MDAEN                               | Permitir aos estudantes do MDAEN o coñecemento de empresas agrícolas exemplares e espazos singulares de conservación do patrimonio rural  | Coordinador do título de Mestrado   | Febreiro 2020 | Executada                        |  |
| AM-23 | Informe de seguimento MPES                              | Introducir estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do MPES  | Coordinador do título de Mestrado, profesorado do título                            | Xullo 2021    | Executada                        |  |
| AM-24 | Proposta de mellora                                     | Incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións  | Equipo Decanal  | Xullo 2021    | Executada                        |  |
| AM-25 | Proposta de Mellora                                     | Modificar a composición da Comisión de Calidade para mellorar a súa operatividade e darlle máis presenza ao alumnado.   | Equipo Decanal<br>Responsable de Calidade   | Xullo 2021    | Executada                        |  |
| AM-26 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Proporcionar formación e recursos ao profesorado da Facultade para desenvolver a docencia e a avaliación de xeito non presencial.   | Equipo Decanal  | Xullo 2021    | Executada                        |  |
| AM-27 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde.   | Equipo Decanal  | Xullo 2021    | Executada                        |  |

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 11 de 137

|       |                     |   |                |            |           |  |
|-------|---------------------|---|----------------|------------|-----------|--|
| AM-28 | Proposta de mellora | Creación dun vicedecanato centrado na xestión das titulacións e a calidade da Facultade.    | Equipo decanal | Xullo 2021 | Executada |  |
| AM-29 | Proposta de mellora | Optimizar os espazos e recursos da facultade  | Equipo decanal | Xullo 2021 | Executada |  |
| AM-30 | Proposta de mellora | Fomentar o uso de ferramentas virtuais para celebrar reunións de comisións e outros órganos | Equipo decanal | Xullo 2021 | Executada |  |
| AM-31 | Proposta de mellora | Mellorar a información pública dispoñible da facultade                                      | Equipo decanal | Xullo 2021 | Executada |  |
| AM-32 | Proposta de mellora | Mellorar as condicións e o desenvolvemento profesional do PDI da facultade                  | Equipo decanal | Xullo 2021 | Executada |  |

## AM-01

**Obxectivo a conseguir:** Avanzar na vinculación do coñecemento académico coa práctica profesional, impulsando a innovación e mellora continua das materias dos títulos de Grao e apoiando ao estudiantado ao longo de todo o seu proceso formativo por medio dun plan integral de formación e orientación académico- profesional (Plan de Formación, Orientación e Tutorización do Estudiantado da FFP: FORTE-FFP)

**Responsable do obxectivo:** Equipo Decanal, Coordinadores dos Títulos de Grao, Coordinador Xeral do Prácticum, Profesorado dos títulos, Director da Biblioteca FFP

**Data inicio:** Setembro 2020

**Data fin:** Xullo 2021

|   |  |
|---|--|
| <b>Obxectivo relacionado</b>  | OE01 Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente<br>OE14 Potenciar as accións de orientación laboral e capacitación do alumnado para acceder ao mercado laboral.                                 |
| <b>Procesos clave relacionados</b>  | PC-03 Apoio a estudantes<br>PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas   |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Taxas éxito, rendemento e avaliación do alumnado; porcentaxe de participación do alumnado; número de actividades organizadas; enquisas de satisfacción; indicadores de inserción laboral | <b>Meta a conseguir</b> Taxas de éxito, rendemento e avaliación superiores ao 80%; porcentaxe de participación do alumnado superior ao 50%; manter o aumentar o número de actividades organizadas o curso anterior |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-01</b>   |  |

| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>  |   |
|---|---|
| <b>Código</b>   | AM-01   |
| <b>Orixe</b>  | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)   |
| <b>Ámbito de aplicación</b>   | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado<br>Directriz 5 Garantía e mellora dos recursos materiais e servizos<br>Directriz 2 Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos |
| <b>Análise causa:</b> Cómpre avanzar na vinculación do coñecemento académico coa práctica profesional do alumnado, impulsando a innovación e mellora continua das materias dos títulos de Grao e apoiando ao estudantado ao longo de todo o seu proceso formativo por medio dun plan integral de formación e orientación académico-profesional (FORTE-FFP)  |   |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b> Proposta dun plan integral de formación e orientación académico-profesional para o estudantado dos Graos que pivota sobre catro obxectivos desenvolvidos por medio de tarefas específicas:<br>Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras<br>Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas<br>Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca). |   |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020   |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Executada; Eficacia: S<br>Data Estado: Xullo 2021   |
| <b>Responsables</b> Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos, Coordinadores do Prácticum  |   |
| <b>Tarefa1 (AM-01.T1)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b> Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica: sesión de acollida, difusión de información sobre os graos (requisitos, estrutura, saídas), sesión informativa sobre o prácticum, sesión informativa sobre as mencións cualificadoras  |   |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2021  |   |
| <b>Responsable:</b> Equipo Decanal, Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos, Coordinadores do Prácticum  |   |
| <b>Estado</b> Executada   |   |
| <b>Comprobación tarefa</b>  |   |
| <b>Descrición Comprobación</b><br>Todas as actividades previstas nesta liña de actuación desenvolvéronse exitosamente durante o curso 2020-21 consonte ao especificado no Plan FORTE-FFP, e tal e como se reflicte nos  |   |

respectivos Autoinformes para a Renovación da Acreditación dos Graos e no informe de execución do Plan para o curso 2020-21, o cal foi analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade na [reunión do 22 de decembro de 2021](#).

**Data comprobación:** Abril 2022

**Incidencias:** Non hai

**Axustes/Novas tarefas:** As actividades desta liña de actuación protocolízanse como parte do Plan FORTE-FFP para ser realizadas anualmente coas actualizacións pertinentes, polo que non se reabrirán para o curso seguinte como accións específicas de mellora.

**Tarefa2 (AM-01.T2)**

**Descrición tarefa:** Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas

**Data prevista de finalización:** Xullo 2021

**Responsable:** Equipo Decanal

**Estado** Executada

**Comprobación tarefa**

**Descrición Comprobación**

Todas as actividades previstas nesta liña de actuación desenvolvéronse exitosamente durante o curso 2020-21 consonte ao especificado no Plan FORTE-FFP, e tal e como se reflicte nos respectivos Autoinformes para a Renovación da Acreditación dos Graos e no informe de execución do Plan para o curso 2020-21, o cal foi analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade na [reunión do 22 de decembro de 2021](#).

**Data comprobación:** Abril 2022

**Incidencias:** Non hai

**Axustes/Novas tarefas:** As actividades desta liña de actuación protocolízanse como parte do Plan FORTE-FFP para ser realizadas anualmente coas actualizacións pertinentes, polo que non se reabrirán para o curso seguinte como accións específicas de mellora.

**Tarefa3 (AM-01.T3)**

**Descrición tarefa:** Enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de Aprendizaxe-Servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos

**Data prevista de finalización:** Xullo 2021

**Responsable:** Profesorado das materias do título

**Estado** Executada

**Comprobación tarefa**

**Descrición Comprobación**

Todas as actividades previstas nesta liña de actuación desenvolvéronse exitosamente durante o curso 2020-21 consonte ao especificado no Plan FORTE-FFP, e tal e como se reflicte nos respectivos Autoinformes para a Renovación da Acreditación dos Graos e no informe de execución do Plan para o curso 2020-21, o cal foi analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade na [reunión do 22 de decembro de 2021](#).

**Data comprobación:** Abril 2022

**Incidencias:** Non hai

**Axustes/Novas tarefas:** As actividades desta liña de actuación protocolízanse como parte do Plan FORTE-FFP para ser realizadas anualmente coas actualizacións pertinentes, polo que non se reabrirán para o curso seguinte como accións específicas

de mellora.

**Tarefa4 (AM-01.T4)**

**Descrición tarefa:** Enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de Aprendizaxe-Servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos

**Data prevista de finalización:** Xullo 2021

**Responsable:** Profesorado das materias do título

**Estado** Executada

**Comprobación tarefa**

**Descrición Comprobación**

Todas as actividades previstas nesta liña de actuación desenvolvéronse exitosamente durante o curso 2020-21 consonte ao especificado no Plan FORTE-FFP, e tal e como se reflicte nos respectivos Autoinformes para a Renovación da Acreditación dos Graos e no informe de execución do Plan para o curso 2020-21, o cal foi analizado e avaliado positivamente pola Comisión de Calidade na [reunión do 22 de decembro de 2021](#)

**Data comprobación:** Abril 2022

**Incidencias:** Non hai

**Axustes/Novas tarefas:** As actividades desta liña de actuación protocolízanse como parte do Plan FORTE-FFP para ser realizadas anualmente coas actualizacións pertinentes, polo que non se reabrirán para o curso seguinte como accións específicas de mellora.

**AM-02**

|   |   |                             |
|---|---|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Avanzar nos procesos de mellora da organización docente                 |   |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b> Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos           | <b>Data inicio:</b> Abril 2020  | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente |   |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas                               |   |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Informes de coordinación de Título e Curso                         | <b>Meta a conseguir</b><br>Evitar solapamentos nos programas das materias |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br><b>(Código) AM-02</b>                                       |   |                             |

| ACCIÓN DE MELLORA                       |   |
|---|---|
| <b>Código</b>                           | AM-02   |
| <b>Orixe</b>                            | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)   |
| <b>Ámbito de aplicación</b>             | Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.   |
| <b>Análise causa:</b>                   | Cómpre detectar e solucionar problemas de reiteración ou solapamento de contidos que se produzan nas materias dos Graos   |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b> | Revisar a coordinación dos programas das materias dos Graos, de maneira que se eviten reiteracións ou solapamentos entre elas   |
| <b>Datas</b>                            | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Abril 2020  |
| <b>Estado/Eficacia</b>                  | Estado: Finalizada; Eficacia: Sí<br>Data Estado: Xullo 2021   |
| <b>Responsables</b>                     | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos  |
| Tarefa1 (AM-02.T1)                      |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>               | Recollida de incidencias sobre problemas de coordinación docente e solapamento de contidos  |
| <b>Data prevista de finalización:</b>   | Xullo 2021  |
| <b>Responsable:</b>                     | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos  |
| <b>Estado</b>                           | Finalizada  |
| Comprobación tarefa                     |   |
| <b>Descrición Comprobación</b>          | Ademais da revisión dos programas levada a cabo polos coordinadores de curso (que será obxecto dunha reformulación como acción de mellora para o curso seguinte), o Documento Marco de Funcións contempla a realización de enquisas propias de coordinación de curso. Estas enquisas proporcionan datos sobre cuestións relativas á marcha do semestre ou curso, tales como a coordinación entre docentes que comparten materias, posibles solapamentos de contidos entre materias, os horarios lectivos, o número de traballos do semestre ou curso, a carga de traballo autónomo do alumnado etc. No curso 20-21 as persoas que exercen a coordinación de curso xestionaron a realización da enquisa de coordinación de materias do curso ao alumnado, ben presencialmente ou ben por medio do campus virtual nos casos nos que así o aconsellaban as restricións de presencialidade derivadas da pandemia. As persoas que coordinan os cursos incluíron os datos das enquisas no seus informes finais da marcha do curso, trasladados á persoa que coordina o título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título como pola Comisión de Calidade, como fontes de datos para identificar calquera aspecto problemático e propoñer as oportunas accións de mellora, polo que son ferramentas útiles que continuarán a empregarse de xeito protocolario cos axustes que sexan precisos. |
| <b>Data Comprobación:</b>               | Abril 2022  |
| <b>Incidencias:</b>                     | Por mor da situación de crise sanitaria, os programas das materias do curso 21-22 das titulacións de Grao foron revisados polos coordinadores de curso atendendo ás <i>Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura para o curso 2020-2021</i> e mediante o emprego dunha <b>ficha</b> deseñada ao efecto dende as coordinacións de título, de feito que puideran ser detectadas incidencias antes da aprobación dos programas polos correspondentes departamentos e pola Xunta de Facultade   |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b>           | ---   |
| Tarefa2 (AM-02.T2)                      |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>               | Traslado das incidencias relativas a coordinación docente ou solapamento de contidos aos departamentos responsables da docencia das materias afectadas ou ao propio profesorado para que se resolvan á maior brevidade posible.   |
| <b>Data prevista de finalización:</b>   | Xullo 2021  |



|  |
|--|
| <b>Responsable:</b> Decano, Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de curso  |
| <b>Estado</b> Finalizada   |
| <b>Comprobación tarefa</b>   |
| <b>Descrición Comprobación</b><br>No curso 2020-21 non se detectaron incidencias con respecto a solapamentos de contidos. De habelas, as incidencias son trasladadas en primeira instancia ao profesorado responsable das materias para a súa resolución, ou, de ser o caso, ao departamento responsable. Esta tarefa atópase protocolizada e realízase a partir da información recollida por medio das enquisas de coordinación de curso e do proceso de revisión de programas. Ámbalas dúas accións están contempladas no Documento Marco de Funcións e desenvólvense de xeito automático, polo que non se considera pertinente reabrir a acción de mellora. |
| <b>Data Comprobación:</b> Abril 2022   |
| <b>Incidencias:</b>  |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b> ---  |

## AM-03

|   |   |                             |
|---|---|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Avanzar nos procesos de mellora da organización docente                 |   |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b> Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos           | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020   | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente |   |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas                               |   |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Informes de coordinación de Título e Curso                         | <b>Meta a conseguir</b><br>Axustar os sistemas de avaliación ás directrices establecidas nos programas das materias |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br><b>(Código) AM-03</b>                                       |   |                             |

| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>  |   |
|---|---|
| <b>Código</b>   | AM-03   |
| <b>Orixe</b>  | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMPE)                     |
| <b>Ámbito de aplicación</b>   | Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| <b>Análise causa:</b> Necesidade de mellorar o sistema de avaliación en determinadas materias dos Graos   |   |
| <b>Definición/descrición proposta:</b> Garantir que o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia dos Graos sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa   |   |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020                             |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Executada. Eficacia: Sí<br>Data Estado: Abril 2022                  |
| Responsables Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos   |   |
| <b>Tarefa1 (AM-03.T1)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b> Recollida de incidencias sobre desaxustes entre o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia dos Graos e o establecido no programa. Comunicación das incidencias aos responsables para proceder á corrección dos desaxustes detectados. |   |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2021  |   |

|   |
|---|
| <b>Responsable:</b> Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos  |
| <b>Estado</b> Finalizada  |
| <b>Comprobación tarefa</b>  |
| <p><b>Descrición Comprobación</b></p> <p>O Documento marco de Funcións establece que esta é responsabilidade do coordinador de materia. Ademais, as enquisas de coordinación de curso recollen datos sobre a coordinación de profesores da mesma materia e serven para detectar incidencias a este respecto, as cales son rexistradas polos coordinadores de curso e forman parte do informe anual de seguimento elaborado polas coordinacións de título. No curso 2020-2021 non se detectaron incidencias destacables a este respecto.</p> <p>Esta tarefa atópase protocolizada e realízase a partir da información recollida por medio das enquisas de coordinación de curso e do proceso de revisión de programas. Ámbalas dúas accións están contempladas no Documento Marco de Funcións e desenvólvense de xeito automático, polo que non se considera pertinente reabrir a acción de mellora.</p> |
| <b>Data Comprobación:</b> Abril 2022  |
| <b>Incidencias:</b>   |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b> ---   |

## AM-04

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Participar en programas de captación de estudantes  |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo</b><br>Equipo Decanal,<br>Coordinador do Programa A<br>Ponte na Facultade   | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020  | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE03 Participar activamente nos programas de captación de estudantes que desenvolve a USC.           |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-01 Análise de perfil de ingreso e captación   |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Participación no programa A Ponte e en Xuvenciencia; número de centros contactados e accións desenvolvidas | <b>Meta a conseguir</b><br>Dar a coñecer a oferta formativa dos Graos na FFP a futuro alumnado, mantendo ou incrementando os contactos cos centros de ensino medio |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-04</b>   |  |                             |

|   |  |
|---|--|
| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>  |  |
| <b>Código</b>   | AM-04  |
| <b>Orixe</b>  | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)                            |
| <b>Ámbito de aplicación</b>   | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| <b>Análise causa:</b> Conveniencia de continuar participando nos programas de captación de estudantes   |  |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b> Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus Xuvenciencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC |  |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020                                    |

|                                       |   |
|---------------------------------------|---|
| <b>Estado/Eficacia</b>                | Estado: Executada; Eficacia: Sí<br>Data Estado: Xullo 2021  |
| <b>Responsables</b>                   | Equipo Decanal, Coordinador do Programa A Ponte na Facultade  |
| <b>Tarefa1 (AM-04.T1)</b>             |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>             | Participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC   |
| <b>Data prevista de finalización:</b> | Xullo 2021  |
| <b>Responsable:</b>                   | Equipo Decanal, Coordinador do Programa A Ponte na Facultade  |
| <b>Estado</b>                         | Executada   |
| <b>Comprobación tarefa</b>            |   |
| <b>Descrición Comprobación</b>        | <p>No curso 2020-2021 continuouse coa participación no programa A Ponte, cuxas actividades se tiveron que adaptar por mor das condicións derivadas da situación de pandemia por covid-19. As actividades realizadas foron as seguintes:</p> <p><b>Campus Terra:</b><br/>Aínda que a captación de estudiantado non é un problema na FFP, a petición do Campus Terra, o equipo decanal, en colaboración cos coordinadores dos títulos, elaboraron unhas presentacións sobre o <a href="#">Grao de Mestre/a de Educación Infantil</a>, <a href="#">Grao de Mestre/a de Educación Primaria</a> e o <a href="#">Dobre Grao</a> (dispoñibles na páxina web do Campus Terra) destinadas a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación.</p> <p><b>Encontros virtuais con membros dos equipos de orientación de ensino secundario:</b> 23 e 25 de febreiro de 2021<br/><b>Encontros virtuais con estudantes de Bacharelato:</b> 23, 24 e 25 de marzo de 2021</p> <p><b>Visitas a centros:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- IES Muralla Romana – Lugo: 14 de xaneiro de 2021</li> <li>- IES de Quiroga – Quiroga: 15 de xaneiro de 2021</li> <li>- IES A Pinguela – Monforte de Lemos: 9 de marzo de 2021 (virtual)</li> <li>- IES Santiago Basanta Silva – Vilalba: 10 e 11 de marzo de 2021</li> <li>- IES do Camiño – Palas de Rei: 15 de marzo de 2021</li> <li>- CIFP Politécnico – Lugo: 22 de marzo de 2021</li> <li>- IES Val do Asma – Chantada: 26 de marzo de 2021.</li> </ul> <p>Con respecto ao <b>Campus XuvenCiencia</b>, no curso 2020-2021 a FFP en Lugo participou en XuvenCiencia, ofertando o proxecto: “Novas miradas docentes”. Ligazón: <a href="https://xuvenciencia.org/campus/gl/proxectos/proxecto/?pr=613">https://xuvenciencia.org/campus/gl/proxectos/proxecto/?pr=613</a>.</p> <p>No curso 2021-22 a Facultade de Formación do Profesorado seguirá participando no programa A Ponte e na próxima edición do campus XuvenCiencia cun proxecto titulado “Supera este reto! Educando con ciencia”.</p> |
| <b>Data Comprobación:</b>             | Abril 2022  |
| <b>Incidencias:</b>                   |   |

**Axustes/Novas tarefas:** manter para o curso 2021-2022

**Tarefa2 (AM-04.T2)**

**Descrición tarefa:** Consolidar e potenciar o dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, como oferta docente distintiva no Sistema Universitario de Galicia, vía para a captación de estudantes excelentes e capacitación privilexiada do alumnado egresado de cara ao mercado laboral

**Data prevista de finalización:** Xullo 2021

**Responsable:** Equipo Decanal, Coordinador do Programa A Ponte na Facultade

**Estado** Executada

**Comprobación tarefa**

**Descrición Comprobación**

Na FFP-Lugo, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información para a elaboración dunhas presentacións sobre o [Grao de Mestre/a de Educación Infantil](#), [Grao de Mestre/a de Educación Primaria](#) e o [Dobre Grao](#) (dispoñibles na páxina web do Campus Terra) destinadas a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación.

**Data Comprobación:** Abril 2022

**Incidencias:**

**Axustes/Novas tarefas:** manter para o curso 2021-2022

**AM-05**

**Obxectivo a conseguir:** Avanzar nos procesos de mellora da coordinación docente

**Responsable do obxectivo**  
Equipo Decanal,  
Coordinadores dos títulos de  
Grao

**Data inicio:** Setembro 2020

**Data fin:** Xullo 2021

**Obxectivo estratéxico relacionado** OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente

**Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

**Indicador/es de medición**

Documento Marco de funcións das diferentes coordinacións

**Meta a conseguir**

Delimitación de funcións e mellora dos procedementos

**Accións de mellora relacionadas**  
**(Código) AM-05**

**ACCION DE MELLORA**

**Código** AM-05

**Orixe** Informes de seguimento GMPE e GMEI

**Ambito de aplicación** Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.

**Análise causa** Necesidade de poñer en marcha instrumentos que faciliten os labores de coordinación a diferentes niveis (título, curso e materia), xa que isto afecta á boa marcha dos procedementos.

**Definición/ descrición proposta:** Unha vez delimitadas as funcións das coordinacións de materia, curso e título dos Graos para evitar duplicidades, implementar instrumentos que faciliten as súas tarefas

**Datas** Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020

**Estado/Eficacia** Estado: Executada. Eficacia: Sí  
Data Estado: Xullo 2021

**Responsables** Equipo Decanal e Coordinadores dos títulos de Grao

**Tarefa1** (AM-05.T1)

**Descrición tarefa:** Implementar instrumentos que faciliten as tarefas de coordinación a diferentes niveis

**Data prevista de finalización:** Xullo 2021

**Responsable:** Coordinadores dos títulos de grao e coordinadores de curso

**Estado** Executada

**Comprobación tarefa**

**Descrición Comprobación**

Durante o curso 2020-2021 procedeuse á posta en marcha das directrices establecidas no Documento Marco de Funcións das Coordinacións e os seus documentos complementarios.

Os coordinadores de curso xestionaron a realización da enquisa de coordinación de materias ao alumnado, ben presencialmente ou ben por medio do Campus Virtual. Os datos das enquisas recolléronse no seus informes finais da marcha do curso e foron trasladados ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título como pola Comisión de Calidade, como fontes de datos para identificar calquera aspecto problemático e propoñer as oportunas accións de mellora. Estas enquisas son ferramentas útiles que continuarán a empregarse cos axustes que sexan precisos.

A listaxe de control para a revisión de programas do curso seguinte (2021-2022) foi empregada polos coordinadores de curso cos axustes precisos tendo en conta os diferentes escenarios posibles de docencia. Esta listaxe de control manifestouse como unha ferramenta eficaz para detectar problemas tanto nos propios programas como de necesidades docentes, e tomar as medidas oportunas.

As táboas para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc. desenvolvidas en cada curso foron elaboradas polas coordinacións dos títulos de Grao para facilitar e sistematizar a recollida de datos sobre as mesmas por parte dos coordinadores de curso (datos que á súa vez estes reflicten nos seus informes finais). Os datos recollidos destas actividades forman parte do informe de execución do Plan FORTE-FFP, informe analizado e avaliado positivamente na reunión da Comisión de Calidade celebrada o [22 de decembro de 2021](#).

O protocolo de cambios de grupo interactivo non puido levarse á práctica no curso 2020-2021 porque as limitacións de postos nas aulas derivadas da impartición da docencia no escenario 2 non permitían facer cambios nos grupos agás en casos excepcionais. Agárdase poder poñelo en práctica en canto se recuperen as condicións de plena presencialidade sen restricións.

**Data comprobación:** Abril 2022

**Incidencias:** -

**Axustes/Novas tarefas:** -

## AM-06

**Obxectivo a conseguir:** Mellorar a organización do Prácticum

**Responsable do obxectivo:**  
Coordinador Xeral do Prácticum

**Data inicio:** Setembro 2020

**Data fin:** Xullo 2021

**Obxectivo estratéxico relacionado** OE06 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum.

**Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

**Indicador/es de medición**

Reunións de equipos de coordinación, listaxe de asignación de centros de prácticas

**Meta a conseguir**

Mellorar protocolos de organización do Prácticum

**Accións de mellora relacionadas (Código) AM-06**

| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>  |   |
|---|---|
| <b>Código</b>   | AM-06   |
| <b>Orixe</b>  | Informes de Seguimento do GMEI e GMEP   |
| <b>Ambito de aplicación</b>   | Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.   |
| <b>Análise causa:</b>   | Necesidade de mellorar os protocolos de organización do Prácticum dos Graos   |
| <b>Definición/descrición proposta:</b>  | Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum dos Graos; garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6 do Grao de Infantil; buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum dos Graos ao profesorado idóneo; mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre as coordinacións do Prácticum da FFP e a FCE |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020   |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Executada. Eficacia: Sí<br>Data Estado: Xullo 2021  |
| <b>Responsables</b>   | Coordinadores xerais dos Prácticums (FFP e FCE)   |
| <b>Tarefa1 (AM-06.T1)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>   | Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum dos Graos  |
| <b>Data prevista de finalización:</b>   | Xullo 2021  |
| <b>Responsable:</b>   | Coordinador Xeral do Prácticum  |
| <b>Estado</b>   | Executada   |
| <b>Comprobación tarefa</b>  |   |
| <b>Descrición Comprobación</b>  |   |
| Dende as coordinacións do prácticum leváronse a cabo diversas actuacións e iniciativas encamiñadas a mellorar a formación do profesorado supervisor, ao establecemento de sesións organizativas, á elaboración do calendario do prácticum en colaboración co profesorado supervisor, así como á preparación das liñas de actuación do Prácticum I do Grado de Mestra/e en Educación Infantil para o curso 20/21.  |   |
| <b>Data comprobación:</b>   | Abril 2022  |
| <b>Incidencias:</b>   | -   |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b>   | -   |
| <b>Tarefa2 (AM-06.T2)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>   | garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6 do Grao de Infantil  |
| <b>Data prevista de finalización:</b>   | Xullo 2021  |
| <b>Responsable:</b>   | Coordinador Xeral do Prácticum  |
| <b>Estado</b>   | Executada   |
| <b>Comprobación tarefa</b>  |   |
| <b>Descrición Comprobación</b>  |   |
| No Plan Xeral do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao da FFP-Lugo, aprobado en Xunta de Facultade o 17 de xuño de 2021, concretamente no seu apartado 5.7 "Papel dos centros educativos e a súa relación coa Facultade", establécese que no que respecta á Educación infantil o prácticum se poderá realizar nun ou nos dous ciclos das ensinanzas de educación infantil (Orde ECI/3854/2007). Dende ambas Facultades, instase a que o alumnado curse o seu prácticum tanto no ciclo 0-3 coma no 3-6. Como se pode observar no ANEXO III do citado Plan Xeral de Prácticum da FFP-Lugo, existen centros colaboradores estables nos que poder realizar as prácticas en ambos ciclos. |   |
| <b>Data comprobación:</b>   | Abril 2022  |
| <b>Incidencias:</b>   | -   |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b>   | -   |
| <b>Tarefa3 (AM-06.T3)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>   | buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum dos Graos ao profesorado idóneo e mellorar a formación deste profesorado   |
| <b>Data prevista de finalización:</b>   | Xullo 2021  |

**Responsable:** Coordinador Xeral do Prácticum**Estado** Executada**Comprobación tarefa****Descrición Comprobación**

Dende as coordinacións do prácticum leváronse a cabo diversas actuacións e iniciativas encamiñadas a mellorar a formación do profesorado supervisor, ao establecemento de sesións organizativas, á elaboración do calendario do prácticum en colaboración co profesorado supervisor, así como á preparación das liñas de actuación do Prácticum I do Grado de Mestra/e en Educación Infantil para o curso 20/21

**Data comprobación:** Abril 2022**Incidencias:** -**Axustes/Novas tarefas:** -**Tarefa4 (AM-06.T4)****Descrición tarefa:** Establecer mecanismos de coordinación intercentros para o Prácticum**Data prevista de finalización:** Xullo 2021**Responsable:** Coordinador Xeral do Prácticum**Estado** Executada**Comprobación tarefa****Descrición Comprobación**

No curso 2020-2021, as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas Facultades traballaron conxuntamente para actualizar, revisar e renovar o Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e de Educación Primaria a fin de establecer mecanismos axeitados de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum na FFP-Lugo e na FCE-Santiago.

Este Protocolo foi aprobado pola Comisión Intercentros o 8 de xuño de 2021, en Xunta de Facultade da FCE o 11 de xuño de 2021 e en Xunta de Facultade da FFP o 17 de xuño de 2021

**Data comprobación:** Abril 2022**Incidencias:** -**Axustes/Novas tarefas:** -**AM-07****Obxectivo a conseguir:** Actualizar o Plan Xeral do Prácticum**Responsable do obxectivo** | **Data inicio:** Setembro 2020 | **Data fin:** Xullo 2021

Coordinador Xeral do Prácticum

**Obxectivo estratéxico relacionado** OE06 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum.**Procesos clave relacionados** PC-02 Planificación das ensinanzas**Indicador/es de medición**

Documento do Plan Xeral do prácticum actualizado

**Meta a conseguir**

Actualización do Plan Xeral do prácticum

**Accións de mellora relacionadas****(Código) AM-7**

| <b>ACCION DE MELLORA</b>                |   |
|---|---|
| <b>Código</b>                           | AM-7  |
| <b>Orixe</b>                            | Informes de Seguimento do GMEI e GMEP   |
| <b>Ambito de aplicación</b>             | Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.   |
| <b>Análise causa:</b>                   | Cómpre actualizar o Plan xeral do Prácticum para axustalo ás características dos Prácticums nas novas edicións dos Graos  |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b> | actualizar o Plan xeral do Prácticum  |
| <b>Datas</b>                            | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020   |
| <b>Estado/Eficacia</b>                  | Estado: Executada; Eficacia: Sí<br>Data Estado: Xullo 2021  |
| <b>Responsables</b>                     | Coordinador xeral do Prácticum  |
| <b>Tarefa1 (AM-07.T1)</b>               |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>               | actualizar o Plan Xeral do Prácticum  |
| <b>Data prevista de finalización:</b>   | Xullo 2021  |
| <b>Responsable:</b>                     | Coordinador Xeral do Prácticum  |
| <b>Estado</b>                           | Executada   |
| <b>Comprobación tarefa</b>              |   |
| <b>Descrición Comprobación</b>          | Na FFP-Lugo realizouse unha adaptación do Plan Xeral do Prácticum, iniciándose a súa elaboración a finais do curso académico 2020/21 por parte da Coordinación Xeral de Prácticum da Facultade, sendo remitido con posterioridade aos membros da Comisión de Prácticum e TFG, para que unha vez feitas as achegas, o documento fose presentado publicamente á Xunta de Facultade para que os seus membros fixeran as propostas de modificación que consideraran oportunas. Este Plan Xeral foi aprobado o 17 de xuño de 2021. |
| <b>Data comprobación:</b>               | Abril 2022  |
| <b>Incidencias:</b>                     | -   |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b>           | -   |

**AM-08**

|  |  |                             |
|--|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Aumentar a participación do alumnado dos Graos en programas de mobilidade                |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo</b><br>Responsable Académico de<br>Mobilidade, Coordinadores<br>Académicos de Intercambios | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020  | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE09 Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.         |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas  |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Número de prazas de mobilidade<br>concedidas  | <b>Meta a conseguir</b><br>Manter ou aumentar o número de prazas de mobilidade<br>concedidas |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br><b>(Código) AM-8</b>   |  |                             |



**ACCIÓN DE MELLORA****Código** AM-8**Orixe** Informes de Seguimento do GMEI e GMEP**Ámbito de aplicación** Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado**Análise causa:** Baixa participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade.**Definición/descrición proposta:** Fomentar a participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade.**Datas** Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020**Estado/Eficacia** Estado: Executada; Eficacia: SÍ  
Data Estado: Xullo 2021**Responsables** Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios**Tarefa1** (AM-08.T1)**Descrición tarefa:** Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polo centro.**Data prevista de finalización:** Xullo 2021**Responsable:** Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios**Estado** Executada**Comprobación tarefa****Descrición Comprobación**

Na FFP-Lugo, ao longo do curso 2020-2021, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto cos coordinadores dos títulos e os coordinadores de curso informaron ao alumnado por medio do Campus Virtual de todas aquelas convocatorias relacionadas coa mobilidade, e trasladaron o material preparado polo Servizo de Relacións Exteriores solucionando as dúbidas plantexadas polo alumnado ou remitindo aos coordinadores de mobilidade correspondentes.

No caso das prazas Erasmus, na FFP-Lugo o alumnado respondeu moi positivamente, cubrindo todas as prazas dispoñibles en universidades de fala inglesa para o curso 21-22, e mesmo quedando alumnado sen praza. Unha razón pola que o alumnado non cubre todas as prazas da categoría de intercambios SICUE é posiblemente de tipo económico.

As prazas de convenio bilateral non contan con tanta demanda entre o alumnado debido a cuestións económicas e a que están suxeitas a máis trámites burocráticos pola súa parte, xa que é o propio alumnado quen debe xestionar a existencia de facultades equivalentes nas universidades con convenio para realizar os seus estudos e a compatibilidade dos plans de estudos.

**Data Comprobación:** Abril 2022**Incidencias:-****Axustes/Novas tarefas:** A acción de mellora reabrirase no curso 2021-2022 para continuar a traballar neste aspecto.**AM-09****Obxectivo a conseguir:** Avanzar nos procesos de mellora da organización docente**Responsable do obxectivo:** Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos**Data inicio:** Setembro 2020**Data fin:** Xullo 2021**Obxectivo estratéxico relacionado** OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente**Procesos clave relacionados** PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas**Indicador/es de medición**  
Informes de coordinación de Título e Curso**Meta a conseguir**  
Mellorar a coordinación entre docentes da mesma materia para contribuir á mellora da calidade da docencia**Accións de mellora relacionadas**  
(Código) AM-9

| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>   |  |
|--|--|
| <b>Código</b>  | AM-9   |
| <b>Orixe</b>   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)  |
| <b>Ámbito de aplicación</b>  | Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.  |
| <b>Análise causa:</b>  | En materias dos Graos impartidas por varios profesores/as pódense producir problemas de coordinación   |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b>  | Detectar e comunicar formalmente ao Decanato e aos departamentos implicados todas as incidencias que se detecten en canto á coordinación entre profesorado da mesma materia. |
| <b>Datas</b>   | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020  |
| <b>Estado/Eficacia</b>   | Estado: Executada; Eficacia: S<br>Data Estado: Xullo 2021  |
| <b>Responsables</b>  | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos   |
| <b>Tarefa1 (AM-09.T1)</b>  |  |
| <b>Descrición tarefa:</b>  | Recollida de incidencias sobre problemas de coordinación docente entre profesorado das mesmas materias   |
| <b>Data prevista de finalización:</b>  | Xullo 2021   |
| <b>Responsable:</b>  | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos   |
| <b>Estado:</b>   | Executada  |
| <b>Comprobación tarefa</b>   |  |
| <b>Descrición Comprobación</b>   |  |
| <p>Na FFP-Lugo, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións especifica, entre as responsabilidades do coordinador de materia, velar pola coordinación da mesma a nivel de contidos, sistema de avaliación e actividades programadas, así como garantir a homoxeneización na programación e a coordinación na impartición da materia. Correspóndelle, polo tanto, en primeira instancia ao coordinador de materia asegurar a coordinación docente en materias compartidas.</p> <p>As enquisas de satisfacción do alumnado coa coordinación de materias de cada semestre contemplan ítems específicos para identificar problemas de coordinación docente en materias compartidas. Os resultados das enquisas no curso 20-21, e os datos recollidos polos coordinadores de curso trasladáronse ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título como pola Comisión de Calidade, para identificar posibles problemas e propoñer as oportunas accións de mellora. Informouse á Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das súas competencias, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.</p> <p>No curso 2020-2021 non se detectaron incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP.</p> |  |
| <b>Data comprobación:</b>  | Abril 2022   |
| <b>Incidencias:</b>  | -  |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b>  | -  |
| <b>Tarefa2 (AM-09.T2)</b>  |  |
| <b>Descrición tarefa:</b>  | Traslado de incidencias ao Decanato e aos departamentos sobre problemas de coordinación docente entre profesorado das mesmas materias para que se resolvan o antes posible   |
| <b>Data prevista de finalización:</b>  | Xullo 2021   |
| <b>Responsable:</b>  | Coordinadores dos títulos de Grao, Coordinadores de cursos   |
| <b>Estado</b>  | Executada  |
| <b>Comprobación tarefa</b>   |  |
| <b>Descrición Comprobación</b>   |  |
| <p>Unha vez aplicados os procedementos de detección de incidencias a este respecto previstos na FFP, no curso 2020-2021 non se detectaron incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP.</p>  |  |

|                                      |
|--------------------------------------|
| <b>Data comprobación:</b> Abril 2022 |
| <b>Incidencias:</b> -                |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b> -      |

**AM-10**

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Axustar a información dos programas das materias dos Graos ás Memorias Verificadas dos Títulos. |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b> Coordinadores dos títulos de Grao, Vicedecano  | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020  | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente                         |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-02 Planificación das ensinanzas   |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Informes de coordinación de Título e Curso   | <b>Meta a conseguir</b><br>Axustar a información dos programas das materias dos Graos ás Memorias Verificadas dos Títulos. |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br><b>(Código) AM-10</b>   |  |                             |

**ACCION DE MELLORA**

|   |   |
|---|---|
| <b>Código</b>   | AM-10   |
| <b>Orixe</b>  | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)   |
| <b>Ambito de aplicación</b>   | Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.   |
| <b>Análise causa:</b>   | Necesidade de analizar o axuste entre a información dos programas das materias dos Graos publicados na web e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos.   |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b>   | Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información dos programas das materias dos Graos publicados na web, así como entre estes e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos. |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020   |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Executada; Eficacia: Sí<br>Data Estado: Xullo 2021  |
| <b>Responsables</b>   | Coordinadores dos títulos de Grao, Vicedecano   |
| <b>Tarefa1 (AM-10.T1)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>   | Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información dos programas das materias dos Graos publicados na web, así como entre estes e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos. |
| <b>Data prevista de finalización:</b>   | Xullo 2021  |
| <b>Responsable:</b>   | Coordinadores dos títulos de Grao, Vicedecano   |
| <b>Estado</b>   | Executada   |
| <b>Comprobación tarefa</b>  |   |
| <b>Descrición Comprobación</b>  |   |
| Esta acción de mellora executouse parcialmente por mor das circunstancias derivadas da crise sanitaria da Covid-19 Na FFP-Lugo, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións establece como responsabilidade dos coordinadores de materia verificar o cumprimento da programación en relación ás fichas da Memoria Verificada do Título (MVT) e solucionar as desviacións detectadas. Asimesmo, o documento contempla como función dos coordinadores de curso instar ao profesorado responsable das materias a elaborar as súas programacións consonte ás Memorias Verificadas dos Títulos. As comisións de título supervisan os axustes entre programas e Memorias, pero os programas son previamente aprobados polos departamentos con encargo docente. Polo tanto, os axustes entre |   |

os programas e as fichas das materias na MVT deben ser abordados en primeira instancia polos docentes responsables e os seus departamentos, e calquera desviación a ese respecto debería ser detectada nesa fase. En calquera caso, desde o centro cómpre poñer en marcha mecanismos para a comprobación sistemática e detección temperá de posibles desviacións entre as fichas das materias na MVT e os programas, por medio das correspondentes accións de mellora.

En canto aos posibles axustes que sexa aconsellable realizar nas propias fichas con respecto aos programas (subsanción de erros, actualizacións derivadas do propio avance do coñecemento, das necesidades reais da aula ou do replantexamento das competencias desenvolvidas), esta cuestión non se puido abordar polo momento por mor da priorización de actividades derivada da situación de emerxencia sanitaria causada polo COVID-19.

Polo que respecta á normativa de programación docente e os programas das materias, a través das coordinacións de curso dase conta dos desaxustes que se detecten nos informes de revisión de programas elaborados anualmente. Os coordinadores de curso contactan co profesorado das materias para solucionar pequenos erros ou omisións, e trasladan os seus informes ao coordinador de título, o cal fai un seguimento da coordinación en representación da comisión de título, que é a encargada do seguimento de acordo co proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de Procesos da FFP, e que actúa no caso de detectarse desviacións importantes. Os datos sobre as revisións dos programas forman parte do informe anual que o coordinador de Título elabora para a súa análise pola Comisión de Título á hora de preparar o informe de seguimento e para a Xunta de Facultade, entre cuxas competencias se atopa, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

Todos os datos correspondentes á revisión de programas realizada durante o curso 2020-2021 pódense atopar na Adenda ao Informe de Acreditación do Título da FFP que se adxunta ao propio informe.

**Data comprobación:** Abril 2022

**Incidencias:** -

**Axustes/Novas tarefas:**

Esta acción de mellora executouse parcialmente por mor das circunstancias derivadas da crise sanitaria da Covid-19. Programáronse novas tarefas para detectar e rexistrar desaxustes entre programas e fichas das materias na MVT para o curso 2021-2022.

## AM-11

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Mellorar a organización do Prácticum  |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b><br>Coordinador Xeral do Prácticum, Profesorado supervisor                                    | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020  | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE06 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum.                              |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas   |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Alomenos dous contactos entre cada titor dos centros de prácticas e cada supervisor da FFP | <b>Meta a conseguir</b><br>Manter os contactos mínimos cos titores externos do prácticum |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br><b>(Código) AM-11</b>   |  |                             |

| <b>ACCION DE MELLORA</b>  |   |
|---|---|
| <b>Código</b>   | AM-11   |
| <b>Orixe</b>  | Informes de Seguimento do GMEI e GMEP   |
| <b>Ambito de aplicación</b>   | Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.   |
| <b>Análise causa:</b>   | Malia aos avances realizados, cómpre mellorar a coordinación entre a Facultade e os colexios colaboradores. A dispersión dos centros de prácticas e a cantidade de alumnado da titulación dificulta a adecuada relación coas institucións onde se realizan as prácticas |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b>   | Establecer contacto cos titores externos do Prácticum dos Graos antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas.  |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020   |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Executada; Eficacia: Sí<br>Data Estado: Xullo 2021  |
| <b>Responsables</b>   | Coordinador xeral do Prácticum, profesorado supervisor  |
| <b>Tarefa1 (AM-11.T1)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>   | Establecer contacto cos titores externos do Prácticum dos Graos antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas.  |
| <b>Data prevista de finalización:</b>   | Xullo 2021  |
| <b>Responsable:</b>   | Coordinador Xeral do Prácticum, profesorado supervisor  |
| <b>Estado</b>   | Executada   |
| <b>Comprobación tarefa</b>  |   |
| <b>Descrición Comprobación</b>  |   |
| <p>Na FFP-Lugo, nas guías docentes dos Prácticums da titulación déixase constancia dos contactos que deben establecer os supervisores da Facultade e os titores externos do Prácticum, a frecuencia e os medios para facelo. Os contactos establécense asimismo no Plan Xeral do Prácticum e no Protocolo Intercentros. En ambos Prácticums o alumnado entrega unha carta dos supervisores aos titores na que se lles proporciona orientación sobre as tarefas que o alumnado debería realizar durante a súa estadía e mais os datos de contacto de cada supervisor. A entrega desta carta ao profesorado titor está tamén establecida no Plan Xeral do Prácticum. Cómpre ter en conta que a escasa asignación de horas por estudante supervisado dificulta as visitas aos centros de prácticas.</p> <p>Os contactos mínimos cos titores do Prácticum están protocolizados no Plan Xeral do Prácticum, renovado no curso 2020-2021. Porén, para incrementar ese contacto propúxose como acción de mellora executada no curso 2020-2021 na FFP-Lugo a organización dun foro de titores (AM-MP-13).</p> |   |
| <b>Data comprobación:</b>   | Abril 2022  |
| <b>Incidencias:</b>   | -   |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b>   | -   |

## AM-12

|  |  |                             |
|--|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Fomentar procesos de mellora da calidade do Prácticum              |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b><br>Coordinador Xeral do Prácticum                               | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020  | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE06 Mellorar o protocolo de organización do Prácticum. |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas                          |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Foro de intercambio entre a FFP e os centros de prácticas     | <b>Meta a conseguir</b><br>Organización dun foro de intercambio de experiencias entre supervisores da facultade e os titores externos do Prácticum |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-12</b>  |  |                             |

| ACCIÓN DE MELLORA  |   |
|--|---|
| <b>Código</b>  | AM-12   |
| <b>Orixe</b>   | Informes de Seguimento do GMEI e GMEP   |
| <b>Ambito de aplicación</b>  | Directriz 2: deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.   |
| <b>Análise causa:</b>  | Cómpre recoller información sobre o desenvolvemento das prácticas nos centros para axustar e mellorar os procesos formativos do Prácticum |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b>  | Crear un foro de intercambio de experiencias entre os supervisores da facultade e os titores externos do Prácticum                        |
| <b>Datas</b>   | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020   |
| <b>Estado/Eficacia</b>   | Estado: Executada; Eficacia: Sí<br>Data Estado: Xullo 2021  |
| <b>Responsables</b>  | Coordinador xeral do Prácticum  |
| <b>Tarefa1 (AM-12.T1)</b>  |   |
| <b>Descrición tarefa:</b>  | Crear un foro de intercambio de experiencias entre os supervisores da facultade e os titores externos do Prácticum                        |
| <b>Data prevista de finalización:</b>  | Xullo 2021  |
| <b>Responsable:</b>  | Coordinador Xeral do Prácticum  |
| <b>Estado</b>  | Executada   |
| <b>Comprobación tarefa</b>   |   |
| <b>Descrición Comprobación</b>   |   |
| <p>Creouse un foro de intercambio de experiencias cos titores externos do Prácticum. A conveniencia de recoller información sobre o desenvolvemento das prácticas nos centros para axustar e mellorar os procesos formativos do Prácticum motivou a creación deste foro de intercambio. A xornada, organizada pola coordinadora xeral do Prácticum da FFP, foi anunciada ao profesorado supervisor xunto cun avance da súa temática e estrutura, e desenvolveuse o 19 de xuño de 2021.</p> <p>O Protocolo Intercentros e o Plan Xeral do Prácticum recollen a recomendación de poñer en marcha de xeito bianual iniciativas formativas deste tipo, encamiñadas a fomentar a colaboración entre a Facultade e os centros de prácticas. Polo tanto, a organización da seguinte actividade estaría prevista para o curso académico 2022-2023.</p> |   |
| <b>Data comprobación:</b>  | Abril 2022  |
| <b>Incidencias:</b>  | -   |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b>  | -   |

## AM-13

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Apoiar metodoloxías educativas que integren proxectos de ApS e TICs           |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo</b><br>Coordinadores dos títulos de Grao  | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020  | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE01 Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas                                     |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Proxectos concedidos   | <b>Meta a conseguir</b><br>Concesións de proxectos relacionados con ApS e TICs |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br>(Código) AM-13  |  |                             |

| ACCIÓN DE MELLORA  |  |
|--|--|
| <b>Código</b>  | AM-13  |
| <b>Orixe</b>   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMPE)                            |
| <b>Ámbito de aplicación</b>  | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| <b>Análise causa:</b> Conveniencia de promover a participación do profesorado dos Graos nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS).   |  |
| <b>Definición/descrición proposta:</b> Adoptar metodoloxías educativas nos Graos que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento.   |  |
| <b>Datas</b>   | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020                                    |
| <b>Estado/Eficacia</b>   | Estado: Executada; Eficacia: Sí<br>Data Estado: Xullo 2021                         |
| <b>Responsables:</b> Coordinadores dos títulos de Grao   |  |
| <b>Tarefa1 (AM-13.T1)</b>  |  |
| <b>Descrición tarefa:</b> Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS).   |  |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2021   |  |
| <b>Responsable:</b> Coordinadores dos títulos de Grao  |  |
| <b>Estado</b> Executada  |  |
| <b>Comprobación tarefa</b>   |  |
| <b>Descrición Comprobación</b>   |  |
| <p>Na FFP-Lugo, desde o Decanato infórmase ao profesorado das convocatorias que se organizan a este respecto. Porén, na convocatoria do curso 20-21 non se presentou ningún docente desta Facultade. Unha posible causa pode ser as circunstancias derivadas da pandemia da Covid-19, que obrigaron a facer modificacións na docencia para ser impartida de xeito semipresencial, o cal levou aparellado un aumento da carga de traballo do profesorado e impediu a posta en marcha de proxectos ou iniciativas que se desenvolven presencialmente.</p> <p>Debido á situación de pandemia derivada do COVID-19, no curso 2020-21 tan só se concederon 4 proxectos ApS na súa modalidade A (proxectos emerxentes), como se pode comprobar na web <a href="https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/ceta/innovacion/aps/documentos/05-aps-2020-11-05-definitiva-proxectos-concedidos.pdf">https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/ceta/innovacion/aps/documentos/05-aps-2020-11-05-definitiva-proxectos-concedidos.pdf</a> .</p> <p>Non obstante, esta tarefa reabrirase para o curso 2021-2022 onde se informará das convocatorias oficiais publicadas pola Vicerreitoría de Organización Académica e onde algúns docentes da FFP e FCE xa manifestaron o seu interese en participar en proxectos ApS.</p> |  |

**Data comprobación:** Abril 2022**Incidencias:** -**Axustes/Novas tarefas:**

A acción de mellora reabrirase para o curso 2021-2022.

**Tarefa2 (AM-13.T2)****Descrición tarefa:** Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalguna das diferentes modalidades establecidas na convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC**Data prevista de finalización:** Xullo 2021**Responsable:** Coordinadores dos títulos de Grao**Estado** Executada**Comprobación tarefa****Descrición Comprobación**

Esta tarefa non puido completarse xa que non consta o anuncio dunha convocatoria para este tipo de proxectos no curso 2020-2021, pero prorrogouse a realización dalgúns iniciados en 2019-2020.

**Data comprobación:** Abril 2022**Incidencias:** -**Axustes/Novas tarefas:**

A acción de mellora reabrirase para o curso 2021-2022.

**AM-14**

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Mellorar o itinerario formativo do Dobre Grao                           |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b> Equipo Decanal   | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020  | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-02 Planificación das ensinanzas                                 |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Cambios na localización de materias no itinerario do Dobre Grao    | <b>Meta a conseguir</b><br>Cambios na localización de materias no itinerario do Dobre Grao |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-14</b>   |  |                             |

**ACCIÓN DE MELLORA**

|   |  |
|---|--|
| <b>Código</b>   | AM-14  |
| <b>Orixe</b>  | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMPE)                            |
| <b>Ámbito de aplicación</b>   | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| <b>Análise causa:</b> Necesidade de mellorar o itinerario formativo do dobre grao procedendo ao cambio de curso de certas materias  |  |
| <b>Definición/descrición proposta:</b> Cómpre proceder ao cambio de curso de certas materias dos Graos de Primaria e Infantil no itinerario do Dobre Grao para asegurar unha aprendizaxe progresiva e facilitar o acceso a bolsas por parte do alumnado |  |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020                                    |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Executada; Eficacia: Sí<br>Data Estado: Xullo 2021                         |
| <b>Responsables:</b> Equipo Decanal   |  |



**Tarefa1 (AM-14.T1)****Descrición tarefa:**

Proceder ao cambio de curso das materias seguintes do Título de Primaria, previa solicitude á Vicerreitoría de Titulacións.

G3151223 Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas: Inglés (do 2º semestre do 3º curso ao 2º semestre do 2º curso)

G3151223 Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas: Francés (do 2º semestre do 3º curso ao 2º semestre do 2º curso)

G3151424 Traballo Fin de Grao (do 2º semestre de 4º curso ao 2º semestre de 5º curso)

**Data prevista de finalización:** Xullo 2021

**Responsable:** Equipo Decanal

**Estado** Executada

**Comprobación tarefa****Descrición Comprobación**

Na FFP-Lugo fixéronse as oportunas xestións para realizar os cambios pertinentes, que foron aprobados en Consello de Goberno celebrado o 29 de decembro de 2020, e que se fixeron efectivos no curso 2020-2021.

**Data comprobación:** Abril 2022

**Incidencias:** -

**Axustes/Novas tarefas:** -

**Tarefa 2 (AM-14.T2)**

**Descrición tarefa:** Proceder ao cambio de curso de materias do Título de Infantil, previa solicitude á Vicerreitoría de Titulacións.

G3131203 Organización e xestión na aula (do 1º semestre de 3º ao 1º semestre de 2º)

G3131222 Aprendizaxe da lingua oral (do 1º semestre de 2º ao 1º semestre de 3º)

G3131324 Ed. visual e plástica. Contextos e procesos artísticos (do 2º semestre de 3º curso ao 2º semestre do 2º curso)

G3151328 Música na educación primaria (do 2º semestre de 2º curso ao 2º semestre do 3º curso)

**Data prevista de finalización:** Xullo 2021

**Responsable:** Equipo Decanal

**Estado** Executada

**Comprobación tarefa****Descrición Comprobación**

Na FFP-Lugo fixéronse as oportunas xestións para realizar os cambios pertinentes, que foron aprobados en Consello de Goberno celebrado o 29 de decembro de 2020, e que se fixeron efectivos no curso 2020-2021.

**Data comprobación:** Abril 2022

**Incidencias:** -

**Axustes/Novas tarefas:** -

## AM-15

|   |   |                             |
|---|---|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Potenciar as accións de orientación académica do alumnado   |   |                             |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE03. Mellorar a dotación e infraestruturas de recursos e tecnoloxías nos diferentes espazos da Facultade. |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PE-02 Revisión e mellora   |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Número de reunións organizadas a través de ferramentas virtuais  | <b>Meta a conseguir</b><br>Favorecer a participación dos diferentes colectivos ás reunións programadas |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-30</b>   |  |                             |

|  |   |
|--|---|
| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>   |   |
| <b>Código</b>  | AM-30   |
| <b>Orixe</b>   | Proposta de mellora   |
| <b>Ambito de aplicación</b>  | Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos |
| <b>Análise causa:</b> A pandemia causada pola Covid-19 provocou a celebración das reunións de forma telemática, o cal supuxo vantaxes como incrementar o número de reunións e tamén a asistencia ás reunións. Este último aspecto contribuíu a mellorar o traballo en equipo e a un mellor coñecemento do labor desenvolvido polas diferentes comisións.   |   |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b> Proponse manter o uso de ferramentas virtuais para celebrar as reunións  |   |
| <b>Datas</b>   | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020                               |
| <b>Estado/Eficacia</b>   | Estado: Executada; Eficacia: sí<br>Data Estado: Xullo 2021                    |
| <b>Responsables</b> Equipo Decanal   |   |
| <b>Tarefa 1 (AM.30-T1)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b> Uso dos recursos virtuais para a organización e celebración das reunións de comisións e outros órganos   |   |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2021   |   |
| <b>Responsable:</b> Equipo decanal   |   |
| <b>Estado:</b> Executada   |   |
| <b>Comprobación tarefa</b>   |   |
| <b>Descrición Comprobación:</b><br>A partir do 28/04/2020 comezaron as sesións virtuais por mor da pandemia que continuaron despois facéndose de xeito presencial e virtual de forma simultánea. As sesións realízanse a través da plataforma institucional Ms TEAMS, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no "Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC" (publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020). O uso de ferramentas virtuais para celebrar reunións de comisións e outros órganos contribuíu, sen lugar a dúbida, a fomentar unha maior asistencia e participación de PAS e PDI sexan membros ou non delas (convídase a todo o PAS e PDI ás Xuntas de Facultade). A listaxe de asistencia que figura nas distintas actas dan conta da asistencia e participación en ditas sesións. |   |
| <b>Data Comprobación:</b> Abril 2022   |   |
| <b>Incidencias:</b> -  |   |

**Axustes/Novas tarefas:** proponse manter soamente no caso das reunións das comisións durante o curso 2021-22

## AM-31

|   |   |                             |
|---|---|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir: Mellorar a información pública dispoñible da facultade</b>                              |   |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b><br>Equipo Decanal  | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020   | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE12. Manter actualizada a páxina web da Facultade.                      |   |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PS-06 Información pública e PS-03 Xestión documental                           |   |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Accesibilidade á información relacionada coa organización académica e calidade | <b>Meta a conseguir</b><br>Facilitar a localización da información na páxina web da facultade |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br>(Código) AM-31  |   |                             |

|  |  |
|--|--|
| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>   |  |
| <b>Código</b>  | AM-31  |
| <b>Orixe</b>   | Proposta de mellora  |
| <b>Ambito de aplicación</b>  | Directriz 6. Información pública                           |
| <b>Análise causa:</b> A web da FFP mantivo sempre actualizada a información da web; non obstante, os valores de satisfacción coa información pública dispoñible son mellorables. Isto promove a mellora na accesibilidade á información dispoñible tanto para os estudantes como para a comunidade universitaria |  |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b> Introducir cambios na web que permitan localizar a información dunha forma máis intuitiva e mantela actualizada con respecto ás actas de diferentes comisións.   |  |
| <b>Datas</b>   | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020            |
| <b>Estado/Eficacia</b>   | Estado: Executada; Eficacia: sí<br>Data Estado: Xullo 2021 |
| <b>Responsables</b> Equipo Decanal   |  |
| <b>Tarefa 1 (AM.31-T1)</b>   |  |
| <b>Descrición tarefa:</b> Mellorar a visualización dos horarios na web da facultade  |  |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2021   |  |
| <b>Responsable:</b> Equipo decanal   |  |
| <b>Estado:</b> Executada   |  |
| <b>Comprobación tarefa</b>   |  |
| <b>Descrición Comprobación:</b><br>Os horarios foron incorporados á nova páxina web da Facultade que foi implantada pola USC. Intercambiáronse varios correos electrónicos con suxestións de mellora á páxina web e aplicación móbil.  |  |
| <b>Data Comprobación:</b> Abril 2022   |  |
| <b>Incidencias:</b> -  |  |
| <b>Axustes/Novas tarefas:</b> manter para o curso 2021-22  |  |
| <b>Tarefa 2 (AM.31-T2)</b>   |  |
| <b>Descrición tarefa:</b> Poñer á disposición as actas comisión de calidade, títulos e intercentros  |  |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2021   |  |
| <b>Responsable:</b> Equipo decanal   |  |

**Estado:** Executada**Comprobación tarefa****Descrición Comprobación:**

As actas da comisión de calidade, títulos e intercentros foron incorporadas á nova páxina web da Facultade que foi implantada pola USC.

Intercambiáronse varios correos electrónicos con suxestións de mellora á páxina web e aplicación móbil.

**Data Comprobación:** Abril 2022**Incidencias:** -**Axustes/Novas tarefas:** manter para o curso 2021-22**AM-32**

|  |  |                             |
|--|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Mellorar as condicións e o desenvolvemento profesional do PDI da facultade   |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b><br>Equipo decanal   | <b>Data inicio:</b> Setembro 2020  | <b>Data fin:</b> Xullo 2021 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente. OE15 Aumentar o número de PDI en prazas estables, en función da súa acreditación. |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PS-01 Xestión dos recursos humanos  |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Número de docentes estables a tempo completo  | <b>Meta a conseguir</b><br>Incrementar el número de docentes estables a tempo completo |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-32</b>  |  |                             |

**ACCIÓN DE MELLORA**

|   |  |
|---|--|
| <b>Código</b>   | AM-32  |
| <b>Orixe</b>  | Proposta de mellora  |
| <b>Ámbito de aplicación</b>   | Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos   |
| <b>Análise causa:</b>   | Necesidade de profesorado permanente e con dedicación a tempo completo   |
| <b>Definición/descrición proposta:</b>  | aumentar o profesorado permanente contribuiría ao recoñecemento e aplicación do desconto por horas docentes equivalentes ao profesorado                                      |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2021; Inicio: Setembro 2020  |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Executada; Eficacia: Non<br>Data Estado: Xullo 2021  |
| <b>Responsables</b>   | Equipo decanal   |
| <b>Tarefa1 (AM.32-T1)</b>   |  |
| <b>Descrición tarefa:</b>   | establecer contactos coas instancias pertinentes para buscar solucións á carencia e precariedade do profesorado e aumentar o número de docentes permanentes a tempo completo |
| <b>Data prevista de finalización:</b>   | Xullo 2021   |
| <b>Responsable:</b>   | Equipo decanal   |
| <b>Estado:</b>  | Executada  |
| <b>Comprobación tarefa</b>  |  |
| <b>Descrición Comprobación:</b>   |  |
| O tema do desenvolvemento profesional do profesorado e cursos recollidos foron tratados en Xunta de Facultade, tal como se reflicte nas seguintes actas da Xunta de Facultade: Acta 425 (p. 17), acta 427 (p. 5), acta 428 (p. 16), e acta 434 (p.9). |  |

**Data Comprobación:** Abril 2022**Incidencias:** -**Axustes/Novas tarefas:** -**Tarefa 2 (AM.32-T2)****Descrición tarefa:** Dar preferencia nas condicións de traballo aos coordinadores de curso con respecto aos horarios para compensar a falta de recoñecemento das HDEs**Data prevista de finalización:** Xullo 2021**Responsable:** Equipo decanal**Estado:** Executada**Comprobación tarefa****Descrición Comprobación:**

A preferencia nas condicións (materiais) de traballo ofrecida aos coordinadores de curso con respecto aos horarios foron comunicadas en Xunta de Facultade, tal como se recolle nas actas correspondentes: Acta 427 (11 febreiro 2021), acta 431 (29 setembro 2021), acta 432 (15 outubro 2021), e acta 433 (11 novembro 2021).

**Data Comprobación:** Abril 2022**Incidencias:** -**Axustes/Novas tarefas:** -

## D1.B. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Polo que respecta ao **Sistema de Garantía de Calidade**, a implantación do SGC no ano 2011 posibilitou o desenvolvemento do traballo no centro nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. Neste senso, cómpre deixar constancia de que, en setembro do 2018, aprobouse a modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un manual do sistema para os centros, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais simplificados. Pola súa banda, o novo mapa de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos, 5 procesos clave e 6 procesos de soporte. O [Manual do Sistema de Garantía de Calidade](#) está dispoñible na páxina web da facultade, visible para calquera persoa interesada.

No curso 2020-21, intentouse avanzar coa acción de mellora **AM-24** encamiñada a fomentar e aumentar a representación do alumnado nas diferentes comisións e órganos colexiados. Dende o equipo decanal animouse ao alumnado a participar nos órganos de goberno, tanto a nivel de Facultade como de Universidade. Celebrouse unha reunión vía Teams na que participaron 11 delegados e delegadas dos graos. Dende o equipo decanal informouse ao alumnado do procedemento electoral, da importancia de participar, e se lle aclararon dúbidas que tiñan ao respecto (ver acta número 434 da Xunta de Facultade de 22 de decembro de 2021). A medida non foi eficaz, probablemente debido a unha grande desafección por parte do alumnado, polo que é necesario establecer medidas para o seguinte curso. Consonte as recomendacións realizadas no SGC, propónse a continuidade desta acción de mellora (**AM-16**, 2021-22).

En canto á acción de mellora **AM-25** do curso 2020-21 (modificar a composición da Comisión de Calidade para mellorar a súa operatividade e darlle máis presenza ao alumnado), esta acción executouse de forma eficaz. No curso 2020-21 aprobouse a nova composición da comisión de calidade, que implicou unha redución significativa do número de membros do PDI (pasou de 22 a 13 membros) e un incremento da participación do alumnado (pasou de 1 a 2 representantes). Cabe destacar que, debido á situación de crise sanitaria derivada da pandemia do Covid-19, as eleccións de representantes do alumnado nos órganos de goberno para o curso 2020-21 se paralizaron, e retomáronse para o seguinte curso. Esta acción de mellora manterase para o curso 2021-22 (**AM-17**).

### D1.C. COORDINACIÓN DE CENTROS QUE IMPARTEN OS MESMOS TÍTULOS

Con respecto aos títulos que se imparten en varios centros da universidade, é preciso valorar se as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.

Os títulos do Grao de Primaria e Infantil e o Mestrado MPES impártense en dous centros da USC: a Facultade de Formación do Profesorado de Lugo (FFP-Lugo) e a Facultade de Ciencias da Educación de Santiago (FCE-Santiago). Estes centros procuran a maior coordinación posible das accións realizadas como consecuencia da implantación do SGC. O seguimento e revisión dos títulos (igual que o seu deseño e, no seu caso, extinción), desenvólvense conforme aos procesos do SGC da Facultade coordinadora (FCE-Santiago no caso do MPES, e no caso dos Graos a titulación está adscrita aos dous centros); a xestión académica (preinscrición, matrícula, emisión de certificados, etc.) realízase consonte ás mecánicas establecidas en cada un dos centros que, pertencendo ambos á mesma Universidade, son moi similares. Por último, as accións de mellora que se deseñan no marco do SGC e afectan directamente a estes títulos aplícanse nos dous centros.

As accións concretas levadas a cabo dentro da coordinación intercentros méncionanse na Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, no apartado de Guías Docentes e Coordinación (**D2.C**).

### D1.D. MECANISMOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN: SATISFACCIÓN, QUEIXAS, NECESIDADES, ETC.

Finalmente, cómpre valorar a adecuación e eficacia dos **mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese**. O proceso institucional da USC *PI-08, Satisfacción, expectativas e necesidades*, establece o procedemento de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade, pola súa parte, completa esta información recollida a nivel institucional por medio de reunións con axentes dos grupos de interese (estudantes, profesorado, coordinadores de curso, titores de Prácticum), ou mediante a elaboración de comunicacións escritas enviadas polos delegados do alumnado aos coordinadores dos diferentes cursos ou do título no caso dos Graos dando conta de posibles incidencias, queixas, suxestións ou necesidades. Esta información, xunto coa procedente dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a derivada de queixas, reclamacións e suxestións formais dirixidas á OAR, conforma a base sobre a que se fai o seguimento anual do SGC e dos programas formativos. Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recolle información mediante enquisas son suficientes.

Os índices de satisfacción dos diferentes grupos de interese é en xeral positivo, e o que require unha atención especial é manter uns niveis de participación significativos e tratar de aumentalos en certos grupos, especialmente o dos egresados. Así, por exemplo, nos **Graos de Infantil e o de Primaria**, con respecto á satisfacción do alumnado coa docencia recibida, a participación global na enquisa foi do 43.04% no Grao de Infantil e do 46.58% no de Primaria. Aínda que o alumnado é informado da posta en marcha destas enquisas e animado a participar por medio de mensaxes que envía a propia Área de Calidade, tanto desde as coordinacións de título como desde as de curso ínstase ao alumnado a participar nelas por medio de avisos enviados a través do campus virtual e comunicacións verbais dos coordinadores de curso ao alumnado. Polo que concirne á enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, as porcentaxes de resposta mantéñense en niveis similares (ou lixeiramente superior no Grao de Infantil) ás do curso anterior, sendo do 50.98% no Grao de Infantil e do 45.76% no de Primaria. Con respecto ao grao de satisfacción do persoal de administración e servizos, na enquisa da FFP-Lugo obtívose unha puntuación de 4 sobre 5 o que reflicte un nivel de satisfacción elevado. En canto á enquisa de satisfacción dos egresados, obtívose unha puntuación de 3,39 nos graos de Infantil e de Primaria. Cómpre sinalar que o contacto cos egresados faise desde a Área de Calidade, e desde a Facultade non resulta sinxelo contactar cos mesmos unha vez que o alumnado remata os seus estudos.

No **MPES** a enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida contou cunha participación do 46.67% (sendo a media global coa Facultade de Ciencias da Educación do 50%).

No caso das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida tivo unha participación do 61,54%. No caso dos egresados, a información dispoñible é relativa aos egresados de titulacións de Máster da Universidade de Santiago de Compostela en xeral (número de convidados que egresaron no 1º semestre: 165, número de convidados que egresaron no 2º semestre: 962). O único dato específico é o relativo á participación dos egresados do máster nesta consulta: dos que egresaron no 1º semestre participou o 3,45% no campus de Lugo e o 17,24% no campus de Santiago; dos que o realizaron no 2º semestre participou o 8,48% no campus de Lugo e o 12,73% no campus de Santiago.

No **MDAEN**, na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia participou o 26.92 %, o que supón unha lixeira subida na participación con respecto ao curso anterior. No caso das enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida obtívose unha participación do 47.62%. Dentro do MDAEN, a acción de mellora **AM-21** para o curso 2020-2021 céntrase precisamente en aumentar a participación do alumnado nas enquisas de avaliación do título. No curso 2020-21 os estudantes elaboraron un cuestionario propio no que deron unha resposta moi pormenorizada da impresión que lles causou o MDAEN. A participación na enquisa foi do 68%. Esta acción foi eficaz e reabrirase para o próximo curso 2021-22 (**AM-13**).

En canto ao apartado de queixas, suxestións e reclamacións, cómpre indicar que a Facultade recibe un escaso número de queixas e reclamacións formais, e que estas adóitanse solucionar satisfactoriamente. Deste xeito, segundo se desprende dos datos que figuran na Memoria de Actividades da Oficina de Análise e Reclamacións (OAR) correspondente ao curso 2020-2021, presentáronse nese curso as seguintes queixas e suxestións:

Queixa: 20/00272

Titulación: Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (L)

Tema: Erasmus-Convenios [T.ER]

Desestimada

Queixa 20/00296

Queixa 20/00297

Queixa 20/00298

Titulación: Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (L)

Tema: Títulos [T.TI] (Plan de estudos do Dobre Grao)

Estimadas

Suxestión 21/00045

Titulación: Grao en Mestre de Educación Infantil (2ª ed) [L]

Tema: Aulas e instalacións [I.AI] (cadeiras adaptadas para xente zurda)

Estimada

Queixa 20/00286

Titulación: Grao en Mestre de Educación Infantil (2ª ed) [L]

Tema: Matrícula [T.MI] (pagamento da matrícula)

Desestimada

Queixa 21/00077

Titulación: Grao en Mestre de Educación Primaria [L]

Tema: Títulos [T.TI] (Expedición de duplicado do título coa mención de Audición e Linguaxe)

Estimada

Queixa 21/00066

Queixa 21/00067

Queixa 21/00110

Titulación: Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza (2ª ed)

Tema: Cualificacións de Actas [T.AE]

Desestimadas



Tamén se presentaron os seguintes recursos de reposición e de alzada:

**RECURSOS DE REPOSICIÓN, curso 2020/2021:**

- GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACIÓN INFANTIL (L) (G3131P01)

Exp.:2020/OAR01/000251

Tema: ANULACIÓN DE MATRÍCULA

Desestimada

2020/OAR01/000221

Tema: RECOÑECIMIENTO DE ESTUDOS

Desestimada

2020/OAR01/000230

Tema: RECOÑECIMIENTO DE ESTUDOS

Estimada

- GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACIÓN PRIMARIA (L) (G3151P01)

2020/OAR01/000150

Tema: RECOÑECIMIENTO DE ESTUDOS

Desestimada

2020/OAR01/000179

Tema: RECOÑECIMIENTO DE ESTUDOS

Desestimada

021/OAR01/000109

Tema: EXENCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS

Desestimada

- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas [L] (P3271P01)

2020/OAR01/000176

Tema: ANULACIÓN DE MATRÍCULA

Desestimada

**RECURSOS DE ALZADA, curso 2020/2021**

- GRAO EN MESTRE OU MESTRA EN EDUCACIÓN PRIMARIA (L) (G3151P01)

2021/OAR01/000098

Tema: REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN

Estimada (retrotraer as actuacións para que a decana motive a resolución)

Na Facultade de Formación do Profesorado, o alumnado dos Graos é informado das canles para facer suxestións, queixas ou reclamacións na xornada de acollida

Como xa se mencionou anteriormente, á marxe dos recursos e queixas que constan na OAR, a Facultade dispón doutros mecanismos para coñecer a satisfacción dos grupos de interese, nomeadamente a través das coordinacións de curso e título para o caso dos Graos, que contan coa intervención dos delegados de curso. Estes contactan coas coordinacións de título ou curso para canalizar queixas, necesidades e suxestións do alumnado.

Na reunión da Comisión de Título de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Grao en Mestre/a de Educación Primaria celebrada o 26 de xuño de 2019 debateuse a eficacia do método de recollida de datos sobre a marcha do curso a través de informes anuais dos delegados, e tendo en conta as observacións manifestadas neses informes dos delegados e as alegacións realizadas polo profesorado, as comisións valoraron a conveniencia de modificar a metodoloxía (o instrumento e o procedemento) de recollida de datos para que resulte máis obxectivo e asegure a participación real do alumnado. As Comisións propoñen que se podería pasar un cuestionario a todo o grupo de cada curso de xeito presencial e pedindo ao alumnado que desde o seu dispositivo móbil cumprimentase ese cuestionario elaborado cunha aplicación axeitada. A enquisa debería contemplar distintas opcións para identificar ao alumnado de Infantil, Primaria ou Dobre Grao, e podería ter preguntas para marcar a resposta nunha escala evitando os puntos intermedios (por exemplo de 1 a 4), e unha parte de observacións para engadir comentarios sobre materias concretas.

Esta iniciativa forma parte da mellora dos procedementos de xestión das coordinacións de curso e título, e inclúese nunha acción de mellora máis ampla que no curso 2018-2019 se deixou aberta para executar no curso 2019-2020 (**AM-08**), a cal abrangue a delimitación das competencias e responsabilidades das coordinacións de título, curso e materia. Dese xeito, durante o curso 2019-2020 na FFP-Lugo, o equipo decanal e os coordinadores dos títulos de Infantil e Primaria elaboraron un Documento Marco onde se delimitan as funcións das diferentes coordinacións (materia, curso e título), contando coa colaboración dos coordinadores de curso. O documento foi aprobado en xuntanza da Comisión de Título o 14 de xullo de 2020 e en xuntanza da Comisión de Calidade na mesma data. Por outra banda, o documento marco acompáñase dunha serie de documentos e directrices para facilitar os labores de coordinación nos seus diferentes niveis: listaxe de control para a revisión de programas das materias por parte das coordinacións; orientación sobre as táboas para a recollida de actividades transversais, ApS, etc.; protocolo para solicitar cambios de grupo interactivo; modelo de informe final para os coordinadores de curso; e enquisa de coordinación de materias do semestre/curso destinada ao alumnado. A creación deste último documento pecha ademais unha acción de mellora específica para o curso 2019-2020 (**AM-17**), a cal persegue concretamente aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción mellorando o mecanismo de recollida de datos. Unha vez deseñados os instrumentos que facilitan a recollida de datos e a coordinación nos seus distintos niveis, como acción de mellora aberta para o 2020-2021 propónse a implementación destes instrumentos de coordinación e a análise da súa eficacia (**AM-05 2020-2021**). Esta acción executouse con éxito. Dese xeito, na FFP-Lugo, durante o curso 2020-2021 procedeuse á posta en marcha das directrices establecidas no Documento Marco de Funcións das Coordinacións e os seus documentos complementarios. Dese xeito, os coordinadores de curso xestionaron a realización da enquisa de coordinación de materias ao alumnado, ben presencialmente ou ben por medio do Campus Virtual nos casos nos que así o aconsellaban as restricións de presencialidade derivadas da pandemia. Os coordinadores incluíron os datos das enquisas no seus informes finais da marcha do curso, trasladados ao coordinador de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título como pola Comisión de Calidade, como fontes de datos para identificar calquera aspecto problemático e propoñer as oportunas accións de mellora, polo que son ferramentas útiles que continuarán a empregarse cos axustes que sexan precisos. Asimesmo, o coordinador de título informou en Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das competencias da Xunta, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

En liñas xerais, o alumnado atópase satisfeito con respecto aos diferentes ítems da enquisa, e as cuestións problemáticas sinaladas con maior frecuencia fan referencia aos horarios e a carga de traballo dos semestres. A primeira cuestión deriva das limitacións de espazos da facultade, e a segunda débese parcialmente ao retraso no comezo presencial dos semestres polas circunstancias da pandemia, que ocasionou que o remate das materias optativas coincidise co das materias obrigatorias. En calquera caso, cómpre poñer en marcha mecanismos para revisar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre.

A listaxe de control para a revisión de programas do curso seguinte (2021-2022) foi empregada polos coordinadores de curso cos axustes precisos realizados dende as coordinacións de título tendo en conta os diferentes escenarios posibles de docencia, e manifestouse como unha ferramenta eficaz para detectar problemas tanto nos propios programas como de necesidades docentes, e tomar as medidas oportunas.

As táboas para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc. desenvolvidas en cada curso foron elaboradas polas coordinacións dos títulos de Grao para facilitar e sistematizar a recollida de datos sobre as mesmas por parte dos coordinadores de curso (datos que á súa vez estes reflicten nos O protocolo de cambios de grupo interactivo non puido levarse á práctica no curso 2020-2021 porque as limitacións de postos nas aulas derivadas da impartición da docencia no escenario 2 non permitían facer cambios nos grupos agás en casos excepcionais. Agárdase poder poñelo en práctica en canto se recuperen as condicións de plena presencialidade sen restricións.

No MDAEN, realizase unha avaliación cualitativa ao finalizar o curso. Esta avaliación realízase de forma conxunta entre o alumnado do mestrado que fai un informe que é trasladado á Comisión Académica do Título a través dun representante que informa sobre marcha do curso e os seus puntos fortes e febles, o cal permite facer unha diagnose da súa planificación e desenvolvemento, e tomar decisións de cara a mellora do título.

No MPES a recollida de datos referentes á satisfacción, queixas e necesidades dos grupos de interese realízase mediante a Área de Calidade da USC, e eses datos reflíctense posteriormente na Memoria de seguimento do Título.

Nos diferentes apartados desta memoria, dependendo da súa temática, analízanse pormenorizadamente as queixas, suxestións ou reclamacións presentadas durante o curso 2020-2021 por diferentes membros dos grupos de interese perante as coordinacións de curso e título, así como as procedentes das enquisas realizadas dende a Área de Calidade.

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede a súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### D2.A. ADECUACIÓN DOS PROCEDEMENTOS

A Facultade de Formación do Profesorado ten implantados procedementos para o deseño, aprobación, revisión e extinción dos programas formativos. Estes procedementos sistematízanse no proceso *PI-01, Deseño, modificación e extinción de programas* do [Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC](#), que establece as pautas para o deseño, revisión e mellora dos programas formativos, e no proceso *PE-02, Revisión e mellora*, do [SGC](#) da Facultade, que guía o seguimento

anual dos programas e a execución das accións de mellora vinculadas a eles. O proceso PE-02 está desenvolvido no [Manual de Procesos da FFP](#).

Anualmente, seguindo este proceso PE-02, as Comisións de Título analizan polo miúdo o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos. Faise un seguimento do cumprimento da memoria verificada do título (MVT), considéranse posibles modificacións ou actualizacións, e analízanse o cumprimento dos programas das materias, a adecuación dos perfís de ingreso/egreso, os procedementos de coordinación, os resultados de aprendizaxe, e a información sobre satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese. No SGC concretáanse os procesos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, entre eles, ademais do xa sinalado PE-02, están os procesos chave PC-01, *Análise do perfil de ingreso e captación*; PC-02, *Planificación das ensinanzas*; PC-04, *Desenvolvemento das ensinanzas*, e PC-05, *Análise de resultados e mellora dos programas*. Os informes destes seguimentos tránsínanse á Comisión de Calidade do Centro, que os revisa e analiza, aprobando as accións de mellora derivadas.

As evidencias de que a revisión e mellora se realiza conforme a estes procedementos atópanse nas actas destes órganos (Comisións de Título e Comisión de Calidade).

## D2.B. CUMPRIMENTO DAS MEMORIAS VERIFICADAS

Con respecto ao cumprimento das memorias verificadas, a actividade docente orientada á consecución das competencias previstas estase a desenvolver en liñas xerais consonte o indicado nas Memorias de Verificación dos Títulos. A Acción de Mellora **AM-10** desenvolvida no curso 20-21 (Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información das guías docentes das materias dos Graos publicadas na web, así como entre estas e a última versión das Memorias Verificadas dos Títulos) foi executada parcialmente para o Grao de Infantil e Primaria, e propónse a súa continuidade (**AM-06** 2021-2022) mediante a reformulación do proceso de revisión de programas e a creación dun rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na MVT.

Na FFP-Lugo, o [Documento Marco de Funcións das Coordinacións](#) (aprobado en Comisión de Título e en Comisión de Calidade o 14 de xullo de 2020) establece como responsabilidade dos coordinadores de materia verificar o cumprimento da programación en relación ás fichas da Memoria Verificada do Título (MVT) e solucionar as desviacións detectadas. Asimesmo, o documento contempla como función dos coordinadores de curso instar ao profesorado responsable das materias a elaborar as súas programacións consonte ás Memorias Verificadas dos Títulos. Estas funcións asignadas aos coordinadores de materia e curso derivan do feito de que, de acordo co Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado da USC, as comisións de título supervisan os axustes entre programas e Memorias, pero os programas son previamente aprobados polos departamentos con encarga docente. Polo tanto, os axustes entre os programas e as fichas das materias na MVT deben ser abordados en primeira instancia polos docentes responsables e os seus departamentos, e calquera desviación a ese respecto debería ser detectada nesa fase.

En calquera caso, desde o centro cómpre poñer en marcha mecanismos para a comprobación sistemática e detección temperá de posibles desviacións entre as fichas das materias na MVT e os programas, por medio das correspondentes accións de mellora. Co fin de comprobar os axustes entre os programas e as fichas da MVT, para o curso 2021-22 abrírase a acción de mellora **AM-06**.

A ese respecto, débese ter en conta que poden existir axustes que sexa aconsellable realizar nas propias fichas con respecto aos programas, por exemplo, para subsanar erros, ou no caso de que as fichas precisen actualizacións derivadas do propio avance do coñecemento, das necesidades reais da aula ou do replantexamento das competencias desenvolvidas. Esta cuestión non se puido abordar polo momento por mor da priorización de actividades derivada da situación de emerxencia sanitaria causada polo COVID-19.

Polo que respecta á normativa de programación docente e os programas das materias, a través das coordinacións de curso dáse conta dos desaxustes que se detecten nos informes de revisión de programas elaborados anualmente. Os coordinadores de curso contactan co profesorado das materias para solucionar pequenos erros ou omisións, e trasladan os seus informes ao coordinador de título, o cal fai un seguimento da coordinación en representación da comisión de título, que é a encargada do seguimento de acordo co proceso PC-04, *Desenvolvemento das ensinanzas*, do Manual de Procesos da FFP, e que actúa no caso de detectarse desviacións importantes. Os datos sobre as revisións dos programas forman parte do informe anual que o coordinador de Título elabora para a súa análise pola Comisión de Título á hora de preparar o informe de seguimento e para a Xunta de Facultade, entre cuxas competencias se atopa, de acordo co Manual

do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

## D2.C. GUÍAS DOCENTES E COORDINACIÓN

- **GMEI e GMEP**

No caso dos Graos, as coordinacións de curso encárganse anualmente da revisión dos programas-guías docentes, e de detectar problemas de coordinación e solapamento entre materias e de coordinación entre profesorado que imparte a mesma materia, en colaboración coas coordinacións de título e contando coa participación dos delegados de curso. Como xa se mencionou no parágrafo anterior, o proceso de revisión de programas será reaxustado consonte a acción de mellora **AM-03** aberta para o curso 2021-2022. Os problemas de coordinación detectados trasládanse directamente ao profesorado implicado, ou ben ao Decanato para que este tome as decisións oportunas (por exemplo, informar aos correspondentes departamentos). Este proceso de revisión e detección de problemas de coordinación a distintos niveis (desenvolvido nas accións de mellora **AM-02** e **AM-09** executadas no curso 2020-2021), atópase xa protocolizado grazas á implementación do [Documento Marco de Funcións das Coordinacións](#) e os seus documentos complementarios, que inclúen as enquisas de coordinación de curso destinadas ao alumnado, as cales conteñen ítems específicos para detectar incidencias no que concirne á coordinación entre docentes que imparten a mesma materia e solapamentos de contidos entre materias. A información recollida nas enquisas envíase ao profesorado do curso, que pode facer alegacións ou comentarios, e de ser o caso, estas observacións trasládanse ao alumnado mediante o foro de novas do Campus Virtual.

- **MPES**

O mecanismo de coordinación no caso do MPES é a Comisión Académica, da que forma parte profesorado, alumnado e PAS de ambos Campus. Dado que nalgúns guías docentes publicadas poden producirse desaxustes coa memoria do título, por exemplo no que se refire a metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, no curso 2020-21 a comisión de título deseñou unha estratexia para revisar as guías docentes e comprobar a súa adecuación á memoria do título, coa finalidade de detectar posibles desaxustes ou carencias que poideran ser corrixidos polo profesorado responsable das materias. Posteriormente a Comisión do Título (Santiago-Lugo) acorda informar favorablemente á xunta do centro sobre os programas das materias para o seguinte curso académico, que son previamente aprobados polos departamentos con encargo docente na titulación.

No curso 2020-21 a comunicación da coordinación do mestrado co profesorado seguiu mantendo a través de canles virtuais. A coordinación do mestrado comunicouse co alumnado a través do campus virtual para trasladar avisos do Decanato e das coordinacións, axudas dispoñibles para o alumnado, peticións de participación en enquisas, anuncios de actividades programadas (orientación laboral, orientación sobre o Prácticum), etc.

- **MDAEN**

No Mestrado DAEN importa salientar que a pandemia fixo que moitas das actividades previstas no máster para o curso 2020-201 tiveran que facerse conforme as limitacións que establecía o plan de continxencia da USC e as autoridades sanitarias.

Non se detectou ningunha disonancia salientable entre a metodoloxía, a avaliación e a cualificación dos estudantes, aínda que está pendente unha comprobación dos axustes entre as Guías docentes e as fichas das memorias. En todo caso, tendo en conta os indicadores de avaliación e conforme a propia avaliación que os estudantes fixeron do Máster pódese afirmar que o nivel de consecución das competencias é razoablemente alto e as guías docentes e as coordinacións cumpren as súas funcións.

A coordinación entre o profesorado fai que non existan problemas de duplicidade nos contidos impartidos. Non se rexistran queixas por estes motivos. A estrutura modular e as reunións do profesorado evitan as duplicidades e favorecen a coordinación.

- **COORDINACIÓN INTERCENTROS**

A coordinación intercentros é unha das accións máis importantes para garantir a transferencia de boas prácticas e mecanismos de funcionamento entre os Campus de Santiago e Lugo: esta coordinación garátese mediante a celebración de reunións periódicas que melloren o intercambio de información sobre asuntos como incorporación do alumnado, profesorado, Prácticum, coordinación de materias e seguimento do título. No curso 2020-21 a Comisión Intercentros analizou e aprobou os Informes de Seguimento do curso 2019-2020 dos dous Títulos e o Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos de Infantil e Primaria.

Cómpre sinalar que no curso 2020-21 as restricións derivadas da situación de pandemia non orixinaron incidencias destacables a nivel intercentros, e a comunicación entre os membros da comisión con respecto ao seguimento dos títulos continuou a producirse de xeito telemático por medio das ferramentas de comunicación institucional. Cómpre salientar que a xeneralización do uso de ferramentas virtuais para a comunicación (concretamente Teams) por mor da situación de confinamento derivada do Covid-19 favoreceu a convocatoria de reunións informais de traballo intercentros para abordar temas relativos á calidade (elaboración dos informes de seguimento, asuntos relacionados coa memoria de calidade, etc.). Tendo isto en conta, a acción de mellora **AM-30** para o curso 2020-2021 perseguía precisamente continuar co uso de ferramentas virtuais para favorecer a celebración e a asistencia a reunións intercentros, así como ás reunións dos diferentes órganos e comisións da FFP. A partir de abril do 2020 comezaron as sesións virtuais por mor da pandemia que continuaron despois facéndose de xeito presencial e virtual de forma simultánea. As sesións realizáronse a través da plataforma institucional Ms TEAMS, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no "Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC" (publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020).

O uso de ferramentas virtuais para celebrar reunións de comisións e outros órganos contribuíu, sen lugar a dúbida, a fomentar unha maior asistencia e participación de PAS e PDI sexan membros ou non delas (convídase a todo o PAS e PDI ás Xuntas de Facultade). Esta acción de mellora **AM-30** foi executada con éxito no curso 2020-21 e reabrirase no seguinte curso (**AM-20**, 2021-22).

## D2.D. PERFIL INGRESO/EGRESO

- **GMEI e GMEP**

Para os Graos de Infantil e Primaria, as memorias verificadas indican que a selección dos alumnos de novo ingreso rexerese pola normativa xeral de xestión académica da USC e, en particular, pola que regula os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á universidade. Sinálase, así mesmo, que non se requiren condicións nin probas de acceso especiais. Non se observan disonancias remarcables entre o perfil real do alumnado matriculado nos títulos e o perfil de ingreso establecido nas memorias verificadas.

En relación co perfil de ingreso e as ensinanzas de acceso, no caso da FFP-Lugo e de acordo cos datos da CiUG, no curso 2020-2021 o 36% do alumnado matriculado no Grao de Infantil provén da Formación Profesional (baixando desde o 56% do curso anterior) e o 64% do Bacharelato, mentres que no Grao de Primaria o 78% do alumnado provén do Bacharelato e o 22% de Formación Profesional. A razón do importante número de alumnado que provén da FP no Grao de Infantil está no feito de que moitos estudantes obteñen primeiro o título de FP de Educación Infantil e logo deciden completar os seus estudos na Universidade cursando o Grao. A nota media de acceso para o Grao de Infantil aumenta en comparación coas do curso anterior, sendo de 9,054 en Bacharelato e 8,929 en FP, mentres que no Grao de Primaria foi de 9,815 en Bacharelato e 9,234 en FP. Polo que respecta ao Dobre Grao, no curso 2020-2021 a nota media de acceso foi de 12,170 en Bacharelato e de 12,100 en FP. Esta nota media continúa a ser alta, un feito que se explica polo límite de prazas existente e a elevada demanda desta dobre titulación.

O perfil formativo/egreso do título conserva a súa relevancia e interese no noso contexto social. No curso 2016-2017 implantouse a 2ª edición do plan de estudos, ofertada unicamente a estudantes do primeiro curso (inicio de estudos), xa a súa implantación é gradual, un curso cada ano académico. Esta modificación académica responde ás necesidades e condicións da profesión regulada. Polo que respecta ao índice de inserción laboral, os últimos datos dispoñibles sobre este apartado para os Graos de Primaria e Infantil corresponden á cohorte de egresados 2013-2014, é dicir, a primeira promoción de graduados e graduadas, e amosan un ascenso na taxa de afiliación á Seguridade Social desde o primeiro ano despois de egresar (marzo de 2015) ata o cuarto ano (marzo de 2018), aumentando asimesmo as porcentaxes do grupo de cotización de titulados. Os valores pasan polo tanto dunha taxa de afiliación do 25% (Infantil) e 26,3% (Primaria) no primeiro ano ao 47,2% (Infantil) e 40,2% (Primaria) do segundo, ao 57,6% (Infantil) e o 63,4% (Primaria) do terceiro, e ao 66% (Infantil) e o 71,1% (Primaria) do cuarto. Nos dous graos a porcentaxe de autónomos diminúe a medida que avanzan os anos, e a porcentaxe de indefinidos aumenta en Infantil nos dous últimos anos, pasando do 28,3% ao 32,8%, e baixa lixeiramente en Primaria, pasando do 14,9% ao 11,6%.

- **MPES**

No MPES, contabilízanse 80 titulacións de acceso entre os dos dous campus Lugo e Santiago. As titulacións de acceso no curso 2020-21 das que proveñen máis estudantes son: Grao en Ciencias Ambientais pola UNED (13), Grao en Historia pola USC (11), Grao en Matemáticas pola USC (10) e Grao Psicoloxía pola USC (10) no campus de Santiago; Grao Lingua e Literatura Inglesas pola USC (7), Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais pola USC (5), Grao en Lingua e Literatura Modernas pola USC (4) no campus de Lugo.

O 72,11% dos estudantes matriculados no máster son egresados da USC (69,01% en Lugo e 72,65% en Santiago). No campus de Lugo non se rexistrou presenza de estudantes estranxeiros (1,41% en Santiago). Disminúe lixeiramente a porcentaxe dos nacionais de fóra de Galicia sobre os matriculados, pasando de 5,14% do curso anterior ata 3,74% no curso 2020-21, aínda que este valor aumenta en Lugo (de 2,82% pasa a 4,23%). A nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos é de 8,02, a maior das últimas edicións.

No tocante ao perfil de egreso, a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos e a súa cohorte de ingreso, foi de 98,33% en Lugo (na FCE en Santiago foi do 90,76%). A duración media na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos é de 1,10 ano (media da USC: 1,45).

- **MDAEN**

No MDAEN, contabilizáronse 4 titulacións de acceso no curso 2020-21, o caudal máis importante de titulados corresponde ao ámbito da educación, especialmente mestres/as de educación infantil e primaria. No curso 2020-2021, dos 25 estudantes matriculados, todos eles eran de titulacións vinculadas á educación, 23 mestres, un titulado en Educación Social e unha titulada en Pedagogía. A taxa de ocupación foi plena a pesar dos efectos que tivo a pandemia sobre a preinscrición de estudantes estranxeiros. Descendeu notablemente a presenza de estudantes estranxeiros e de fora de Galicia, pero a demanda mantívose cos estudantes da USC (72,73%) e as demais universidades galegas (15,03%), e de nova matrícula so houbo dúas estudantes de fora de Galicia. A Comisión considera un éxito que en tales circunstancias a taxa de ocupación chegase ao 100%. Por outra banda a matrícula de acceso se estabilizou conforme se establece na Memoria do título en 25 estudantes.

Estes datos amosan que o esforzo por dar publicidade ao mestrado foi eficaz e dase por executada de forma eficaz a

**AM-20** relativa á publicidade do mestrado nas redes sociais e correos electrónicos que, debido ao éxito, manténse como **AM-12** para o curso 2021-22.

Cabe destacar que dos 25 estudantes da cohorte 2020-2021, 24 deles terminaron os seus estudos no mesmo curso, e dicit, o 96% da promoción, quedando un so estudante pendente de defensa do TFM para o curso seguinte.



## D2.E. RESULTADOS DE APRENDIZAXE DOS TITULADOS

Os valores analizados a continuación proceden dos respectivos informes de seguimento dos títulos e da Memoria do MDAEN.

- **GMEI e GMEP**

A demanda estable dos estudantes polos títulos de Grao ofertados ven refrendada tanto pola traxectoria da Facultade na formación de mestres como polos resultados obtidos polos egresados. A taxa de graduación sitúase no 91,46% no Grao de Primaria (subindo desde o 80,95% do curso anterior), e no 83,33 no Grao de Infantil (subindo tamén desde o 77,61% do curso anterior), sendo a duración media dos estudos de 4,38 anos en Primaria e 4,53 en Infantil. Os datos amosan unha boa xestión dos elementos e ferramentas que apoian o proceso formativo destes Títulos. As taxas de idoneidade da graduación e de eficiencia (rendemento dos egresados) mantéñense en valores moi positivos, sendo a taxa de idoneidade de 81,67% en Infantil e de 82,93 en Primaria (subindo desde o curso anterior nos dous casos), e a taxa de eficiencia de 93,38% en Infantil e de 94,94% en Primaria (descendendo ambos lixeiramente con respecto ao curso anterior).

- **MPES**

Pola súa banda, no MPES, a taxa de graduación acadada o 92,62% (98,33% en Lugo e 90,76% en Santiago), cunha duración media dos estudos de 1,10 anos (1,18 en Lugo e 1,07 en Santiago) e a taxa de éxito dos egresados de 99,89% (100% en Lugo e 99,86 en Santiago).

- **MDAEN**

No caso do MDAEN a taxa de graduación acadada o 92,00% e a duración media dos estudos 1,17 anos. Por outra banda, tamén presenta valores positivos a taxa de éxito dos egresados (99,31%) o que da conta do bo desenvolvemento do título.

## D2.F. SATISFACCION, NECESIDADES, QUEIXAS E SUXESTIÓNS RELACIONADAS COAS TITULACIÓNS

- **GMEI e GMEP**

Con respecto aos índices de satisfacción dos grupos de interese coa titulación, valóranse os indicadores dispoñibles a nivel de título (isto é, conxuntos para a FFP-Lugo e a FCE-Santiago), que son en xeral positivos.

No Grao de Infantil a satisfacción xeral do alumnado diminúe de 3,26 a 3,06 sobre 5 no curso 2020-2021, e a satisfacción do PDI mantense en valores similares aos do curso anterior, sendo de 3,88.

No caso do Grao de Primaria, os valores son tamén de 3,20 por parte do alumnado cun valor similar ao curso anterior e mantéñense en 3,85 por parte do PDI.

En canto á organización, detectáronse irregularidades na coexistencia de certas materias do plan de estudos, polo que se propuxo como acción de mellora aberta para o 2020-2021 o cambio de curso/semestre das mesmas no itinerario formativo do Dobre Grao (**AM-14** 2020-2021). Esta acción de mellora levouse a cabo con éxito.

A satisfacción xeral coa titulación da enquisa de egresados mantense igualmente en valores positivos, tanto en Infantil (3,39) como en Primaria (3,39), sendo a media da USC de 3,43.

En canto á satisfacción dos egresados coa titulación (Dobre Grao 2020-2021), o valor é de 3,39 sobre 5 (estes son os primeiros datos dispoñibles. Non hai datos de cursos anteriores).

Na enquisa de satisfacción do profesorado coas titulacións (FFP-Lugo), o ítem peor valorado é o estado e adecuación das aulas e o seu equipamento (3,48 en Primaria, subindo do 3,20 do curso anterior; 3,40 en Infantil, subindo do 3,09 do curso anterior). As infraestruturas e materiais coméntanse con máis detalle nas valoracións sobre a Directriz 5 (recursos materiais e servizos).

Na enquisa de satisfacción do alumnado do Grao de Primaria e Infantil coa titulación (FCE-Lugo): o ítem peor valorado é asimesmo o estado das infraestruturas e materiais (2,78 en Primaria e 2,59 en Infantil), así como a distribución da carga de traballo (2,31 en Primaria, 2,52 en infantil). Na enquisa de satisfacción do Dobre Grao, infraestruturas, materiais e carga de traballo son tamén os ítems coa valoración máis baixa (1,33 nas infraestruturas e materiais, e 1 na carga de traballo). Polo que respecta á carga de traballo, contéplase a apertura dunha acción de mellora para o curso 2021-2022 (**AM-05** 2021-2022) consistente na creación de táboas calendario para que o profesorado poida visualizar a carga de traballo do alumnado no semestre e facer as modificacións que estime oportunas. Porén, compre ter en conta, no caso do alumnado do dobre grao, que este está a cursar simultaneamente dous graos, polo que a carga de traballo é necesariamente máis elevada.

- **MPES**

No MPES, en canto á satisfacción xeral do alumnado, a porcentaxe de resposta e de 17,25% (lixeiramente menor que o curso anterior), acadando unha puntuación media de 2,70 sobre 5. Os aspectos que se amosan como prioritarios e aos que hai que prestar especial atención estarían referidos á organización da titulación (1,68), e o equilibrio entre os contidos teóricos e prácticos (1,80). Mentres que os valores máis positivos refírense á información que teñen sobre a titulación (3,09), os recursos educativos (2,86) e a utilidade do campus virtual (3,66).

Atendendo ao profesorado, a porcentaxe de resposta sitúase no 37,04%, acadando unha puntuación media de 3,97. Os aspectos mellor valorados fan referencia á información que teñen da titulación (4,05), aos recursos educativos (4,03), a utilidade do campus virtual (4,33), as vías existentes para participar na mellora da calidade (3,42), o equilibrio entre os contidos teóricos e prácticos (3,85), a formación do alumnado en competencias profesionais (3,83), a organización da titulación (3,85) e a satisfacción coa titulación (4,18).

En canto ao índice de satisfacción dos egresados coa titulación no curso 2020-21 foi de 3,26 sobre 5. Non se dispón de porcentaxe de participación desta titulación que permitan realizar unha análise.

- **MDAEN**

A valoración do Máster tanto por parte dos estudantes como do profesorado sigue sendo alta desde a súa implantación conforme as enquisas de satisfacción coa docencia e o título recibidas.

Neste mestrado a satisfacción do alumnado coa titulación é de 3,83, pero cun nivel de participación baixo (11,54%). Os aspectos mellor valorados foron a dispoñibilidade de información sobre a titulación, e a adecuación dos horarios (ambos aspectos cunha media de 4,67). En canto aos aspectos cos que amosan menor satisfacción correspóndense coa distribución da carga de traballo (2,33) e a organización da titulación (2,67).

En canto ao PDI, os ítems mellor valorados son a atención prestada polo PAS (4,63) e a asistencia regular do alumnado ás clases (4,67). No polo oposto, a menor satisfacción tería que ver cos horarios existentes (3,75).

Finalmente manifestar que na avaliación que fixeron os propios estudantes (respondida polo 68%) se da unha cualificación na que se indica que as impresións finais do proceso foron aínda mellores coas que chegaron á titulación a principios de curso, oscilando a puntuación entre “moi boa” e “excelente”, conforme ao estudo que se amosa no Autoinforme de de Seguimento do Curso 2020-2021.

**Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitir-lles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:

Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

Admisión do alumnado (acción de captación).

Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

Mobilidade.

Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

Avaliación da aprendizaxe

Prácticas externas.

Traballos fin de grao/Mestrado (asignación, supervisión, avaliación).

Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os procedementos que rexen o desenvolvemento dos programas formativos quedan recollidos no [SGC](#) da Facultade e os procesos chave especificanse no [Manual de Procesos da FFP](#). Este apartado concirne en particular a cinco procesos chave (*PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas*), e a través deles procúrase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

**D3.A. APLICACIÓN DE NORMATIVAS**

A USC conta cunha ampla normativa relacionada cos estudantes e a calidade da docencia cuxa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. Sinalaremos, a este respecto, a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES; a normativa de permanencia; o regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes; a normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio; a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións; o regulamento de prácticas académicas externas; a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES; o acordo sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao; o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e Mestrado; o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM; a instrución sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias e o regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado.

A aplicación destas normativas estase a desenvolver sen problemas e cos resultados previstos. Así, por exemplo, estanse a cumprir os aspectos fundamentais sobre os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e o de convocatorias, así como a regulación do progreso académico. En aplicación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, na USC existe un apoio tutorial extraordinario cunha metodoloxía de aprendizaxe establecida entre o profesor-titor e o alumno. A súa finalidade consiste en axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, sempre e cando non superen máis de 18 créditos, quedando excluídas as materias do Traballo Fin de Grao e das Prácticas externas tuteladas.

Con respecto ao regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM, cómpre sinalar que o elevado número de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación esixiron un cambio da normativa da USC, que se materializou nun novo “Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na Universidade de Santiago de Compostela”, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016. Ao abeiro deste regulamento os TFG dos centros cunha elevada ratio de alumnado por docente poden solicitar unha avaliación alternativa. Para as titulacións do GMEI e GMEP concedeuse, por parte da vicerreitoría correspondente, que os TFG poidan ser defendidos ben ante un tribunal ou ben ante o PDI que o titoriza. Esta medida iniciouse no curso 2016-2017, sen supoñer unha merma nos niveis de calidade e esixencia. No curso 2019-2020, por mor da suspensión da actividade académica presencial, foi necesario realizar axustes no desenvolvemento, defensa e avaliación dos TFG, de xeito que se procedeu ao seguemento e defensa telemática, e a avaliación correspondeu en exclusiva aos titores. No curso 2020-2021 desenvóléronse segundo o establecido os Regulamentos do Traballo Fin de Grao das titulacións de Grao en Mestre de Educación Primaria e Infantil, e a mellora da situación epidemiolóxica permitiu reanudar as defensas presenciais coas debidas precaucións sanitarias.

No MPES, debido á excepcional situación de pandemia ocorrida no curso 2020-2021, a presentación e defensa do TFM realizouse por medios telemáticos ante tribunal (MS Teams) de acordo co establecido no Protocolo da Facultade de Ciencias da Educación para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021 (RR 02/09/2020), e de acordo tamén co establecido na Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para un uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-2021.

No MDAEN, as defensas dos TFM se levaron a cabo conforme á normativa aprobada pola Comisión de Título, desenvolvéndose de xeito totalmente normal: presencialmente e ante un tribunal formado por tres docentes do Máster.

En canto á **Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos** para os Graos, as Memorias verificadas especifican que o recoñecemento de créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias é de 30, o dos cursados en títulos propios non procede, e que os dos cursados por acreditación de experiencia laboral ou profesional é como máximo de 36. Esta normativa aplicouse no curso 2020-21, e tamén se desenvolveu segundo o establecido o regulamento das prácticas académicas externas.

Finalmente, polo que concirne á instrución sobre dispensa de asistencia, esta ten en conta que, segundo o artigo 33.g) dos Estatutos da USC, o alumnado ten dereito a “unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral”. Ao mesmo tempo, segundo recolle o artigo 130.2, tamén ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”.

Aínda que o réxime de matrícula a tempo parcial constitúe un instrumento útil para a conciliación dos diferentes eidos da vida do estudantado, para os casos onde o problema non se pode resolver deste xeito a Secretaría Xeral da USC ditou a Instrución nº 1/2017 que regula o procedemento sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias.

Para poder atender debidamente ao alumnado ao que lle fose concedida esta dispensa, os programas docentes contemplan de xeito explícito a incidencia da asistencia a clase no sistema global de avaliación. Tal e como se recolle na Instrución sinalada, para situacións excepcionais nas que non exista outra alternativa para cursar estudos e nas que se acredite enfermidade grave ou tratamentos médicos inaprazables, estar ao cargo de persoas dependentes ata o segundo grao de consanguinidade, sufrir un caso de acoso ou estar de alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social (sempre que non se poida acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial), valorarase a concesión dunha dispensa académica. Os programas das materias tamén indican os procedementos necesarios para que o alumnado con dispensa de asistir a clase poida acadar as mesmas competencias que se recibise docencia presencial. As persoas que coordinan os diferentes cursos, no proceso de revisión de programas, supervisan anualmente que as programacións das materias contemplan explicitamente o tratamento do alumnado con dispensa.

Con carácter xeral, a concesión da dispensa da asistencia pode verse limitada para materias cun contido fundamentalmente práctico, como son as materias de Prácticum. A dispensa a clase concédese só para a docencia expositiva (agás que o programa da materia contemple outras situacións). Para solicitar a dispensa da asistencia a clase, o alumnado debe acreditar documentalmente atoparse nalgunha das causas que especifica a devandita instrución, e o centro só poderá concedela tendo en conta o criterio de excepcionalidade, é dicir, a falta doutra alternativa para cursar os estudos.

No curso 2020-21 foron concedidas na FFP-Lugo 18 dispensas para Infantil, 14 dispensas para o Curso Ponte de Infantil, 21 dispensas para Primaria, 20 para o Curso Ponte de Primaria, e 3 para o Dobre Grao.

E no caso dos mestrados, 27 dispensas (1º semestre) e 24 dispensas (2º semestre) no MPES e 1 no MDAEN, todas elas alegando prestar servizos por conta allea.

### D3.B. ADMISIÓN E CAPTACIÓN

#### GMEI e GMEP

Polo que concirne ás titulacións de Grao, aínda que non existen problemas de captación de alumnado, xa que o número de solicitudes de matrícula supera todos os anos amplamente o número de prazas ofertadas, continúaase coa participación do centro no Programa A Ponte entre o ensino medio e a USC, no Campus XuvenCiencia, e participase en todas as iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC. Esta actividade constitúe unha Acción de Mellora desenvolvida 2020-2021 (**AM-04**) e propónse a súa continuidade no curso 2021-2022 (**AM-01**). No curso 2020-21 leváronse a cabo as seguintes actividades con relación ao Programa A Ponte:

#### Encontros virtuais con membros dos equipos de orientación de ensino secundario

23 e 25 de febreiro de 2021

#### Encontros virtuais con estudantes de Bacharelato

23, 24 e 25 de marzo de 2021

#### Visitas a centros

##### IES Muralla Romana – Lugo

14 de xaneiro de 2021

##### IES de Quiroga – Quiroga

15 de xaneiro de 2021

##### IES A Pinguela – Monforte de Lemos

9 de marzo de 2021 (virtual)

##### IES Santiago Basanta Silva – Vilalba

10 e 11 de marzo de 2021

##### IES do Camiño – Palas de Rei

15 de marzo de 2021

CIFP Politécnico – Lugo  
22 de marzo de 2021

IES Val do Asma - Chantada  
26 de marzo de 2021

O interese que despertan os estudos de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria conséntanse atendendo aos datos estatísticos aportados pola CiUG (2020-21), que reflicten un total de 643 solicitudes para 82 prazas ofertadas en Infantil e 703 solicitudes para 82 prazas en Primaria. En Infantil, o número de alumnado admitido foi de 101, dos que finalmente se matricularon 93, e en Primaria admitíronse 100 e matriculáronse 91. Os datos confirman que a demanda de prazas nas titulacións é unha constante.

A dobre titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria tamén esperta grande interese, con 210 solicitudes para unha oferta de 16 prazas. Os estudantes de matrícula de novo ingreso foron 18. Ademais, a nota media de acceso continúa a ser elevada, dada a limitación de prazas, situándose en 12,170 para o alumnado procedente do Bacharelato e 12,100 para o alumnado procedente da Formación Profesional).

### **MPES**

Atendendo ao Mestrado en Profesorado, a nota media de acceso foi de 7,52, lixeiramente superior á do curso 2019-20 (7,22). Para a FFP ofertáronse 60 prazas, matriculándose un total de 71 alumnos, dos que 58 o facían por primeira vez. Do conxunto de matriculados, un 4,23% eran estudantes nacionais de fóra de Galicia, aumentando lixeiramente con respecto ao curso anterior.

### **MDAEN**

No caso do MDAEN, dando resposta á acción de mellora **AM-20** para o curso 2020-21, publicitouse o mestrado en redes sociais así como polas canles que se viña facendo habitualmente, chegando a cubrirse todas as prazas (25). A porcentaxe de matriculados que titularon na USC foi de 72,73% e nas demais universidades galegas (15,03%), o cal amosa que a publicidade tivo efecto para captar alumnado de fóra da USC. De nova matrícula houbo dúas estudantes de fóra de Galicia (8%). A nota media de acceso foi de 7,79, similar aos cursos anteriores.

## **D3.C. CURSO DE ADAPTACIÓN (CURSO PONTE)**

Nos Graos de Infantil e Primaria, a modificación da memoria de verificación do título tramitada en 2012-13 afectou ao deseño do curso complementario ou “curso ponte”, precisamente coa intención de mellorar a adquisición de competencias e coñecementos profesionais dos diplomados que os cursen, reforzando a formación referida ao primeiro ciclo de Educación infantil e posibilitando a adquisición dunha mención. O curso de adaptación para titulados consta, tal e como recolle a Memoria verificada, dun total de 39 créditos e ofertáse coas mesmas condicións e recursos que o grao.

No curso 2020-2021 contouse con 14 estudantes matriculados no curso ponte do Grao de Infantil, 10 de novo ingreso, e no Grao de Primaria houbo 33 estudantes do curso ponte, 18 de novo ingreso. Non hai datos dispoñibles sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación.

## **D3.D. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL DO ALUMNADO**

### **GMEI e GMEP**

Na Facultade organízase ao remate do curso previo ao da elección de optativas por parte do alumnado unha sesión informativa sobre as mencións cualificadoras que se ofertan nos Graos, co fin de orientar ao alumnado na elección de materias optativas. A esta acción súmanse outras iniciativas desenvolvidas nos diferentes cursos dos graos e que contribúen á orientación académica e profesional do alumnado, tales como as xornadas organizadas en colaboración co Servizo de Formación e Orientación Laboral do Campus de Lugo, as actividades desenvolvidas coa participación de profesionais externos, os cursos sobre competencias en información que organiza a Biblioteca da Facultade para o alumnado de primeiro (nivel básico) e cuarto (nivel avanzado), ou o proxecto CompetenteS, unha iniciativa interdisciplinar destinada a promover o bilingüismo no transcurso dos Graos en mestre de Educación Infantil e Primaria a fin de capacitar ao alumnado para impartir profesionalmente a súa docencia en galego e en castelán.

Tendo en conta a diversidade de actividades e iniciativas que se desenvolven na FFP para contribuír á formación e á orientación académico-profesional do alumnado, considerouse pertinente integrar a partir do curso 2019-2020 todas as accións de mellora relacionadas con este aspecto nun único [Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP](#), [Plan FORTE-FFP](#), que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos a este respecto. Dese xeito, na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2019-2020 estableceuse unha acción de mellora no Plan de Melloras para o curso 2020-2021 (**AM-01**) na que se crea o devandito Plan, e que foi executada con éxito. Consonte a esta proposta de integración, certas accións de mellora desenvolvidas de xeito independente durante o curso 2019-2020 e en cursos anteriores, tales como as actividades formativas con profesionais externos ou a xornada de acollida, continuarán a desenvolverse en vindeiros cursos xa protocolizadas dentro do Plan.

O Plan FORTE-FFP responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, que ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde ás catro liñas de actuación sinaladas no Manual de Procesos:

1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.
2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Tralaballo Fin de Grao [TFG]/Tralaballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).
3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).
4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.

Estas liñas de actuación concréntanse para os estudos de Grao impartidos na Facultade en catro obxectivos, arredor dos cales se organizan as actividades de formación e orientación que se desenvolven nestes estudos.

1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

Todas as actividades realizadas no curso 2020-21 dentro do Plan FORTE-FFP recóllense no informe de execución do devandito plan, elaborado polas persoas que coordinan os títulos cos datos achegados polos membros das súas respectivas Comisións de Título, e analizado e avaliado positivamente na reunión da Comisión de Calidade celebrada o 22 de decembro de 2021. Neste informe proporcionáanse datos sobre o desenvolvemento desas actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acolida da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas etc. O informe contén así mesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades para a súa análise e valoración pola Comisión de Calidade do Centro, a cal propón as accións de mellora pertinentes no Plan de Melloras da Memoria de Calidade.

Desgárganse a continuación as actividades incluídas en cada liña de actuación no curso 2020-21. Cómpre aclarar que Todas as actividades do Plan diríxense tamén ao alumnado do Dobre Grao, en tanto que este cursa as dúas titulacións (Primaria e Infantil).

## LIÑA 1: ACTIVIDADES

### 1.1. XORNADA DE ACOLLIDA (PRIMEIRO CURSO)

No curso 2020-2021, por mor das restricións na presencialidade orixinadas pola situación de emerxencia sanitaria derivada da Covid-19, as actividades previstas foron axustadas nunha única sesión celebrada o 21 de setembro de 2020, e parte da información sobre o funcionamento da Universidade, a Facultade, o plan de estudos e a oferta académica foi transmitida ao alumnado mediante presentacións interactivas elaboradas dende as coordinacións de título, que se puxeron a disposición do estudantado por medio do campus virtual, na páxina de coordinación de primeiro curso. As ligazóns ás presentacións son as seguintes:

*Para o Grao de Mestre/a en Educación Primaria*

<https://view.genial.ly/5ef38991086b4f0d9717a7e3/presentation-benvida1primaria>

<https://view.genial.ly/5ef49771d31cf50da579752a/presentation-benvida2primaria>

*Para o Grao de Mestre/a en Educación Infantil*

<https://view.genial.ly/5efa26e687ce1d0d6d78e175/presentation-benvida1infantil>

<https://view.genial.ly/5efa275db4ded50d7ab06527/presentation-benvida2infantil>

*Para o Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria*

<https://view.genial.ly/60a5233507e8cc0dc55b0f83/presentation-benvida1dobre-grao>

<https://view.genial.ly/60a52335f6e18150d397255df/presentation-benvida2dobre-grao>

As presentacións incorporan asimismo ligazóns a enquisas de satisfacción coa xornada, a súa duración e os seus contidos.

A enquisa de satisfacción do alumnado foi cuberta por 74 persoas, das cales o 43,2% pertencía ao Grao de Infantil, o 41,9% ao Grao de Primaria e o 14,9% ao Dobre Grao. A análise de resultados fíxose conxuntamente para os dous Graos, xa que os contidos das presentacións son esencialmente os mesmos en ambos, e tamén coinciden na súa meirande parte as temáticas tratadas e as dinámicas seguidas na parte presencial da xornada. Os resultados da enquisa son moi positivos, e apuntan á conveniencia de continuar realizando esta actividade coas modificacións ou melloras que resulten pertinentes, por exemplo, facendo os axustes que se precisen na información subministrada a través das presentacións.

Analizando polo miúdo os resultados, o alumnado atópase en liñas xerais bastante ou moi satisfeito cos contidos tratados (87,8% dos enquisados), a duración da sesión (86,5%) e a súa estruturación (100%), e o 97,3% dos enquisados cualifica a sesión de acolida como positiva. Entre os escasos comentarios realizados polos enquisados sobre aspectos que sería necesario engadir á sesión atópase a observación sobre a necesidade de afondar máis no tema dos horarios (7 comentarios), cuestión posiblemente coxuntural derivada da complexidade do sistema de turnos rotatorios de asistencia que houbo que establecer por mor das restricións sanitarias.

### 1.2. INFORMACIÓN SOBRE OS GRAOS: REQUISITOS, ESTRUTURA, SAÍDAS (TODOS OS CURSOS). PRESENTACIÓN CAMPUS TERRA

A petición do Campus Terra, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información



para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao destinadas a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación (**AM-25** desenvolvida e incluída na listaxe de accións de mellora finalizadas da Memoria de Calidade do curso 2019-2020). As ligazóns ás presentacións son as seguintes:

<https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20PRIMARIA%20-%20ES.pdf>

<https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/MAESTRO%20EDUCACI%C3%93N%20INFANTIL%20-%20ES.pdf>

<https://www.usc.gal/campusterra/sites/default/files/D.%20G.%20EDUC.%20INFANTIL%20Y%20PRIMARIA%20-%20ES.pdf>

As presentacións están dispoñibles na web do Campus Terra, e coas actualizacións pertinentes empréganse dende o curso 2020-2021 tamén como ferramenta de orientación académico-profesional para todo o alumnado da Facultade. Considéranse recursos útiles para proporcionar datos de interese sobre as titulacións, tanto para futuros estudantes como para alumnado da facultade. Así, por exemplo, pódese atopar nelas información sobre saídas laborais, inserción laboral, plan de estudos, mobilidade, etc. Resulta conveniente, polo tanto, manter activa esta actividade.

### 1.3. SESIÓN INFORMATIVA MENCIÓNS (SEGUNDO CURSO)

Ao remate do curso 2020-2021, a coordinadora do segundo curso de Primaria e Dobre Grao colgou nas páxinas de coordinación dos cursos no Campus Virtual información relativa ás mencións cualificadoras, en forma de vídeos, presentacións e trípticos elaborados polos docentes das mencións con datos relevantes sobre cada unha delas. Ademais, dende a coordinación de curso organizouse o 10 de xuño de 2021 unha sesión informativa a través da plataforma Teams na que un docente da Facultade solucionou ao alumnado asistente as dúbidas que puideran xurdir en relación coas mencións. O alumnado foi informado do material existente no Campus Virtual e da organización da sesión informativa mediante o foro de novas do Campus Virtual.

Contabilizáronse un total de 37 alumnos/as asistentes á sesión, en conxunto algo máis dun terzo do alumnado matriculado. O número de asistentes non é moi elevado, pero iso pode deberse ao feito de que a meirande parte do alumnado non tiña dúbidas que solucionar relativas ás mencións, contando xa con suficiente información sobre as mesmas grazas ás presentacións e recursos colgados no Campus Virtual. En calquera caso, proporcionar orientación do alumnado sobre este aspecto dos plans de estudos considérase importante para que poidan configurar o seu perfil profesional de acordo coas súas preferencias e capacidades, polo que cómpre continuar desenvolvendo actividades nesta liña.

### 1.4. SESIÓN INFORMATIVA PRÁCTICUM (SEGUNDO CURSO): PRE-PRÁCTICUM

Esta sesión informativa ten lugar co alumnado de segundo curso de Primaria e Infantil, e nela explícase o funcionamento do Prácticum en xeral (materias que cursarán en terceiro e cuarto) e do Prácticum I en particular, así como a normativa aplicable e cuestións importantes que deben solicitar (Certificado de Delitos Sexuais, tipos de centros colaboradores, realización de estadía fóra de Lugo, incompatibilidades, etc.). A sesión conta todos os anos cunha alta taxa de participación por parte do alumnado.

No curso 2020-2021, debido ás restricións sanitarias da presencialidade derivadas da pandemia, a sesión tivo lugar mediante a plataforma Teams no mes de maio (o día 11 para Infantil e o 14 para Primaria). Os delegados dos cursos foron contactados previamente por correo electrónico para proporcionarlles os detalles da reunión que trasladarían aos seus compañeiros, e acordar datas e horarios. As sesións contaron coa asistencia masiva do alumnado convocado.

A sesión considérase esencial para orientar e preparar ao alumnado para as tarefas que desenvolverá en cursos posteriores nas dúas materias centrais da titulación (Prácticum I e II), cada unha das cales conta coas súas propias

sesións organizativas, polo que é sumamente recomendable a súa continuidade.

### 1.5. PROGRAMA DE ALUMNADO TITOR (TODOS OS CURSOS)

En xaneiro de 2021, dende as coordinacións de título informouse por medio do foro de novas do campus virtual ao alumnado de todos os cursos da posta en marcha dunha nova convocatoria do programa de tutores, dirixida ao alumnado de segundo curso e en diante para orientar ao alumnado de primeiro. Nesa convocatoria correspondente ao curso 20-21 non se recibiron solicitudes na Facultade para ser alumnado titor.

A escasa participación do alumnado neste programa e as posibles razóns xa se analizaran polo miúdo na memoria de calidade do curso 2019-2020 que se elaborou, como é costume, á metade do segundo semestre do curso 2020-2021, establecéndose como acción de mellora para o curso 20-21 na Memoria de Calidade (**AM-15**) contactar cos responsables do programa A Ponte, que tamén xestionan este programa, e achegar suxerencias de mellora co fin de facer esta iniciativa máis atractiva para o alumnado, por exemplo, replantexando e condensando contidos formativos para reducir o tempo adicado á formación, incrementando a formación online (máis flexible que a presencial), reducindo o número de créditos e as responsabilidades asociadas á titorización, ou actualizando a información dispoñible na web, visibilizando datos de interese para o alumnado (obxectivos do programa, recoñecemento, tarefas, etc.) e aportando información complementaria de utilidade, como vídeos con experiencias do alumnado titor.

Dese xeito, o 11 de maio de 2021 enviouse dende o Decanato da Facultade un correo electrónico aos responsables explicando a problemática e achegando suxestións de mellora. Polo momento, non se recibiu resposta, polo que se considera reabrir a acción para o curso 2021-2022 contactando novamente cos responsables do programa A Ponte (**AM-04** 2021-2022).

O programa considérase unha ferramenta útil para a orientación e apoio do alumnado que inicia estudos. Porén, en tanto non se fagan melloras no seu desenvolvemento é probable que o problema da escasa participación do alumnado persista. Esta iniciativa continuarase publicitando ao alumnado, pero, unha vez notificados os responsables da problemática detectada, farase un seguimento dos posibles cambios nas condicións de desenvolvemento do programa en cursos sucesivos para valorar se esta actividade continúa formando parte do Plan FORTE.

## LIÑA 2: ACTIVIDADES

### 2.1. INFORMACIÓN SOBRE BOLSAS, AXUDAS, PRÁCTICAS E ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROFESIÓN (TODOS OS CURSOS)

Os coordinadores de curso e de título informan puntualmente ao alumnado sobre todas aquelas convocatorias de bolsas, axudas, cursos, prácticas, e outras actividades relacionadas coa súa profesión por medio do foro de novas do Campus Virtual. Publicitar esta información considérase de utilidade para o alumnado, en tanto que estas axudas e actividades contribúen á completar a súa formación e mellorar o seu perfil profesional.

Dese xeito, dende as coordinacións de curso informouse no mes de xaneiro do XXXII Encontro da Confederación Estatal de MRP celebrado de xeito virtual, “Los derechos de la infancia en estado de alarma”. En febreiro de 2021 informouse da presentación virtual do proxecto “Te lo cuentan las matemáticas”, no que se tratou, entre outros aspectos, da importancia de aprender matemáticas dun xeito diferente e de poñer en valor ás mulleres matemáticas; tamén no mesmo mes se informou ao alumnado de cuarto curso do programa de voluntariado europeo. En xuño de 2021 publicitouse para o alumnado de cuarto a convocatoria de bolsas de colaboración en departamentos financiadas polo Ministerio de Educación para o curso 21-22. No mes de xuño publicitouse tamén para o alumnado de cuarto curso unha oferta de emprego da empresa Coeduca, que precisaba cubrir varios postos de persoal con formación en educación.

Por outra banda, os servizos que ofrece Área de Orientación Laboral publicítanse a todos os cursos da titulación mediante o foro de novas do Campus Virtual, e en cuarto curso presentouse especificamente a plataforma de emprego da USC no mes de xuño.

**2.2. XORNADAS DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (CUARTO CURSO)**

O alumnado de cuarto foi informado no mes de xuño de que o 1 de xullo de 2021 impartiríase, por parte de persoal da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC, previa xestión do Decanato da Facultade, unha sesión informativa virtual mediante Teams sobre orientación laboral, na que se proporcionou orientación sobre os primeiros pasos a dar antes de comezar a buscar traballo, as alternativas profesionais e a elaboración do Curriculum Vitae. De acordo cos datos facilitados pola Área de Orientación Laboral, asistiron á sesión 9 persoas. Unha presentación coa información facilitada na sesión púxose a disposición do alumnado mediante o foro de novas do Campus Virtual.

Aínda que os datos de participación son baixos (o cal podería estar relacionado co momento do curso no que se programou, no cal se estaba a producir a defensa de TFGs), considérase que esta iniciativa contribúe á orientación do alumnado polo que respecta a saídas profesionais e á busca de traballo, polo que cómpre fomentar e publicitar este tipo de actividades.

**2.3. INFORMACIÓN SOBRE SAÍDAS LABORAIS: SESIÓN INFORMATIVA SOBRE AS OPOSICIÓN (CUARTO CURSO)**

En resposta a unha solicitude que fixo chegar ao Decanato o alumnado de quinto curso do dobre grao no segundo semestre do curso 20-21, fixéronse as xestións oportunas para organizar unha sesión informativa sobre as oposicións, que se decidiu estender ao alumnado de cuarto curso dos graos de Primaria e Infantil. O alumnado deses cursos e o de quinto do dobre grao foi informado por medio do foro de novas de cuarto no campus virtual e por correo electrónico enviado á delegada de quinto da celebración os días 26 e 27 de maio de dúas sesións informativas sobre oposicións para Mestres/as de Infantil y de Primaria, impartidas por mestres en activo das dúas titulacións que aprobaron as oposicións recentemente. Por mor das restricións sanitarias, as sesións celebráronse virtualmente pola plataforma Teams. Asimesmo, para o alumnado que non puido asistir colgouse unha presentación da sesión na páxina de cuarto de primaria e quinto do dobre grao.

Na enquisa de satisfacción sobre esta actividade que se pasou ao alumnado, o 78,6% do alumnado de primaria encontrou a charla útil, e o 85,7% recomendaría volver a organizala en próximos cursos coa mesma persoa. No caso de quinto do dobre grao, o 100% dos enquisados respostou positivamente a ambos ítems. Tendo en conta os bos resultados obtidos, considérase que esta actividade debe ter continuidade.

**LIÑA 3: ACTIVIDADES****3.1. RELATORIOS CON PROFESIONAIS EXTERNOS, PRÁCTICAS DE CAMPO, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE-SERVIZO, OUTRAS ACTIVIDADES TRANSVERSAIS OU ESPECÍFICAS (TODOS OS CURSOS)****Primeiro de Primaria:**

- “Educación en feminino: un paseo pola historia”. Exposición dos pósters sobre educadoras da historia, realizados polo alumnado da materia “Teoría e Historia da Educación Escolar”. A IV colección (elaborada polo alumnado do curso 2020-21) estivo exposta nos seguinte lugares: Facultade de Formación do Profesorado, Campus de Lugo, USC (febreiro-abril 2021), IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela (maio 2021), Facultade de Ciencias da Educación, Campus da Coruña, UDC (outubro-novembro 2021), e Biblioteca Pública de Lugo (decembro 2021). Esta actividade, na que se implicou todo o alumnado da materia, dalle ao alumnado a oportunidade de traballar sobre a base dos coñecementos adquiridos nela, recollendo e tratando información para a súa divulgación. Por outra banda, contribúe a poñer en valor o traballo desenvolvido por mulleres educadoras ao longo da historia. O éxito da iniciativa, que celebrou este curso a súa cuarta edición, e o interese que desperta fóra da Facultade, apuntan á conveniencia de continuar promovendo o seu desenvolvemento.

- “Metodoloxía da investigación: desenvolvemento de cuestionarios para a investigación educativa” (21 Outubro 2020). Conferencia a cargo de profesional externo (Yazan Taher Abd Alwali Shawabkeh) vencellada á materia “Socioloxía da Educación”. A actividade centrouse na aproximación práctica á metodoloxía de investigación con cuestionarios e enquisas.

- “A Revolución educativa” (28 outubro 2020). Conferencia a cargo de profesional externo (Irene Romo Poderós) vencellada á materia “Socioloxía da Educación”. Na conferencia abordáronse temas de interese para o alumnado vencellados á súa futura profesión, tales como a perspectiva histórica do cambio socioeducativo no estado español, achegas e prácticas do feito educativo, o pensamento de educadoras revolucionarias como Antía Cal, María Montessori e Rosa Sensat, ou achegas pedagóxicas e problemáticas prácticas da actividade docente.

- “O rol das Organización non gobernamentais na intervención social: o caso da Fundación Lonxanet e os centros escolares de Galiza” (4 novembro 2020). Conferencia a cargo de profesional externo (Antonio García Allut) vencellada á materia “Socioloxía da Educación”. A conferencia aportou unha visión práctica (“aprendizaxe en comunidade”) e de posta en valor dos recursos do territorio de Galicia. Asimesmo, proporcionou exemplos dende o punto de vista da antropoloxía cultural sobre como promover mellores marcos de convivencia e unha educación que tome en conta a contorna e os seus recursos naturais. Esta conferencia permitiu aproximar ao alumnado aos proxectos educativos de centro, e a iniciativas como Ashoka, fundadas no emprendemento social, a educación no eido da alimentación e a soberanía alimentaria.

As tres actividades relacionadas coa materia “Socioloxía da Educación” contaron coa participación da maioría do alumnado matriculado na materia. Este amosouse atento e interesado, formulando preguntas e recollendo conclusións nas súas presentacións orais, poñendo en práctica a aprendizaxe dialóxica.

### Segundo de Primaria

- “Deseño de proxectos no centro e na aula” (19 decembro 2020). Conferencia a cargo de profesional externo (Eva Fraga Luaces) vencellada á materia “Deseño, desenvolvemento e innovación curricular”, na que se afondou nas vinculacións entre as programacións nos distintos niveis de concreción curricular. A actividade considérase de interese para a ampliación da formación do alumnado en aspectos relacionados co deseño e desenvolvemento curricular, e contou coa participación da meirande parte do alumnado matriculado.

- “Camiñando xunt@s” (20 abril 2021). Actividade de campo interdisciplinar, vencellada ás materias Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética, Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I, e Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I. Realizouse un tramo do Camiño de Santiago. O interese da actividade radica na súa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Abordouse o percorrido dende unha óptica matemática facendo paradas en lugares distinguidos para interpretalos en clave socio-científica. Na actividade Participou practicamente todo o alumnado de 2º curso. Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar. O alumnado percibe a actividade de interese, aínda que nalgún caso só sexa polo seu carácter diferencial e lúdico. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero si se ten percibido, nas conclusións de traballos académicos de materias da Área de Didáctica da Matemática relacionados coa análise e deseño de propostas docentes, a demanda deste tipo de actividades interdisciplinarias en contexto. A valoración xeral da actividade é positiva, polo que a vontade do profesorado implicado ata o momento é continuar desenvolvéndoa e ampliar o seu aproveitamento nas materias ampliando a relación de actividades. Porén, a continuidade da actividade dependerá da posibilidade de financiamento (a Facultade custeou os gastos con cargo ás Axudas para a mellora da docencia) e da disposición do profesorado responsable das materias implicadas.

### Terceiro de Primaria

- “Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)” (29-30 setembro 2020). Actividade de campo vencellada á materia “Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II”. Saída para observación de especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe. Esta actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada: aproximadamente 90 alumnos e alumnas dun

total de 110 estudantes matriculados. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademais, as actividades ao aire libre sempre, pero especialmente en tempos de pandemia, poden favorecer o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.

- “Saída de campo a Porto do Son” (7 outubro 2020). Actividade de campo vencellada ás materias Ensino e aprendizaxe das Ciencias Sociais II e Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II. Nesta saída interdisciplinar centrada en aprender a integrar dende unha perspectiva científica e didáctica crítica elementos naturais e culturais da paisaxe relacionados co cambio climático. Contouse ademais coa colaboración de dous expertos en depósitos cuaternarios. A participación do alumnado nesta saída realizada ao longo de todo un día foi alta, asistindo 75 estudantes dun total de 110 matriculados. Esta alta participación pode indicar o interese polas actividades desenvolvidas, e o bo ambiente mostrado tanto nos desprazamentos como na realización das diferentes tarefas reflicte a boa acollida da saída no seu conxunto, a pesares de todas as limitacións de organización e traballo debidas á pandemia.

- “Aulas abertas” (1 febreiro – 15 maio 2021). Actividade con profesionais externos vencellada á materia “Titoría e Orientación educativa”. Trátase dunha actividade que fomenta a adquisición dos contidos da materia, propoñéndose aulas abertas nas que, como mínimo para cada módulo, entra unha persoa relacionada co exposto: profesores, membros de asociacións de pais e nais, pais e nais non asociados, directores de centros educativos, coordinadores de proxectos de innovación, asesores de formación de profesorado, exalumnado cun TFG relacionado co tema, etc.

#### Cuarto de Primaria

- “Proxecto de Bana” (13 maio 2021). Conferencia a cargo de profesional externo vencellada á materia “Prácticum II”. Neste relatorio presentouse un proxecto educativo que xira en torno a unha cadela que actúa como ligazón para crear o sentimento de grupo-clase, e a el asistiu a meirande parte do alumnado matriculado. As sesións con profesionais externos relacionadas coas materias de Prácticum teñen por obxectivo que o alumnado coñeza experiencias de ensinanza-aprendizaxe dalgunha maneira singulares de man directa dos seus protagonistas. Trátase de que estas experiencias poidan servir como modelo e/ou motivar a reflexión do alumnado sobre o interese do Prácticum e os proxectos e prácticas de centro e aula. Esta e outras sesións con profesionais externos vencelladas ás prácticas son de interese formativo porque obrigan a esa reflexión, que o alumnado recolle nos seus informes de prácticas, e resultan un complemento adecuado ás propias prácticas escolares.

#### Primeiro de Infantil

Leváronse a cabo 3 actividades, en concreto:

- O 23 de novembro, na materia de “Socioloxía da Educación” a profesora Marta Poncet realizou unha actividade consistente en que unha alumna compartise cos seus compañeiros/as a experiencia vivida durante as súas prácticas no ciclo superior de FP de Educación Infantil na asociación educativa “Nenea Medrar Creando” (Lugo).
- Na asignatura de “Infancia, Saúde e Alimentación”, impartida pola profesora Lucía Moure, o pediatra Juan Manuel Capelo impartiu o 27 de abril unha sesión formativa sobre os principais problemas de saúde que aflixen aos nenos e cos que se poden atopar durante a súa vida profesional, centrándose en situacións que requiran actuacións como descompensacións diabéticas, anafilaxia... Tamén nesta mesma materia, o 4 de maio o médico do 061 José María Rey impartiu unha sesión interactiva abordando diferentes situacións de urxencia coas que se poden atopar as futuras mestras e Mestres de educación infantil durante a súa vida profesional como traumatismos, atragantamento, pérdidas de conciencia...

#### Segundo de Infantil

Non consta a realización actividades transversais, prácticas de campo e/ou actividades con profesionais externos.

#### Terceiro de Infantil

Realizáronse 4 actividades:

- Na materia “Literatura Infantil e Dramatización”, impartida pola profesora Montse Pena, levouse a cabo unha charla coloquio cunha profesional externa, en concreto con María Pousa, asesora de Bibliotecas Escolares.
- Durante o mes de abril, na asignatura de “Titoría e Acción Educativa”, a profesora Susana Vázquez invitou a varios profesionais externos para a realización de diversas charlas-coloquio, sobre temáticas diversas como: “a

importancia da titoría educativa nun centro de menores” (acción levada a cabo por Jorge Calvín), “a inclusión educativa dende a multiculturalidade” (cuxa responsable foi Marta Castro Girona) e, finalmente, “Experiencias Inclusivas: ApS e Patios Dinámicos” que foi unha charla-coloquio impartida por Ana María Pérez e Mónica Sánchez.

#### Cuarto de Infantil

Desenvolvéronse 2 actividades.

- Unha das actividades realizadas durante todo o semestre e vinculada á materia “Participación nos centros escolares” (impartida pola profesora T. Susana Vázquez Regueiro), consistiu en que cada alumno/a propuxese unha lectura que sería comentada, nunha sesión, por todo o grupo. A particularidade é que cada alumno/a debe conseguir que participe (presencial ou virtualmente) un profesional relacionado co tema da lectura, á vez que a profesora achega, igualmente, outro.
- Respecto á terceira actividade, denominada “Aulas Abertas”, foi levada a cabo durante todo o semestre pola profesora T. Susana Vázquez Regueiro, na asignatura “Participación nos centros escolares e Convivencia nos centros escolares”. A actividade consistiu en que para a adquisición dos contidos das materias, propóñense aulas abertas nas que, como mínimo para cada módulo, entra unha persoa relacionada co exposto: profesores, membros de asociacións de pais e nais, pais e nais non asociados, directores de centros educativos, coordinadores de proxectos de innovación, asesores de formación de profesorado...

Por outra banda, os profesores Pablo C. Muñoz Carril e Mari Carmen Caldeiro, en colaboración con outros docentes da Fac. de Ciencias da Educación de Santiago, finalizaron no mes de maio o proxecto de innovación titulado: “A creación de materiais educativos multimedia a través da ferramenta “EdiLIM”: píululas formativas de apoio para o alumnado dos Graos de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria”. Este proxecto fora concedido no marco da *II Convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia*. Debido á crise sanitaria o proxecto, que xa fora concedido no curso 2019-20, non se puido rematar ata maio do 2021.

A valoración xeral das actividades desenvolvidas dentro da liña 3 é positiva. Trátase de actividades útiles, que contan en conxunto cun alto grao de implicación do alumnado e que complementan a formación recibida na aula. Por outra banda, o propio alumnado manifesta a necesidade deste tipo de actividades, que despertan o seu interese, os motivan e promoven a reflexión sobre a práctica docente. Resulta, polo tanto, moi aconsellable continuar fomentando iniciativas nesta liña, mantendo e, de ser posible, ampliando as actividades que se realizan.

#### LIÑA 4: ACTIVIDADES

##### 4.1. CURSO DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS (NIVEL BÁSICO: PRIMEIRO CURSO; NIVEL AVANZADO: CUARTO CURSO)

A Biblioteca da Facultade organiza e imparte dous cursos de competencias en información, un de nivel básico para o alumnado de primeiro e outro de nivel avanzado para o alumnado de cuarto. Estes cursos contribúen ao desenvolvemento de competencias transversais do alumnado polo que respecta á busca e citación de información e á realización de traballos académicos, e son especialmente útiles para a realización do TFG. Entre os seus obxectivos destacan:

- o Recoñecer a importancia das competencias dixitais e xestionar o tempo de estudo.
- o Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e recursos TIC da USC.
- o Coñecer, buscar e avaliar fontes de información e recursos.
- o Axudar na realización dun TFG mediante o uso de metodoloxía científica e o uso ético da información.
- o Comprender a propiedade intelectual.

A información sobre a posta en marcha dos cursos publicitouse por medio do Campus Virtual, con mensaxes e un video explicativo elaborado dende a Biblioteca. O curso básico de primeiro desenvolveuse no primeiro semestre (outubro-novembro 2020) e contou cun bo dato de matrícula (72 matriculados en infantil e 59 aptos; 93 matriculados en primaria e 69 aptos). O curso avanzado desenvolveuse tamén no primeiro semestre (novembro-décembro 2020) pero cunha cifra máis baixa de matriculados e aptos (65 matriculados entre primaria, infantil e dobre grao, e 34 aptos). Cómpre ter en conta que o alumnado xa recibe unha formación básica importante no curso que ten lugar en primeiro, e ademáis conta co asesoramento do profesorado titor do TFG e tamén coa información e recursos complementarios que proporcionan outros servizos da universidade, tales como a Biblioteca Universitaria ou o

Servizo de Normalización Lingüística. Ademais, por cuestións sanitarias o curso académico empezou con retraso respecto ao calendario habitual, o cal aumentou a carga de traballo do alumnado do último curso no semestre pola finalización das clases das materias optativas ao mesmo tempo que as obrigatorias. Por outra banda, por cuestións organizativas tamén relacionadas coa pandemia, non foi posible que o director da Biblioteca presentase de xeito presencial os cursos ao alumnado, polo que se recorreu aos vídeos introductorios. Ambas razóns puideron tamén influir na baixa participación.

En calquera caso, e co fin de aumentar a participación do alumnado, Decanato e coordinacións de título colaboraron para facer as oportunas xestións e organizar unha segunda edición do curso avanzado en terceiro curso, barallando a posibilidade de manter o curso nese ano se se observaba unha resposta positiva. O curso publicitouse do mesmo xeito que nos casos anteriores e tivo lugar no segundo semestre (marzo 2021), pero a resposta foi moi baixa, xa que se matricularon 14 alumnos entre Primaria, Infantil e Dobre Grao, con 8 aptos. Tendo en conta os resultados, propónse que o curso avanzado permaneza en cuarto, así como manter estas accións formativas pola súa importancia para a formación en competencias transversais do alumnado.

#### 4.2 PROXECTO COMPETENTES (TODOS OS CURSOS)

No curso 2019-20 púxose en marcha este proxecto trala súa pilotaxe no curso 2016-17. O Proxecto CompetentesS persegue promover o bilingüismo nos Graos e Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, desenvolvendo e avaliando as competencias lingüísticas do alumnado en lingua galega e castelá nas diferenes materias adscritas ao programa. Trátase polo tanto dunha iniciativa interdisciplinar que contribúe á formación do alumnado en canto a competencias transversais. O proxecto continúa a ter unha boa acollida e implicación por parte do profesorado, contando no curso 20-21 con 20 materias de formación básica, obrigatorias e optativas adscritas impartidas no Grao de Infantil (3 con perfil de castelán, unha bilingüe e o resto de galego) e outras tantas en Primaria (2 con perfil de castelán, unha bilingüe e o resto de galego).

A iniciativa e a súa continuidade están plenamente xustificadas tendo en conta as actuais competencias lingüísticas do noso alumnado cando ingresa na Facultade (escoita comprensiva, lectura comprensiva, escrita e oralidade): en xeral, tanto a nivel oral e escrito, pode considerarse moi mellorable a expresión tanto en galego como en castelán, pero nos últimos cursos vense detectando por parte do profesorado unha merma moi significativa da competencia de expresión oral en galego, que se pon de manifesto cunha porcentaxe cada ano máis alta de alumnado que non é capaz verdadeiramente de comunicarse oralmente en galego con fluidez. Na Comisión de Normalización Lingüística abordouse o tema deste descenso na competencia do galego falado, que ademais corroboran os informes, estremadamente preocupantes, que tanto a RAG como o Consello da Cultura Galega publicaron no 2021 sobre a lingua galega e a mocidade galega da actualidade.

#### 4.3. CURSO DE HABILIDADES COMUNICATIVAS (CUARTO CURSO)

No mes de marzo, as coordinacións de título informaron ao alumnado de todos os cursos da posta en marcha do módulo de formación en presentacións dixitais por parte do Servizo de Normalización Lingüística, sinalándose o interese deste módulo para a formación do alumnado na defensa de traballos académicos.

A publicidade deste tipo de iniciativas desenvolvidas por distintos servizos da USC considérase importante para animar ao alumnado a perfeccionar as súas competencias transversais, polo que se recomenda a súa continuidade.

#### 4.4. CURSOS DE FORMACIÓN: CLM

Ao inicio do curso 2020-2021, o alumnado foi informado dende as coordinacións de título a través do foro de novas do Campus Virtual das actividades desenvolvidas polo Centro de Linguas Modernas da USC, que organiza cursos de linguas e exames de certificación de nivel, ambos útiles, entre outras cuestións, para mellorar o perfil profesional do alumnado, desenvolver competencias transversais (coñecemento de linguas estranxeiras) e ter acceso a programas de mobilidade participando en estadias Erasmus en centros que teñen convenios coa Facultade. Tendo en conta isto, considérase oportuno continuar proporcionando información ao alumnado sobre este tipo de actividades.

**MPES e MDAEN**

No MPES leváronse a cabo actividades complementarias, consistentes en conferencias a cargo de profesionais externos (acción de mellora **AM-16** no curso 2020-21 que se propón para continuar no seguinte curso como **AM-08**). Asimesmo, organizáronse cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital) (**AM-17**), propoñéndose a súa continuidade para o curso 2021-22 (**AM-09**).

Ademais no MPES (FFP-campus de Lugo) organizouse a charla “Os centros integrados de formación profesional” e organizáronse 2 seminarios formativos dirixidos aos estudantes do máster:

- Seminario “O proceso de oposición”. Data de finalización: 25/02/2021.
- Micro-obradoiro de pedagogía dos sentires. Data: 12 e 19/02/2021.

No caso do Mestrado DAEN leváronse a cabo varias accións formativas dentro do marco do mestrado. Realizáronse as seguintes actividades e videoconferencias a cargo de profesionais externos (**AM-16**), que tamén se propón para continuar no curso 2021-22 (**AM-08**):

- Idoia Cuesta. “Visita guiada ao obradoiro de cestería”.
- Sandra Goded & Rudi Esteban. “ Efectos de prácticas forestales sobre la biodiversidad y custodia de territorio por Quercus Sonora.”
- Manuel Díaz Fernández. “Visita guiada a Sotavento”.
- Marien González Hidalgo. “Geografías emocionales de los incendios forestales” (videoconferencia).
- Pedro Partal “Seguridad en el medio natural desde la perspectiva del rescatador” (videoconferencia).
- Julián Otero Rodríguez. “Ecosistemas creativos” (videoconferencia).
- Bibi Marful & María Mayorga. “Dirección de grupos e resolución de conflictos na natureza” (videoconferencia).

Tamén se realizaron actividades encamiñadas a que os estudantes mellorasen o seu coñecemento sobre empresas agrícolas e espazos singulares de conservación do patrimonio rural (**AM-22**), que se propón para continuar no curso 2021-22 como **AM-14**. En canto a patrimonio rural é histórico as actividades de formación foron as seguintes: a visita á Lagoa do Rei e núcleo restaurado de Uriz, a visita a Alligal de Codesido, humidal e lagoa de auga termal, entre outras. A visita programada á comarca de Fonsagrada tivo que realizarse como unha viaxe virtual debido ás restricións por mor do covid-19. Esta actividade comprendía a visita á aldea abandonada de Romeán, cunha pequena parte da Ruta do Gallol, a ruta do Castañoso cunha preparación sobre as peculiaridades do castro do Castelón, así como a parte baixa da ruta de Liñares de Bidul desde a aldea de A Fornaza ata a ponte de Vilabol. O Camiño Primitivo entre o Alto de Acebo ata Melide realizouse en 5 etapas. Por mor da pandemia, non foi posible pernoctar ao longo da ruta, polo que o alumnado regresaba a Lugo en autobús ao finalizar cada etapa. Outra das actividades de interese para a formación do alumnado foi a plantación de árbores pola celebración do día dos bosques (**AM-19** que se reabrirá como **AM-11** no curso 2021-22).

Como consecuencia do confinamento pola situación sanitaria, foi imposible levar a cabo a actividade en Potes cos estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (**AM-18** no curso 2020-21 que se reabrirá como acción de mellora **AM-10** no curso 2021-22).

**D3.E. MOBILIDADE DO ALUMNADO****GMEI e GMEP**

As convocatorias SICUE e Erasmus son as que atraen á meirande parte do alumnado participante, e os datos dos cursos dispoñibles (2015-16, 2018-19 e 2020-21) amosan que o alumnado se atopa satisfeito con estes programas, outorgando 3,44 puntos sobre 5 no curso 2015-16, 3,80 no curso 2018-19, e chegando a 4,51 no curso 2020-21.

Con respecto á procedencia ou destino específicos do alumnado participante en programas de mobilidade, os datos máis recentes, do curso 2020-21, amosan que na FFP-Lugo participaron en programas de mobilidade saínte 2 estudantes Erasmus (Bélxica e Romanía) e 3 SICUE no Grao de Infantil, 3 estudantes Erasmus no Grao de Primaria (Austria e Bélxica), e 2 estudantes Erasmus (Austria) no Dobre Grao Os dous estudantes que tiñan concedida unha praza Erasmus en Finlandia tiveron que renunciar á estadía por circunstancias sobrevidas. En mobilidade entrante recibíuse un estudante



SICUE no Grao de Primaria na Universidade de Valladolid.

Tal e como consta nos sucesivos informes de seguimento, nos últimos cursos véñense desenvolvendo accións de mellora relativas á mobilidade de estudantes, e encamiñadas cara a fomentar a participación do alumnado nestes programas, tanto no Grao de Infantil coma no de Primaria e no Dobre Grao. Dese xeito, dentro da acción de mellora **AM-08** executada no curso 2020-2021, incrementáronse as tarefas de difusión de información en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polo centro, involucrando non soamente ao Responsable Académico de Mobilidade e aos coordinadores académicos de intercambios, senón tamén ás persoas que coordinan o título e os diferentes cursos. Como consecuencia, a mobilidade saínte total do alumnado da facultade aumentou de 5 alumnos/as no curso 2018-2019 a 8 no curso 2019-2020 e a 10 no curso 2020-2021. Ao longo do curso 2020-21, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto coas persoas coordinadoras dos títulos e as coordinadoras de curso informaron o alumnado por medio do campus virtual de todas as convocatorias relacionadas coa mobilidade, e trasladaron o material preparado polo Servizo de Relacións Exteriores, solucionando as dúbidas formuladas polo alumnado ou remitindo ás persoas coordinadoras de mobilidade correspondentes. No caso das prazas Erasmus, na FFP-Lugo o alumnado respondeu moi positivamente, cubrindo todas as prazas dispoñibles en universidades de fala inglesa para o curso 21-22, e mesmo quedando alumnado sen praza. A necesidade de continuar fomentando a participación motiva a reapertura da acción de mellora para o curso 2021-2022 (**AM-02**).

A participación xeral do alumnado en programas de mobilidade continúa a ser baixa, malia que cómpre matizar que na persistencia de prazas vacantes en destinos Erasmus inflúen cuestións económicas, de competencia lingüística do alumnado (por exemplo, na FFP-Lugo non se adoitan cubrir as prazas de Erasmus que requiren portugués, e non se cubren todas as prazas de francés), e de limitacións nas equivalencias entre os programas ofertados polas universidades de destino e o nosos planos de estudos, os cales preparan ao alumnado para o exercicio dunha profesión regulada cuxa normativa varía dependendo do país. Unha razón específica para a baixa participación no programa SICUE é sen dúbida de tipo económico, xa que as prazas SICUE non contan con bolsas. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, carecer tamén de bolsas e estar suxeitas a máis trámites burocráticos, xa que, de acordo co regulamento destes convenios, é o propio alumnado quen ten que xestionar a existencia de facultades equivalentes nas universidades con convenio para realizar os seus estudos, así como a compatibilidade dos plans de estudos.

Por outra banda, o aumento da oferta académica de destinos é complicada, tendo en conta as limitacións dos nosos planos de estudos, que non contan con suficientes materias impartidas noutras linguas aparte da castelá e a galega, o que supón unha dificultade á hora de atopar universidades de destino que accedan a intercambios na contorna europea. Porén, na FFP-Lugo, por exemplo, continúaase a traballar nesa liña; así, desde o curso 2014-2015 cóntase con dúas prazas de mobilidade para Romanía, e no curso 2020-2021 iniciáronse contactos con outras universidades en Finlandia e Albania para explorar as posibilidades de abrir novos convenios de colaboración.

**MPES e MDAEN**

No caso dos Mestrados, ao ser dun ano de duración, non se produce mobilidade saínte, xa que logo os Erasmus nos Mestrados teñen lugar no segundo ano.

**D3. F. METODOLOXÍA DA ENSINANZA E A AVALIACIÓN, E ADAPTACIÓN A NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE**

No referente á metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe, os programas das materias de Graos e Mestrados, dispoñibles na web da Facultade, permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que figuran nas memorias das titulacións.

No caso dos **Graos**, os programas das materias dos cursos son revisados e actualizados periódicamente polo profesorado das propias materias, e revisados tamén posteriormente polos coordinadores de curso, os cales elaboran informes nos que se presta especial atención á adecuación dos programas ás competencias previstas, á cumprimentación de todos os apartados dos programas, e á atención ás diversas casuísticas de avaliación. Estes informes son posteriormente elevados aos Coordinadores de Título e incluídos nos informes xerais da marcha dos cursos que estes presentan perante as Comisións de Título nas súas reunións periódicas.

Antes de rematar o curso académico 2019-2020 procedeuse, como é costume, á revisión dos programas do curso seguinte por parte das coordinacións de título e curso. O profesorado recibiu información e recomendacións do decanato e as coordinacións de título para a elaboración dos programas consonte ás *Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura para o curso 2020-2021* ([https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/web/descargas/20\\_06\\_26\\_Directrices-docencia-2020-2021.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/web/descargas/20_06_26_Directrices-docencia-2020-2021.pdf))

As devanditas directrices establecían a elaboración dos programas tendo en conta tres escenarios posibles: escenario 1 (normalidade adaptada), escenario 2 (distanciamento), e escenario 3 (peche das instalacións).

Os programas das materias das dúas titulacións foron revisados atendendo ás directrices e mediante o emprego dunha ficha deseñada ao efecto dende as coordinacións de título, de feito que puideran ser detectados erros ou omisións antes da aprobación dos programas polos correspondentes departamentos e pola Xunta de Facultade (véxase Anexo I). Polo que respecta ao título de Infantil, a maioría das materias cumprían os requisitos necesarios nos seus programas. Nos casos nos que faltaba información específica sobre os escenarios 2 e 3 contactouse co profesorado coordinador da materia a fin de que puidesen incorporar nos seus programas a información correspondente. En canto ao título de primaria, os informes de revisión de materias foron asimesmo favorables, dándose indicacións puntuais ao profesorado para que engadise aspectos concretos (por exemplo, incorporar información sobre a segunda oportunidade nos escenarios 2 e 3 ou o parágrafo recomendado polo Reitorado sobre o fraude). As materias que non puideron ser revisadas nos informes das coordinacións de curso na data límite de envío foron revisados pola coordinación de título dende a secretaría virtual, e trasladáronse aos departamentos correspondentes os avisos de que algunha materia non tiña feitos os cambios necesarios, dado que non tiña asignado profesorado para o vindeiro curso.

Nas seguintes ligazóns pódese acceder aos programas adaptados das materias dos dous graos no curso correspondente (2020-2021):

Grao en Mestre/a de Educación Infantil: <https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-mestre-educacion-infantil-0>

Grao en Mestre/a de Educación Primaria: <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/grado-maestro-educacion-primaria>

|  |                     |
|--|---------------------|
|  | MEMORIA DE CALIDADE |
|  | Páxina 73 de 137    |

No caso do Mestrado en Profesorado, o principal instrumento que vela pola xestión do Mestrado é a comisión de título, que está constituída coa presenza e participación de representantes dos centros de impartición e ten sede no centro responsable da titulación (Facultade De Ciencias da Educación). Funciona como unha comisión intercentros. Este é un punto forte na coordinación do Mestrado, porque a súa fragmentación en dúas comisións perxudicaría ás dinámicas de traballo conxuntas e moita da labor que se realiza en cada centro non resultaría operativa. De feito, a elaboración de programas, calendarios e guías docentes de Prácticum e Traballo Fin de Mestrado comúns a ambos centros ven sendo unha boa práctica para a organización e funcionamento da titulación.

No caso do Mestrado DAEN existe un coordinador por cada módulo de materias o que promove que non se produzan solapamentos de contidos, que os programas respondan ás competencias previstas e vela porque a carga de traballos dentro de cada módulo non exceda ás horas das que dispón o alumnado para tal fin.

Polo que respecta aos **Graos de Primaria e Infantil**, a adecuación da metodoloxía de ensino e de avaliación vese avalada polos indicadores dos resultados da aprendizaxe e os do grao de satisfacción coa docencia recibida por parte do alumnado e impartida por parte do profesorado. Isto mesmo acontece en relación ao MDAEN e no MPES, con porcentaxes lixeiramente superiores no caso do primeiro no que respecta ás taxas de avaliación, rendemento e éxito, e que se ven incrementadas se consideramos a satisfacción do alumnado coa docencia. (ver apartados correspondentes nesta mesma sección: [D3.I.](#) e [D3.J.](#)).

A acción de mellora **AM-03** do curso 2020-21 relaciónase co procedemento de avaliación en materias con máis dun profesor nos títulos de Grao, e executouse con éxito. Desde as coordinacións dos Títulos instase ás coordinacións de curso a trasladar información sobre a normativa de avaliación ao profesorado de materias compartidas e aos seus coordinadores, de xeito que o sistema de avaliación de cada unha desas materia sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa e na normativa. No [Documento Marco de Funcións](#) establécese asimesmo a responsabilidade dos coordinadores de materia a este respecto, e as enquisas de coordinación de curso contidas no documento recollen ítems específicos para detectar problemas de coordinación entre docentes que comparten materias. A información recollida nas enquisas envíase ao profesorado do curso, que pode facer alegacións ou comentarios, e de ser o caso, estas observacións trasládanse ao alumnado mediante o foro de novas do Campus Virtual.

Pola súa banda, e atendendo ao Obxectivo Estratéxico OE01 (Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente), cómpre destacar que no curso 2020-2021 desenvolveuse a acción de mellora **AM-13** relacionada coa adopción de metodoloxías educativas nos Graos que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade, así como co apoio das actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento (proponse a súa continuidade para o curso seguinte 2021-22 como **AM-03**). Esta acción executouse parcialmente, xa que no caso da convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC, non consta o anuncio dunha convocatoria para este tipo de proxectos no curso 2020-2021. Polo que concirne a proxectos de Aprendizaxe-Servizo, desde o Decanato infórmase tamén ao profesorado das convocatorias que se organizan a este respecto. Porén, na convocatoria do curso 20-21 non se presentou ningún docente desta Facultade. Unha posible causa pode ser as circunstancias derivadas da pandemia da Covid-19, que obrigaron a facer modificacións na docencia para ser impartida de xeito semipresencial, o cal levou aparelado un aumento da carga de traballo do profesorado e impediu a posta en marcha de proxectos ou iniciativas que se desenvolven presencialmente.

No caso do **MPES**, a acción de mellora **AM-23** (sobre a introdución de estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do Mestrado) levouse a cabo no curso 2020-2021 e propónse para continuidade no curso seguinte (**AM-15**, 2021-22).

En canto á adaptación a necesidades específicas, da detección de necesidades específicas ou adaptacións curriculares encárgase o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), que comunica ao profesorado as demandas formuladas polos/as estudantes neste sentido e recomenda liñas de actuación. No curso 2020-21 o SEPIU informou do seguinte alumnado con necesidades específicas: 6 estudantes no Grao de Primaria e grao de Infantil e 1 estudante de Mestrado impartido na FFP. No programa de voluntariado houbo 6 participantes: 5 estudantes do grao de Primaria e 1 estudante do grao de Infantil.

### D3.G.PRÁCTICASEXTERNAS(PRÁCTICUM)

#### GMEI e GMEP

Un dos compoñentes máis importantes do título para a capacitación profesional dos estudantes dos Graos de Infantil e Primaria é o Prácticum (prácticas externas) cunha asignación de 42 créditos de carácter obrigatorio na Memoria verificada. Na 1ª edición do título as prácticas distribúense en tres períodos (12 créditos. 2º curso, 3ºcuadrimestre; 18 créditos. 3º Curso 6º cuadrimestre; 12 créditos. 4º curso, 7º cuadrimestre), e na 2ª edición (implementada a partir do curso 2016/2017) en dous períodos (18 créditos. 3º curso, 5º cuadrimestre; 24 créditos. 4º Curso 8º cuadrimestre). Cada centro conta cun Coordinador Xeral do Prácticum, co que colaboran os coordinadores de cada unha das materias que o compoñen. Este organigrama responde á complexidade que supón a organización das prácticas e a súa importancia formativa. Para facilitar o seu desenvolvemento asínanse convenios coa Administración educativa correspondente, coa finalidade de regular a presenza do alumnado en centros escolares e favorecer a colaboración entre a Universidade e as institucións educativas.

No curso anterior á primeira materia de prácticas e antes de comezar cada Prácticum organízanse reunións informativas co alumnado por parte da coordinación xeral de prácticas para explicar o proceso de elección dos centros e o desenvolvemento das mesmas. Como xa se comentou no parágrafo anterior, ademais da coordinación xeral do Prácticum, cada Prácticum dos dous títulos conta cun coordinador específico, que se reúne co profesorado supervisor dese período de prácticas para deseñar os programas e guías docentes das materias e debater e resolver calquera incidencia. A este respecto propónse realizar unha actividade de orientación de xeito máis sistemático para o curso 2021-22, organizando unha xornada formativa para supervisores (**AM-07** 2021-22). Os supervisores do alumnado na Facultade levan a cabo asimesmo reunións de preparación, seguemento e reflexión co seu alumnado, manténdose en contacto permanente á súa vez cos titores externos nos centros de prácticas, iniciativa correspondente á acción de mellora **AM-11** desenvolvida no curso 2020-2021. Na FFP-Lugo, nas guías docentes dos Prácticums da titulación déixase constancia dos contactos que deben establecer os supervisores da Facultade e os titores externos do Prácticum, a frecuencia e os medios para facelo. Os contactos establécense así mesmo no [Plan Xeral do Prácticum](#) e no [Protocolo Intercentros do Prácticum](#). Por outra banda, entre a documentación que o alumnado leva ao centro nos dous Prácticums está unha carta dos supervisores aos titores na que se lles proporciona orientación sobre as tarefas que o alumnado debería realizar durante a súa estadía e mais os datos de contacto de cada supervisor. A entrega desta carta ao profesorado titor está tamén establecida no Plan Xeral do Prácticum. Cómpre ter en conta que a escasa asignación de horas por estudante supervisado dificulta as visitas aos centros de prácticas. Os contactos cos titores do Prácticum están polo tanto protocolizados no Plan Xeral do Prácticum, que foi renovado no curso 2020-2021, como se explica no parágrafo seguinte.

A Accion de mellora **AM-07** sobre a actualización do Plan Xeral do Prácticum executouse con éxito. Na FFP-Lugo realizouse unha adaptación do Plan Xeral, iniciándose a súa elaboración a finais do curso académico 2020/21 por parte da Coordinación Xeral de Prácticum da Facultade, sendo remitido con posterioridade aos membros da Comisión de Prácticum e TFG, para que unha vez feitas as achegas, o documento fose presentado publicamente á Xunta de Facultade para que os seus membros fixeran as propostas de modificación que consideraran oportunas. Este Plan Xeral, que ten en conta as adaptacións necesarias por mor dos novos plans de estudo dos Graos, foi aprobado o 17 de xuño de 2021.

Pola súa banda, a acción de mellora **AM-06**, desenvolvida durante o curso 2020-2021, está encamiñada a perfeccionar o desenvolvemento do Prácticum, particularmente en aspectos referentes á coordinación e á organización. A este respecto, dende as coordinacións do prácticum leváronse a cabo diversas actuacións e iniciativas encamiñadas a mellorar a formación do profesorado supervisor, ao establecemento de sesións organizativas, á elaboración do calendario do prácticum en colaboración co profesorado supervisor, así como á preparación das liñas de actuación dos Prácticums dos Graos tendo en conta as restricións aínda vixentes por mor da situación de emerxencia sanitaria. Por outra banda, No Plan Xeral do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao da FFP-Lugo, aprobado en Xunta de Facultade o 17 de xuño de 2021, concretamente no seu apartado 5.7 (papel dos centros educativos e a súa relación coa Facultade), establécese que no que respecta á Educación infantil o prácticum se poderá realizar nun ou nos dous ciclos das ensinanzas de educación infantil (Orde ECI/3854/2007). Dende a Facultade instase a que o alumnado curse o seu prácticum tanto no ciclo 0-3 coma no 3-6.

Tamén no curso 2020-2021, as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas Facultades traballaron conxuntamente para actualizar, revisar e renovar o Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e de Educación Primaria, a fin de establecer mecanismos axeitados de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum na FFP-Lugo e na FCE-Santiago. Este Protocolo foi aprobado pola Comisión Intercentros o 8 de xuño de 2021, en Xunta de Facultade da FCE o 11 de xuño de 2021 e en Xunta de Facultade da FFP o 17 de xuño de 2021.

Asimesmo, con respecto ao Prácticum dos Graos, detectouse a necesidade de recoller información sobre o desenvolvemento das prácticas nos centros para axustar e mellorar os procesos formativos do Prácticum. Con esta finalidade, propúxose como acción de mellora aberta para o curso 2020-2021 (**AM-12**) a creación dun foro de intercambio de experiencias dos titores externos do Prácticum, acción executada con éxito e protocolizada para ser levada a cabo de xeito bianual.

No curso 2020-2021, e como se pode ver a continuación, os datos amosan un nivel de satisfacción elevado coas prácticas externas, tanto por parte do alumnado, como dos titores profesionais e dos titores académicos. Así, no GMEI a satisfacción dos estudantes, titores profesionais e titores académicos sitúase en 4,67, 4,00 e 4,60, respectivamente. No GMEP as porcentaxes decrecen lixeiramente, aínda que se pode afirmar que a satisfacción é alta (4,00, 4,31 - último dato correspondente ao curso 2018-19-, e 4,40, respectivamente).

No caso do Dobre Grao, non hai datos dispoñibles sobre o índice de satisfacción coas prácticas, e tampouco datos de egresados, xa que a dobre titulación non se implantou aínda na súa totalidade.

**MPES**

No caso do Mestrado en Profesorado de Secundaria, o Prácticum ten asignado un total de 12 créditos: 4 no primeiro semestre (Prácticum I), e 8 no segundo (Prácticum II). A xestión do mesmo realízase dende o vicedecanato do Mestrado de Profesorado (FCE-Santiago de Compostela) e a Coordinación do Mestrado (FFP\_Lugo).

No que respecta á satisfacción do alumnado da Facultade de Formación do Profesorado coas prácticas externas, cabe cualificala como moi positiva (4,53 sobre 5), e o mesmo acontece con relación á satisfacción dos titores académicos (4,29). Con respecto á dos titores profesionais, aínda que non hai datos específicos para o Campus de Lugo, sí que existen para o Campus de Santiago de Compostela (4,59), polo que se podería extrapolar unha valoración similar para Lugo, dada a similitude dos datos nos dous campus.

**MDAEN**

Pola súa parte, o MDAEN ten un só Prácticum, de 6 créditos, que se desenvolve no segundo semestre; a asignación de titor faise dende a coordinación de prácticum; sendo o alumnado o que elixe a institución de destino, procedéndose a asinar un convenio no caso de que este non exista.

No que respecta ao curso 2020-2021, os estudantes fixeron una avaliación do Máster no seu conxunto na que valoran a experiencia do Prácticum como “excelente” o “moi boa” nun 82,35% das respostas.

Por outra banda e con relación ás valoración dos titores externos, despois de varios cursos sen ter información deste punto, no curso 2020-2021 as súas opinións son especialmente positivas coa labor desenvolta polos estudantes (4,17).

**D3. H. TFG e TFM (ASIGNACIÓN, SUPERVISIÓN E AVALIACIÓN)****GMEI e GMEP**

Na FFP-Lugo existe a figura do coordinador ou coordinadora dos TFG da titulación tanto de Primaria como de Infantil. Tendo en conta o elevado número de traballos que se presentan e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación, a coordinación dos TFG require un esforzo ímprobo que, ademais, goza dun escaso recoñecemento académico (20 HDE). A asignación de titorizacións realízase tendo en conta as preferencias do alumnado e o seu expediente académico. Polo que respecta aos procesos de supervisión e avaliación, por mor do elevado número de alumnado e o escaso número de docentes que poden asumir esas tarefas, solicitouse un cambio do regulamento que afecta á avaliación e que se puxo en marcha a partir do curso 2016-17, do que se da conta nun parágrafo anterior, dentro do apartado dedicado ao desenvolvemento das distintas normativas (**D3.A.**).

O grao de satisfacción dos docentes coa titorización dos TFGs acadou un 3,56 de 5 en Primaria (baixando desde o 4,34 do curso anterior) e un 3,62 en Infantil (baixando tamén desde o 4,21 do curso anterior). Se ben non son valoracións excesivamente baixas, os valores son inferiores aos doutros ítems, o cal pode explicarse pola carga de traballo e a escaseza de docentes dispoñibles para asumir estas tarefas, o cal obriga ocasionalmente aos docentes a asumir titorizacións de traballos fóra das súas liñas de investigación.

Cómpre sinalar que a Biblioteca da Facultade organiza un curso de formación en competencias informacionais a nivel avanzado para orientar ao alumnado de cuarto curso dos Graos de Primaria e Infantil na realización do TFG. A información xeral sobre os cursos da Biblioteca proporciónase no apartado de orientación académica e profesional (**D3.D.**) nesta mesma sección. O curso encádrase no Plan FORTE-FFP, e o desenvolvemento do mesmo explícase no apartado **D3.D** como actividade pertencente ao Plan.

Os resultados acadados polos estudantes dos Graos nesta materia continúan a ser satisfactorios. No curso 2020-21 no Grao de Infantil defendéronse un total de 78 traballos na FFP-Lugo, 5 deles por alumnado do Dobre Grao, outros 5 pertencentes ao Curso Ponte do Grao en Mestre de Educación Infantil (2ªed), 7 TFG por estudantes da primeira edición do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e, finalmente, 61 TFG elaborados por alumnado da segunda edición do Grao de Mestre/a de Educación Infantil. A cualificación máis frecuente acadada polos estudantes foi de Notable, cun 70,51% (55), seguida de Aprobado, cun 24,36% (19), Sobresaliente, cun 2,57% (2) e Suspenso, cun 2,57% (2). A puntuación máis frecuente foi un 7,5 (32 traballos). No curso 2020-21, no Grao de Primaria defendéronse un total de 105 TFGs na FFP-Lugo, entre as dúas edicións do Grao, o Curso Ponte e o Dobre Grao. A cualificación máis frecuente acadada polos estudantes foi de Notable, cun 71,42% (75), seguida de Aprobado, cun 20% (21), Sobresaliente, cun 5,71% (6), Suspenso, cun 1,90% (2) e Matrícula de Honra, cun 0,95% (1). A puntuación máis frecuente foi un 7,50 (58 traballos).

- **MPES**

No que respecta ao Mestrado en Profesorado, tamén se realiza dende a biblioteca un curso en competencias dixitais (**AM-17** para o curso académico 2020-2021), co mesmo obxectivo que nos graos. Así mesmo, no proceso de asignación de titorización, séguese o criterio de expediente académico, que se van amosando como positivo. No que coresponde aos resultados, no MPES defendéronse un total de 59 TFM (22 na especialidade de FP, 18 na especialidade de Ciencias e 19 na de Linguas). Houbo 3 suspensos (5,08%), 13 aprobados (22,03%), 31 notables (52,54%), 11 sobresaíntes (18,64%) e 1 matrícula de honra (1,69%).

- **MDAEN**

No MDAEN, cada alumno dispón dun titor ou titora que o orientará na elección e realización do seu proxecto fin de mestrado, sendo estes os que propoñerán unha oferta ampla de posibles traballos a desenvolver que, con independencia dos seus obxectivos, metodoloxías e contidos concretos, deberán axustarse formalmente ao modelo xeral de proxecto fin de mestrado. O procedemento a seguir consiste en: a comezos de decembro ofértase ao alumnado unha listaxe de profesorado coas liñas de traballo e investigación e, nunha reunión conxunta, cada estudante elixe titor conforme a nota de corte ata completar a cota de cada titor. Por outra banda, e coa finalidade de harmonizar os criterios de avaliación do TFM, tamén se deseñou para o MDAEN unha lista de control para a aprobación dos proxectos de TFM pola comisión académica (**AM-31**, finalizada no curso 2019-2020) que, unha vez aprobada pola Comisión de Título, está publicitada na páxina web da Facultade dende o curso 2018-19.

Dos 29 TFM, a nota media de cualificación dos Traballos Fin de Máster do curso 2020-2021 foi de 8,24. Case un punto máis que o curso anterior. Os temas desenvolvidos polos estudantes acadan unha grande variedade o que garante tanto a versatilidade do título, como que as competencias se acadan dun xeito moi persoalizado, conforme os intereses de cada estudante e que amosan como as competencias do Máster son flexibles ás motivacións discentes.

Dos 29 TFM defendidos, 1 acadou a cualificación de matrícula de honra (3,44%), 10 acadaron a cualificación de sobresaínte (34,48%), 15 de notable (51,7%), 3 aprobados (10,34%) e non houbo suspensos.

**D3. I. RESULTADOS DA APRENDIZAXE**

Os indicadores de resultados para o curso 2020-2021 en todas as titulacións impartidas na Facultade ofrecen valores moi positivos en xeral, en comparación coa media da USC, tal e como se desprende da táboa seguinte:

|  | Grao en<br>Mestre/a de<br>Educación<br>Infantil | Grao en<br>Mestre/a de<br>Educación<br>Primaria | Dobre Grao en<br>Mestre/a de<br>Educación<br>Infantil e<br>Primaria | Mestrado en<br>Profesorado<br>de Educación<br>Secundaria | Mestrado en<br>Dirección de<br>Actividades<br>Educativas<br>na Natureza | Media<br>USC |
|--|---|---|---|--|---|--------------|
| <b>Taxa de<br/>rendemento</b>                            | 93,52%  | 91,76%  | 98,10%  | 94,28%   | 98,46%  | 80,97%       |
| <b>Taxa de éxito</b>                                     | 96,40%  | 95,18%  | 99,89%  | 98,88%   | 100%  | 87,92%       |
| <b>Taxa de avaliación</b>                                | 97,01%  | 96,40%  | 98,21%  | 95,35%   | 98,46%  | 92,09%       |
| <b>Taxa de<br/>graduación</b>                            | 83,33%  | 91,46%  | ---   | 98,33%   | 92,00%  | 62,06%       |
| <b>Duración media<br/>dos estudos</b>                    | 4,53  | 4,38  | 5   | 1,18   | 1,17  | 5,07%        |
| <b>Taxa de abandono<br/>durante o primeiro<br/>curso</b> | 0%  | -5,66%  | 11,76%  | ---  | ---   | 15,96%       |
| <b>Taxa de abandono<br/>RD 1393/2007</b>                 | 10%   | 2,44%   | ---   | 0%   | 0%  | 21,63%       |

Como se aprecia na táboa, os indicadores presentan valores satisfactorios excepto a taxa de abandono no primeiro curso no Dobre grao de 11,76%, non obstante ese valor está por debaixo da media da USC (15,96%). A razón para estas cifras atópase no feito de que unha certa porcentaxe de alumnado decide continuar os seus estudos no Campus de Santiago e solicita o traslado, fundamentalmente por cuestións económicas e de proximidade á súa residencia, xa que moitos destes estudantes viven na área de Santiago ou en zonas máis próximas a Santiago que a Lugo.

**D3. J. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS SOBRE O PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE****GMEI e GMEP**

O índice de satisfacción coa docencia recibida por parte do alumnado e coa docencia impartida por parte do profesorado mantéñense en valores elevados nos Graos de Infantil e Primaria. Así, no curso 2020-2021 a satisfacción do alumnado acadou un 4 de 5 en Infantil, un 4,19 en Primaria e un 4,38 no Dobre Grao, mentres que a do profesorado chegou ao 4,14 en Infantil e ao 4,10 en Primaria.

Con respecto aos ítems mellor e peor valorados polo alumnado na enquisa de satisfacción, no caso do alumnado de Infantil valórase positivamente a resolución de dúbidas (4,21) e o desenvolvemento dos contidos de acordo co cronograma das materias (4,16), e entre os ítems peor valorados están a carga de traballo (3,88) e os materiais para a preparación da materia (3,98). O alumnado de Primaria valora positivamente a resolución de dúbidas (4,48), e o desenvolvemento dos contidos de acordo co cronograma das materias (4,32), e os ítems peor valorados refírense á carga de traballo (4,05) e á mellora do nivel de partida (4,11). Pola súa banda, o alumnado do Dobre Grao valora positivamente a resolución de dúbidas (4,63), mentres que os ítems peor valorados son os materiais para a preparación da materia (4,25) e os recursos didácticos (4,33). En liñas xerais, pódese observar que os ítems peor valorados acadan, non obstante, valores elevados sendo, en todo caso, explicables pola necesidade de adaptar a docencia ao sistema de turnos rotatorios, con docencia simultánea presencial e virtual, o cal plantexou considerables dificultades para a súa posta en práctica.



Con respecto ao profesorado, os ítems mellor valorados no Grao de Primaria, son o trato correcto co alumnado (4,88), a accesibilidade dos docentes para o alumnado (4,86) e a información proporcionada sobre os criterios de avaliación (4,85 en Primaria). No caso do Grao de Infantil os ítems mellor valorados foron asimismo o trato correcto co alumnado (4,81) e a accesibilidade (4,78). Entre os ítems peor valorados polos docentes atópanse o nivel de partida do alumnado (3,57), a titorización de TFGs e TFMs (3,62) e o desenvolvemento da docencia non presencial (3,67). Novamente, cómpre destacar que as puntuacións non son excesivamente baixas, pero poñen de manifesto que, na opinión do profesorado, as ferramentas institucionais postas á súa disposición para a docencia e a avaliación non se consideran de todo apropiadas para a súa aplicación a determinadas materias. Aínda que desde o centro se fixo un esforzo por manter o contacto co alumnado mediante o establecemento de turnos rotatorios por mor das restricións de presencialidade, a docencia e a avaliación non presenciais seguiron a plantexar evidentes problemas para a súa posta en práctica con grupos numerosos de alumnado.

Como xa se mencionou na sección **D1.D**, na Facultade de Formación do Profesorado o alumnado dos Graos é informado das canles para facer suxestións, queixas ou reclamacións na xornada de acollida. No caso dos Graos de Infantil e Primaria, no curso 2020-2021 presentouse perante a coordinación do título de Primaria unha queixa do alumnado por medio dun dos delegados de terceiro curso, que facía referencia a unha solicitude de prórroga dun prazo de entrega dun traballo dunha das materias do curso. Consultada a docente da materia, esta proporcionou cumprida información sobre cando se encargaron as tarefas e os seus prazos de entrega, fixando unhas datas enteiramente razoables. Porén, a docente manifestouse disposta a falar co alumnado sobre posibles modificacións de datas de entrega e a incidencia resolveuse satisfactoriamente.

As queixas e suxestións do alumnado dos Graos recibense ademáis mediante as enquisas de coordinación de curso previstas no Documento Marco, as cales son xestionadas polos coordinadores de curso e cuxos resultados se reflicten nos informes das coordinacións de título. As enquisas, adaptadas aos plans de estudos dos diferentes cursos, conteñen ítems para valorar o número de alumnos nos grupos, os espazos e recursos técnicos, os horarios, a carga de traballo, a coordinación docente, os solapamentos de contidos e a adecuación de contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nas programacións docentes. Por mor da situación de semipresencialidade, as enquisas do curso 2020-21 tiveron que facerse nalgúns cursos de xeito virtual. Como xa se mencionou en apartados anteriores, a información recollida nas enquisas trasládase ao profesorado do curso correspondente para o seu coñecemento e para que poida facer as observacións que estime oportunas. De ser o caso, esas observacións remítense ao alumnado a través do Campus Virtual.

Os resultados obtidos para os distintos cursos dos Graos amosan que, en xeral, a maioría do alumnado se atopa satisfeito cos diferentes ítems da enquisa. Porén, os aspectos que sinalan como mellorables son os horarios lectivos (clases espaciadas ao longo do día, ou presenciais e en liña consecutivas), os espazos, a carga total de traballo autónomo e os prazos de entrega axustados. Debe terse en conta que a situación de semipresencialidade na que se desenvolveu a docencia probablemente influíu no aumento do número de traballos a realizar fóra da aula e, consecuentemente, na acumulación de prazos de entrega. Por outra banda, aínda que ao comezo do primeiro semestre non se considerou oportuno solicitar esta información ao profesorado (xa que se estaba afacendo ao sistema de quendas rotatorias que poderían provocar axustes nos encargos de tarefas e traballos), o 21 de decembro solicitouse ás coordinacións de curso que procedesen á recollida e difusión de información entre o profesorado dos respectivos cursos sobre a carga de traballos encargados ao alumnado e prazos de entrega no segundo semestre, alomenos das materias obrigatorias, de feito que o profesorado tivese datos sobre a carga total de traballo e puidese realizar, se o considerase oportuno, modificacións nos seus propios traballos e prazos. Tamén cómpre ter en conta que a sensación que manifesta o alumnado de carga de traballo e prazos axustados non é totalmente atribuíble ás materias, senón que tamén ten que ver cos seus hábitos de traballo e planificación, en moitas ocasións deficientes. En calquera caso, para intentar resolver esta cuestión abrírase unha acción de mellora para o curso 2021-22 (**AM-05**), consistente na creación de calendarios de tarefas de edición conxunta para que o profesorado poida engadir neles as tarefas encargadas ao alumnado de cada curso e semestre nas súas materias, e no caso de detectarse sobrecargas, facer os axustes que estime oportunos.

Os atrancos organizativos derivados da configuración dos horarios de clase son de difícil solución por mor dos problemas de espazo e á insuficiencia de profesorado, ao que cómpre engadir os condicionamentos de horarios propios do profesorado asociado, e a necesidade de elaborar uns horarios compatibles para o alumnado que cursa o Dobre Grao, que ten que compartir horarios co alumnado do Grao de Infantil e o Grao de Primaria. Os problemas de infraestruturas e recursos humanos trátanse máis polo miúdo nas seccións correspondentes (**Directrices 4 e 5**).

### **MPES e MDAEN**

Atendendo ao MPES á satisfacción do alumnado coa docencia sitúase no 3,24 (campus de Lugo). Os aspectos mellor valorados, respectivamente, son que os contidos se desenvolveron acordo co cronograma previsto, o/a docente resolveu as dúbidas que se lle formularon e a comunicación co docente foi axeitada. O aspecto peor valorado foi que o/a docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron. Pola súa banda, o profesorado indica ter un nivel máis elevado de satisfacción que o alumnado (3,99), especialmente nos aspectos vinculados coa comunicación axeitada cos estudantes, como manter un trato correcto cos estudantese amosarse accesible aos estudantes. Os docentes amosanse menos satisfeitos cos aspectos relacionados coa formación de apoio para a mellora da docencia, é dicir, en canto á súa experiencia no uso de tecnoloxías para a docencia en remoto.

No MDAEN, o alumnado afirma ter un elevado nivel de satisfacción coa docencia recibida (4,12). Os aspectos mellor valorados teñen que ver coa resolución de dúbidas por parte do profesorado (4,29) e co desenvolvemento

|  |                     |
|--|---------------------|
|  | MEMORIA DE CALIDADE |
|  | Páxina 78 de 137    |

dos contidos (4,27). Pola contra, no que respecta aos índices máis baixos de satisfacción, estes se presentan con relación á motivación por parte do docente para unha participación crítica e activa (3,90) ou a carga de traballo (3,99).

No caso das titulacións de Mestrado, as incidencias que trasladan os estudantes responden a cuestións concretas e diversas, que adoitan ser resoltas directamente pola coordinación do título correspondente, sen necesidade de intervención por parte do Decanato/s (Lugo, no caso de MDAEN, Lugo e Santiago, no caso do MPES). Isto faise a través do delegados (se a incidencia non é especialmente importante), ou a través dos representantes de alumnado nas Comisións Académicas, se precisa unha toma de decisión por parte deste órgano.

**Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos****Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)****Aspectos a contemplar:**

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e Mestrado.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
  
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A garantía e mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos vinculados aos programas formativos (persoal académico e persoal de administración e servizos de apoio) réxese, na Facultade de Formación do Profesorado, polo establecido no proceso de soporte *PS-01, Xestión dos recursos humanos*, do [Manual de Procesos da FFP](#). Porén, este ámbito non é competencia directa nin principal da Facultade, e está sometido a procesos de nivel superior, que se recollen no [Manual de Procesos Institucionais de Calidade da USC](#), particularmente o *PI-03, Xestión dos recursos humanos*. Corresponde á Facultade, no marco das súas competencias, tal e como se recolle no seu SGC, avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta, e as condicións nas que desenvolve o seu labor.

#### D4. A. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

O PDI da Facultade conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións con relación aos títulos impartidos. Porén, cómpre mencionar a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. Esta situación conleva dúas consecuencias para o profesorado: por unha banda, a presenza de docentes con contratos precarios dificulta a súa estabilidade e, por outra banda, a falta de docentes imposibilita o desconto de HDE en aqueles docentes que asumen coordinacións. Polo tanto, propúxose como tarefa específica da acción de mellora para o curso 2020-2021 (**AM-32**), encamiñada ao aumento do profesorado permanente, establecer contactos coas instancias pertinentes para buscar solucións á carencia e precariedade do profesorado e aumentar o número de docentes permanentes a tempo completo, xa que este aumento contribuiría a unha mellora das condicións laborais do profesorado e, en consecuencia, a unha maior calidade docente e de xestión. Esta acción de mellora non ten continuidade para o curso 2021-22.

##### D4.A.1. TIPOLOXÍA DO PROFESORADO

- **GMEI e GMEP**

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total continúa en preocupante descenso con respecto ao curso anterior, pasando do 18,37% ao 17,31% no Grao de Infantil e do 16,95% ao 15,25% no Grao de Primaria, unhas cifras moi baixas debidas ás taxas de reposición insuficientes, a precariedade dos contratos e o estancamento da promoción do profesorado existente. Estas cifras contrastan significativamente coa media da USC que se sitúa no 58,56%.

No Grao de Primaria, o 54,24% dos/as 56 profesores/as do Grao son doutores. De todos eles 30 pertencen ás categorías que poden ter experiencia docente ou investigadora recoñecida na actualidade (incluíndo profesores axudantes doutores). As categorías docentes ás que pertencen os/as 56 profesores/as son as seguintes: Catedrático de Universidade (1), Titular de Universidade (5), Titular de Escola Universitaria (2), Profesor Contratado Doutor (15), Profesor Axudante Doutor LOU (7), Asociado de Universidade LOU (7), Profesor interino (10), Lector (1) e colaborador (1).

A táboa que se amosa a continuación recolle a distribución porcentual segundo as categorías de PDI, así como as horas impartidas. Só 8 docentes son funcionarios, o que equivale a un 14,3% sobre o total. Así mesmo, existe unha elevada porcentaxe de profesorado non permanente 58,93% (33 profesores e profesoras) que imparten máis da metade das horas totais do Grao de Primaria, especificamente un 54,83%.

| Grao de Mestre/a en Educación Primaria* |           |                |                |
|---|-----------|----------------|----------------|
| PDI-Categoría                           | Número    | Total (%)      | Horas (%)      |
| Asociado de Universidade LOU            | 14        | 25,00%         | 17,89%         |
| Catedrático de Universidade             | 1         | 1,79%          | 0,96%          |
| Colaborador                             | 1         | 1,79%          | 3,85%          |
| Contratado Interino -T3                 | 4         | 7,14%          | 7,99%          |
| Lector                                  | 1         | 1,79%          | 0,72%          |
| Profesor Axudante Doutor LOU            | 7         | 12,50%         | 17,65%         |
| Profesor Contratado Doutor              | 15        | 26,79%         | 30,59%         |
| Profesor interino                       | 6         | 10,71%         | 6,73%          |
| Titular de Escola Universitaria         | 2         | 3,57%          | 5,56%          |
| Titular de Universidade                 | 5         | 8,93%          | 8,05%          |
| <b>Total</b>                            | <b>56</b> | <b>100,00%</b> | <b>100,00%</b> |

\* Datos extraídos do documento 2502229\_E15\_2020-2021

No **Grao de Infantil**, o 55,77% dos 37 profesores do Grao son doutores. Os docentes que poden ter recoñecida a súa experiencia investigadora corresponden ao 36,84%. As categorías ás que pertence o PDI son as seguintes: Catedrático de Universidade (2), Titular de Universidade (4), Titular de Escola Universitaria (2), Profesor Contratado Doutor (10), Profesor Axudante Doutor LOU (8), Asociado de Universidade LOU (3), Lector (1), Colaborador (2) e Profesor Interino (5).

Como se pode apreciar na seguinte táboa, dun total de 37 profesores e profesoras que imparten docencia na titulación só hai 8 docentes (21,6%) que sexan funcionarios. Igualmente, compre destacar que unha alta porcentaxe é profesorado non permanente, en concreto, 24 docentes (64,8%).

| Grao de Mestre/a en Educación Infantil* |           |                |                |
|---|-----------|----------------|----------------|
| PDI-Categoría                           | Número    | Total (%)      | Horas (%)      |
| Asociado de Universidade LOU            | 3         | 8,11%          | 10,44%         |
| Catedrático de Universidade             | 2         | 5,41%          | 2,71%          |
| Colaborador                             | 2         | 5,41%          | 5,20%          |
| Contratado Interino -T3                 | 5         | 13,51%         | 13,66%         |
| Lector                                  | 1         | 2,70%          | 1,58%          |
| Profesor Axudante Doutor LOU            | 8         | 21,62%         | 13,48%         |
| Profesor Contratado Doutor              | 10        | 27,03%         | 30,94%         |
| Profesor interino                       | 5         | 13,51%         | 13,66%         |
| Titular de Escola Universitaria         | 2         | 5,41%          | 7,58%          |
| Titular de Universidade                 | 4         | 10,81%         | 14,41%         |
| <b>Total</b>                            | <b>37</b> | <b>100,00%</b> | <b>100,00%</b> |

\* Datos extraídos do documento 2502228\_E15\_2020-2021

#### • MPES

No **MPES**, no curso 2020-21 participaron un total de 23 docentes, correspondéndose a maior porcentaxe coa categoría profesional de profesor asociado (26,09%) e contratados doutores (21,74%), seguidos dos titulares, axudantes doutores e interinos (13,04%), e catedráticos de universidade, contratados interinos-T3 e colaboradores (4,35%). No que respecta á porcentaxe de PDI funcionario, aumenta con respecto ao curso anterior a un 20%. A porcentaxe de profesorado doutor aumenta lixeiramente (52% fronte ao 50% no curso anterior).

A carga docente para cada unha das figuras docentes recóllese na seguinte táboa:

| Mestrado Profesorado de Educación Secundaria* |           |                |                |
|---|-----------|----------------|----------------|
| PDI-Categoría                                 | Número    | Total (%)      | Horas (%)      |
| Asociado de Universidade LOU                  | 6         | 26,09%         | 29,59%         |
| Catedrático de Universidade                   | 1         | 4,35%          | 5,13%          |
| Colaborador                                   | 1         | 4,35%          | 2,72%          |
| Contratado Interino -T3                       | 1         | 4,35%          | 7,79%          |
| Profesor Axudante Doutor LOU                  | 3         | 13,04%         | 15,52%         |
| Profesor Contratado Doutor                    | 5         | 21,74%         | 16,51%         |
| Profesor Interino                             | 3         | 13,04%         | 13,11%         |
| Titular de Universidade                       | 3         | 13,04%         | 9,64%          |
| <b>Total</b>                                  | <b>23</b> | <b>100,00%</b> | <b>100,00%</b> |

\* Datos extraídos do documento 4311008\_E15\_2020-2021

#### • MDAEN

En canto ao **MDAEN**, durante o curso 2020-21, tivo 21 docentes dos que 18 eran doutores (85,71%). Oito docentes eran funcionarios (38,09%) (Titulares e Catedráticos de Universidade), 4 contratados doutores, 1 axudante doutor, 3 profesores contratados interinos e 5 asociados. A continuación inclúese unha táboa recompilatoria referente á categoría do PDI que imparte docencia no Mestrado, así como o cómputo de horas.

| Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza* |           |            |            |
|--|-----------|------------|------------|
| PDI-Categoría  | Número    | Total (%)  | Horas (%)  |
| Asociado de Universidade LOU                                 | 5         | 23,81      | 23,01      |
| Catedrático/a de Universidade                                | 3         | 14,29      | 21,96      |
| Contratado Interino -T3                                      | 2         | 9,52       | 7,84       |
| Profesor Axudante Doutor LOU                                 | 1         | 4,76       | 10,98      |
| Profesor Contratado Doutor                                   | 4         | 19,05      | 14,90      |
| Profesor/a interino/a  | 1         | 4,76       | 5,49       |
| Titular de Universidade                                      | 5         | 23,81      | 15,82      |
| <b>Total</b>   | <b>21</b> | <b>100</b> | <b>100</b> |

\* Datos extraídos do documento 4312425\_E15\_2020-2021

No **conxunto da facultade**, como se observa na seguinte táboa, a porcentaxe de profesorado funcionario no curso 2020-21 sitúase nun alarmante 18,06% de media no centro, cifra similar á do curso anterior pero moi inferior ás observadas en cursos precedentes e, como xa se mencionou anteriormente, sensiblemente máis baixa que a media da USC (58,56%). Isto débese en boa medida ás xubilacións, amortizacións de prazas de PDI funcionario e reposición con categorías de PDI estruturais como é o caso de Axudantes Doutores.

|  | 2015-16      | 2016-17      | 2017-18      | 2018-19      | 2019-20      | 2020-21      |
|--|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria   | -            | 29,82        | 30,51        | 24,24        | 18,46        | <b>14,49</b> |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L)   | 30,95        | 26,09        | 26,00        | 22,45        | 18,37        | <b>17,31</b> |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (L)   | 32,00        | 29,09        | 31,48        | 22,58        | 16,95        | <b>15,25</b> |
| Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza  | 36,36        | 34,78        | 31,82        | 30,43        | 33,33        | <b>36,36</b> |
| Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas [L] | 45,83        | 35,00        | 31,58        | 25,00        | 16,67        | <b>20,00</b> |
| <b>Total</b>   | <b>34,78</b> | <b>29,85</b> | <b>29,56</b> | <b>23,48</b> | <b>19,27</b> | <b>18,06</b> |

Por outra banda, unha análise comparativa por titulacións (ver táboa seguinte) desvela que no curso 2020-21 a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total foi de 56,39%, acadando un mínimo do 50% en tódolos títulos, mentras que a media da USC que é de 84,17%. Esta baixa porcentaxe de PDI doutor débese ao elevado número de figuras docentes que non requiren ser doutores, sobre todo de profesores asociados, colaboradores, interinos e dous titulares de escola universitaria.

|  | 2015-16      | 2016-17      | 2017-18      | 2018-19      | 2019-20      | 2020-21      |
|--|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria   | -            | 68,42        | 69,49        | 63,64        | 58,46        | <b>55,07</b> |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L)   | 59,52        | 67,39        | 68,00        | 67,35        | 59,18        | <b>55,77</b> |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (L)   | 62,00        | 67,27        | 68,52        | 59,68        | 57,63        | <b>54,24</b> |
| Mestrado Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza  | 68,18        | 73,91        | 77,27        | 69,57        | 76,19        | <b>72,73</b> |
| Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas [L] | 75,00        | 70,00        | 68,42        | 54,17        | 50,00        | <b>52,00</b> |
| <b>Total</b>   | <b>64,49</b> | <b>68,66</b> | <b>68,89</b> | <b>62,95</b> | <b>59,17</b> | <b>56,39</b> |

#### D4.A.2. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS RELATIVAS AO TRABALLO DESENVOLVIDO

A información sobre este apartado pódese atopar na correspondente sección da **Directriz 3 (D3.J)**, onde se analiza a satisfacción do PDI coa docencia impartida. Concretamente, o ítem da satisfacción co traballo desenvolvido acadou no Grao de Primaria un 4,10 de 5 puntos e no Grao de Infantil un 4,14.

A satisfacción do PDI dos Mestrados coa labor docente desenvolvida valórase de xeito similar á dos Graos, cun 3.99 de 5 no MPES e un 4,36 no MDAEN.

#### D4.A.3. FORMACION E MOBILIDADE DO PDI

Con respecto á formación continua do profesorado, na FFP-Lugo o PDI do Grao de Infantil participou nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC nunha porcentaxe moi superior ás dos cursos anteriores ao 2018-19, cifrándose a participación no curso 2019-20 en 66,67% e no curso 2020-21 nun 62,26% (existindo neste último curso un incremento superior aos 11 puntos respecto a cursos anteriores ao 2019-20). Este feito pódese deber á necesidade dos docentes de mellorar as súas competencias dixitais e metodolóxicas debido á necesidade de adaptarse a entornos híbridos e virtuais por mor das adaptacións derivadas da COVID-19. Uns datos semellantes se obtiveron no Grao de Primaria, onde a participación do profesorado no curso 2020-21 foi de mentras que a participación do PDI do Grao de Primaria tamén subiu ata o 64,41%.

No caso dos Máster non hai datos específicos sobre a participación do PDI en cursos de formación.

A nivel de centro, a satisfacción xeral do PDI coas actividades formativas desenvolvidas no curso 2020-21 acadou 4,49 situándose, polo tanto, en valores altamente positivos.

A situación derivada do Covid-19 impulsou a necesidade de maior formación por parte do PDI para afrontar a docencia e a avaliación en remoto. Unha acción de mellora desenvolvida no curso 2020-2021 (**AM-26**) e executada con éxito foi precisamente a organización de cursos para o emprego de ferramentas virtuais para o ensino e a avaliación.

Polo que respecta á mobilidade do PDI, no curso 2020-2021 a porcentaxe de profesorado participante en programas de mobilidade foi, no Grao de Primaria, do 1,79% dun total de 56 docentes. No Grao de Infantil diminuíu do 5% ata o 2,70% sobre un total de 37 docentes. No MPES e MDAEN ningún docente participou en programas de mobilidade. A participación nos programas de mobilidade continúa a ser baixa, aínda que cómpre sinalar que esta situación pode deberse a que, por mor da escaseza de profesorado, os docentes non poden participar en programas de mobilidade sen perxudicar directamente aos seus compañeiros/as de área, xa que estes teñen que encargarse da súa docencia. Asimesmo, cómpre ter en conta as circunstancias derivadas das restricións de mobilidade pola situación de emerxencia sanitaria nos cursos 2019-20 e 2020-21.

#### D4.A.4. ACTIVIDADE INVESTIGADORA

No Grao de Infantil, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total descende do 38,89% do curso anterior ao 36,84%, e no de Primaria descende tamén lixeiramente, pasando do 45,45% ao 43,48%, unhas cifras que poden explicarse pola precarización laboral e o estancamento da promoción do profesorado comentados anteriormente. No caso do Mestrado DAEN a porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total mantense no 84,62%, mentres que no Mestrado de Profesorado de Secundaria a porcentaxe aumenta no 2020-2021 ata o 50%. Na seguinte táboa pódese observar a evolución nas porcentaxes do PDI con sexenios sobre o PDI total nos últimos anos. En liñas xerais, a porcentaxe mantense ou descende lixeiramente nas diferentes titulacións con respecto ao curso anterior, sendo a media da USC do 85,47%.




|   | 2015-16      | 2016-17      | 2017-18      | 2018-19      | 2019-20      | 2020-21      |
|---|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| <b>Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria</b>   | -            | 40,74        | 51,85        | 48,00        | 47,83        | <b>48,00</b> |
| <b>Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (L)</b>   | 35,00        | 33,33        | 45,45        | 45,00        | 38,89        | <b>36,84</b> |
| <b>Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (L)</b>   | 37,50        | 38,46        | 50,00        | 47,83        | 45,45        | <b>43,48</b> |
| <b>Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza</b>  | 69,23        | 71,43        | 78,57        | 84,62        | 84,62        | <b>84,62</b> |
| <b>Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas [L]</b> | 64,29        | 60,00        | 55,56        | 55,56        | 42,86        | <b>50,00</b> |
| <b>Total</b>  | <b>47,89</b> | <b>44,90</b> | <b>51,42</b> | <b>53,33</b> | <b>50,60</b> | <b>50,00</b> |

A nivel de centro realizouse unha enquisa para coñecer a pertenza a grupos e proxectos de investigación do PDI, os datos máis recentes dispoñibles son os correspondentes ao curso 2019-20. Entre o profesorado participante, un 75% afirma formar parte no curso 2019-2020 dun grupo de investigación, indicando un total de 16 grupos de investigación, dos cales tres están adscritos á facultade (GEFIL, MESTURA, EDUNARTEX). Unha maior parte dos docentes que responderon son membros dos grupos de investigación, mentras que só tres son IP e dous actúan como colaboradores externos.

| <b>Grupos de investigación con participación na FFP</b>   |
|---|
| GI-2171 Grupo de investigación educativa MESTURA  |
| GI-2124 Educación, Naturaleza, Arte y Excursionismo (Edunartex)                                       |
| GI-1667 Razoamento, Discurso e Argumentación (RODA)   |
| GI-1867 Grupo Galego de Estudos para a Formación e Inserción Laboral (Gefil)                          |
| GI-1439 Grupo de Investigación Stellae  |
| GI-1762 Lingüística Aplicada ao Ensino e Aprendizaxe do Inglés, Tradución e Deseño Textual (LAEAITDT) |
| GI-1806 Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía (NeuroCogA-Aging)                         |
| GI-1927 Cidadanía E Comunicación  |
| GI-1451 Terceira Xeración   |
| GI-1447 Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA)   |
| GI-1584 Química Bioinorgánica e Supramolecular  |
| GI-1875 Aspectos evolutivos e intervención psicoeducativa   |
| GI-1438 Grupo de investigación de Tecnología Educativa(TecnoEduc)                                     |
| GI-1657 Historia agraria e política do mundo rural (HISTAGRA)   |
| GI-1584 Química Bioinorgánica e Supramolecular (SUPRABIOIN)   |
| GI-2173 Metalingüística   |

En canto á participación en proxectos de investigación, os datos máis recentes dispoñibles son os correspondentes ao curso 2019-2020, como se amosa na seguinte figura, houbo un 86% de participación, sendo a maior participación nos proxectos do plan nacional de I+D+i (58,06%), seguidos dos proxectos do plan autonómico (22,58%), outras actividades de investigación (16,12%) e proxectos europeos (3,22%).



#### D4.A.5. NECESIDADES DE PERSOAL: DETECCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS

En liñas xerais, pódese considerar que o PDI da FFP é suficiente e axeitado para atender ás necesidades dos títulos que oferta, aínda que sería desexable poder contar cun maior número de profesorado estable. Cómpre ter en conta que a contratación de profesorado e as súas condicións (categoría da contratación, posibles promocións, traslados de Campus, etc.) non dependen da Facultade. Con respecto ás necesidades de persoal, a Facultade (a través do equipo Decanal) mantense en contacto cos Departamentos e Vicerreitorías correspondentes para notificar necesidades específicas de persoal docente, unhas necesidades que son tamén detectadas nos informes sobre a marcha dos cursos por parte do alumnado delegado, e nos informes que elaboran os coordinadores de curso sobre a revisión dos programas das materias. Por outra banda, de acordo co Obxectivo Estratéxico OE10 da prórroga do Plan Estratéxico ([Plan Estratéxico 2016-2022](#)), propónse como acción de mellora para o 2020-2021 a solicitude de creación dun Vicedecanato centrado na xestión das titulacións e a calidade da Facultade (**AM-28** 2020-2021). A devandita solicitude xustifícase, entre outras razóns, polo elevado número de alumnos, que contrasta coa escaseza de profesorado con vinculación permanente, o feito de que nos últimos anos o profesorado da Facultade adoita superar a súa capacidade docente e non pode reducir HDEs, e a complexidade da organización académica do centro debido á insuficiencia de espazos e infraestruturas.

#### D4.B. PERSOAL DE APOIO Á DOCENCIA (PAS): SUFICIENCIA E ADECUACIÓN, FORMACIÓN, SATISFACCIÓN E DETECCIÓN DE NECESIDADES

O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é, en liñas xerais, suficiente, e conta non so coa cualificación apropiada, senón tamén cun elevado nivel en canto a anos de experiencia para desenvolver as súas funcións en relación cos títulos impartidos. Porén, cómpre sinalar que sería desexable poder contar cunha persoa máis en Conserxería na quenda de tarde (o centro conta con dúas persoas en quenda de mañá e unha de tarde). Esta foi unha acción de mellora proposta para o curso 2020-2021 (**AM-27**) que se levou a cabo, xa que se fixo a solicitude ás instancias pertinentes, pero non se recibiu resposta. A este respecto, debe terse en conta que o centro conta cun elevado número de estudantes e un horario continuado de clases de 8:30 a 21:30 h, e que outras facultades que seguen en número de estudantes á FFP contan con 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde. Na quenda de tarde o persoal de conserxería ten que atender ao alumnado e profesorado de dous graos, de dous mestrados e de cuarto ciclo. Aparte de desempeñar outras tarefas, o persoal en quenda de tarde atende demandas de información de tipo administrativo, ao non estar o persoal de administración. Asemade, cómpre considerar que, durante o período de confinamento, o traballo do persoal de conserxería veuse acrecentado polas continuas demandas de información do alumnado, os axustes nos calendarios e normativas, etc. Esta acción de mellora reabrirase para o curso 2021-22 (**AM-18**).

No curso 2020-2021 o PAS da FFP-Lugo contou cun total de 11 membros. Con respecto ao seu grao de **satisfacción** co traballo desenvolvido, a enquisa foi cuberta polo 27,27% do persoal, e a valoración experimenta un descenso con respecto ao curso anterior, sendo a valoración media de 4 sobre 5, e a valoración global de 3,84.

A participación do PAS en **accións formativas** no curso 2020-2021 acadou o 75%. Polo que respecta ao grao de satisfacción do persoal de administración e servizos coas accións formativas, a enquisa foi cuberta polo 41% dos participantes sobre o total de matriculados, e a satisfacción global sitúase en índices positivos, sendo de 7,64 sobre 10, manténdose o mesmo valor que no curso anterior 2019-2020.

Cómpre finalmente destacar a boa disposición e a implicación do PAS en tarefas de apoio directo aos programas formativos.

En particular, é preciso sinalar os cursos de Competencias Informacionais que se levan a cabo dende a Biblioteca da Facultade (integrados no Plan FORTE-FFP), que permiten aos estudantes ampliar e mellorar os seus coñecementos, aplicándoos nas diversas asignaturas.

**Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.  
Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos* do [Manual de Procesos da FFP](#) recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atenderlas planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles.

**D5.A. RECURSOS E SERVIZOS**

No curso 2020-21, e en liña co Obxectivo Estratéxico OE15 (Aumentar a dispoñibilidade de espazos e recursos materiais), procedeuse á adquisición do seguinte equipamento para aulas e espazos de traballo da Facultade, e acometéronse as reformas que a continuación se indican:

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 87 de 137

| CENTRO                                | ZONA DE ACTUACIÓN | EQUIPAMENTO E OBRAS<br>CURSO 20 - 21  |
|---------------------------------------|-------------------|---|
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 07/09/20 CM2050170035 FACT C/10403<br>5 Webcam LOGITECH C920 PRO  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 07/09/20 CM2050170036 FACT 1/000078<br>Substitución de 11 ventanas na Fac. Formación de Profesorado   |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 08/09/20 CM2050170038 Fact C/10431<br>5 Webcam LOGITECH C920 PRO<br>1 Ordenador portátil LENOVO V130-15IKB-81HN00GLSP I5 8 GB                                     |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 23/10/20 CM2050170049 Fact C/10529<br>3 Webcam LOGITECH C920 PRO  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 06/11/20 CM2050170055 FACT 2020625<br>3 Ordenadores portátiles HP 15 -1035G1 512 SSD 8GB DDR4 15,6" W10 Pro<br>64 Bits<br>3 maletín acolchado 15,6 NATEC DOBERMAN |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 11/11/20 CM2050170060 FACT F20030348<br>5 Silla operativa mec. basculante c/ brazo negro  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 12/11/20 CM2050170061 FACT A/44<br>Habilitación despacho para profesorado 3º andar da Fac. FP   |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 16/11/20 CM2050170063 FACT C/10627<br>2 Impresoras Brother HL-L2370DN   |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 23/11/20 CM2050170069 FACT 2020655<br>8 Monitores LED 23,6" Full HD 1920 X1080 ACER KA240HQ<br>2 Monitores LED 27" Full HD 1920 x 1080 ACER KA270H                |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 24/11/20 CM2050170073 FACT A/60<br>Pintar despacho Decanato.  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 03/02/21 CM2150170008 FACT 01/20210249<br>Instalación de tomas de rede nos novos despachos de profesorado no 3º andar da Facultade                                |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 04/02/21 CM2150170009 FACT C/10756<br>1 CPU UNYKA C10 I5-9400   |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 15/03/21 NC5017005 FACT NC5017005<br>1 Disco duro portátil  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 05/04/21 CM2150170015 FACT C/10881<br>Proyector EPSON EB-2250U  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 12/04/21 CM2150170016 FACT 01/20210548<br>Instalación de 1 toma na Sala de Xuntas da Facultade  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 24/05/21 CM2150170024 FACT 01/20210943<br>Instalación de 1 toma na sala de prof na pta 3 da Facultade   |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 24/05/21 CM2150170021 FACT A/17<br>Pintura Conserxería e Hall da Facultade  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 24/05/21 CM2150170022 FACT A/21<br>2 estanterías de 180x90x40<br>2 estanterías de 180x90x45<br>2 estanterías de 180x120x40  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo       | 02/06/21 CM2150170026 FACT Emit-/366<br>Reposición de 6 cristales rotos na Facultade  |

## MEMORIA DE CALIDADE

Páxina 88 de 137

|                                       |             |  |
|---------------------------------------|-------------|--|
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 11/06/21 CM2150170028 FACT A/2021117<br>Cambio de cerradura exterior con bombillo porta antipánico do patio.Regulación 4 ventanas de aluminio Aula de Plástica.  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 16/06/21 CM2150170029 FACT C/10988<br>3 Proyector BENQ MX536<br>1 CPU caja TACENS ANIMA, procesador 15-9600K, Placa H310M-s 2H, RAM8Gb, Fuente 80+ BRONZE, disco SSD 480Gb. Widows 10 Pro.<br>1 Transformador DELL 65W Ref. 450-AECL |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 30/07/21 CM2150170041 FACT 1/000092<br>Substitución de 17 ventanas na Facultade de Formación de Profesorado  |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 30/07/21 CM2150170041 FACT 1/000092<br>Substitución de 17 ventanas na Facultade de Formación de Profesorado  |

Fonte: Unidade de Servizos Económicos da FFP-Lugo

No relativo aos servizos, cómpre destacar o **Campus Virtual** e a **Biblioteca**, servizos xerais de apoio á docencia moi relevantes para o desenvolvemento dos programas formativos da Facultade. O Campus Virtual é unha ferramenta proporcionada polo Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC, utilizado na inmensa maioría das materias. En xeral, este servizo é valorado positivamente por alumnado e profesorado. Na última enquisa de satisfacción dos egresados que contempla este ítem (correspondente ao curso 2018-2019), o alumnado de Infantil e Primaria valora o Campus Virtual e a Secretaría Virtual con 4 puntos sobre 5. No curso 2020-21, o alumnado do MPES outorga un 3,66 e o do MDAEN un 4,33. Polo que respecta á utilidade do Campus Virtual para o labor docente, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación o Campus Virtual valórase tamén moi positivamente (4,58 en Infantil, 4,42 en Primaria, 4,33 no MPES e 4,11 no MDAEN). Cómpre ter en conta que durante o período de suspensión da actividade académica presencial por mor do Covid-19, o Campus Virtual pasou a ser unha ferramenta básica para a docencia e a avaliación en remoto, e para facilitar o seu emprego desenvolveuse un curso específico de formación para o PDI como acción de mellora desenvolvida no curso 2019-2020.

Polo que concirne á biblioteca, conta cunha excelente dotación de fondos documentais, todos eles en acceso directo. O persoal da biblioteca ocúpase anualmente, antes do inicio do curso, de verificar e, no seu caso, completar a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións do Centro. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder desde as instalacións universitarias. A satisfacción co servizo de biblioteca valórase positivamente nas enquisas realizadas aos egresados dos Graos de Primaria e Infantil con 4 puntos sobre 5 na última enquisa dispoñible que contempla este ítem, correspondente ao curso 2018-2019. Do mesmo xeito, na última enquisa dispoñible que contempla este ítem para os egresados dos Mestrados (2018-2019), os egresados do MPES valóranos cun 3,39 e os egresados do MDAEN cun 4, sendo en xeral valores positivos.

A Facultade conta asimismo cun servizo de **cafetería/comedor** tamén positivamente valorado polos egresados dos Graos na última enquisa dispoñible que contempla este ítem, correspondente ao curso 2018-2019 (4 puntos sobre 5 no Grao de Infantil e 5 puntos no Grao de Primaria). No MPES os egresados do curso 2018-2019 valoraron este servizo cun 2,88 e os do MDAEN cun 4.

Polo que respecta aos **Servizos de Xestión Académica**, a USC conta cun servizo centralizado, denominado Servizo de Xestión Académica, para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC. Este é o servizo encargado da tramitación, e tamén da orientación, nas cuestións de matrícula, solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos, etc. No ámbito específico da Facultade, a **Unidade de Xestión do Centro** atende a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto eficiente e máis próximo aos estudantes.

Con respecto aos **Servizos de Orientación Académica e Profesional**, a USC conta con servizos xerais encargados destas cuestións, tales como o Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU), que identifica e alerta das demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo; a Área de orientación laboral e emprego, que realiza actividades e provee información dirixida aos estudantes no tramo final de estudos, para a súa incorporación ao mercado laboral, e o Servizo de axudas e servizos ao alumnado, responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. Pola súa banda, a Oficina de Información Universitaria (OIU) orienta aos estudantes sobre as prestacións de todos estes servizos e os dirixe a uns ou outros en función das necesidades. Polo que respecta á Facultade, a orientación académica e profesional proporcionada ao alumnado e as accións de mellora relacionadas con ela explícanse con detalle na Directriz 3 da memoria, nos respectivos apartados de Orientación Académica e Profesional, Practicas externas (Prácticum) e TFG/TFM.

Destaca asimismo o **programa de acollida** ao alumnado de primeiro curso dos Graos de Primaria e Infantil que ten lugar todos os anos ao inicio do curso académico, e que forma parte do Plan FORTE-FFP.

## D5.B. VALORACIÓN DE ADECUACIÓN E SUFICIENCIA DE RECURSOS E SERVIZOS, E DETECCIÓN DE NECESIDADES

Os servizos cos que conta actualmente a Facultade poden considerarse adecuados en liñas xerais. Polo que respecta ás infraestruturas e recursos, aínda que continúa a haber certos problemas, especialmente de espazos (que condicionan, por exemplo, os horarios) e hai marxe de mellora, dende a Facultade, e tendo en conta os orzamentos dispoñibles, todos os anos procúrase adquirir e renovar material e acometer obras necesarias para acondicionar e mellorar os espazos de traballo, tal e como consta na relación de obras e adquisicións que figura no apartado de recursos e servizos (**D5.A**) nesta mesma sección.

Máis preocupante resulta o espazo para a docencia da área de Didáctica da Expresión Corporal, xa que se estivo a usar unha instalación da Consellería de Educación da Xunta de Galicia que presentaba graves problemas de limpeza e mantemento e sobre a que a Facultade non ten capacidade de actuación. Esta situación foi trasladada á Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo en maio de 2019, e no curso 2019-2020 trasladouse de novo o problema sobre o pavillón ao Xerente da USC e á Vicerreitoría do Campus de Lugo. A problemática co espazo para o desempeño da docencia de educación física, xunto coas melloras enfocadas ao equipamento das instalacións para mellorar a docencia en remoto, promovida pola Covid-19, quedaron recollidas como unha acción de mellora (**AM-29**) para o curso 2020-21. Con respecto á mesma, as obras e equipamentos adquiridos constan na sección D5.A. mencionada no parágrafo anterior. Cómpre sinalar que, días antes do inicio do curso 2020-2021, o director do pavillón comunicou ao decanato que, atendendo a instrución da Xefatura Territorial de Educación, o pavillón necesitaría ser empregado por dous IES cuxos pavillóns se atopan en obras, o cal obrigou ao alumnado e ao profesorado da Área de Expresión Corporal a desprazarse para as súas clases ao pavillón do CEIP Anexa e o pavillón do Seminario Menor, un arranxo que permitiu salvar temporalmente a situación e impartir a docencia das materias, aínda que non nas mellores condicións. Ao non ser unha solución suficientemente satisfactoria, a acción de mellora reabrirase para o curso 2021-22 (**AM-19**).

Asimesmo, a dotación dos equipos informáticos con ferramentas para a comunicación virtual durante o periodo de confinamento motivado polo Covid-19 facilitou a celebración de reunións telemáticas, o cal incrementou a participación dos axentes implicados e contribuíu a visibilizar o traballo dos diferentes grupos e comisións, á mellora do traballo en equipo e a un mellor coñecemento e implicación dos participantes no labor desenvolvido, particularmente polo que concirne ao funcionamento do SGC. Tendo en conta os bos resultados obtidos, promover o aumento da participación nas reunións dos diferentes órganos recorrendo a ferramentas virtuais propúxose como acción de mellora a desenvolver no curso 2020-21 (**AM-30** 2020-2021). Dese xeito, as reunións dos diferentes órganos e comisións da facultade tiveron lugar de xeito telemático nese curso, obténdose bos datos de participación. Esta acción de mellora reabrirase para o curso 2021-22 (**AM-20**) co fin de asentar unha dinámica de traballo máis participativa.

### D5.C. SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE

Cómpre sinalar que, ademais da adecuación para a función formativa, a Facultade debe tamén considerar a adecuación dos espazos e infraestruturas en canto ao cumprimento das normativas de seguridade no traballo. Neste sentido, a FFP ten actualizado o seu Plan de Autoprotección, e na [web da Facultade](#), na pestana correspondente a ese Plan, pódese atopar información sobre o Plan de Autoprotección, os protocolos de actuación en caso de emerxencia e evacuación, as accións formativas desenvolvidas, os informes dos simulacros de emerxencia, e os planos de sinalización. Por outra banda, a Facultade pasa cada cinco anos unha revisión específica do [Servizo de prevención de riscos laborais](#) para a identificación de posibles fontes de risco, e toda a información relativa á avaliación de riscos pódese atopar asimesmo na [web da Facultade](#). De acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas.

No relativo á accesibilidade universal, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Non obstante, aínda hai campo de mellora na adecuación das instalacións.

### D5.D. PRÁCTICAS EXTERNAS

Polo que respecta ao grao de satisfacción do alumnado que realiza prácticas externas coas instalacións e medios materiais nos centros de prácticas, no curso 2020-21 non se puido obter información por mor da situación de crise sanitaria xenerada polo Covid-19, sendo os datos máis recentes os do 2018-2019: dese xeito, no Grao de Infantil outórganse 4,38 puntos sobre 5, e no Grao de Primaria 4 puntos. En canto aos Mestrados, tampouco hai datos para o curso 2019-20, pero a satisfacción coas prácticas externas do MPES foi de 4,39 e no MDAEN de 3,5.

O Grao de Infantil contou no curso 2020-21 con 24 centros para a realización de prácticas no Prácticum I e 29 no Prácticum II. Pola súa banda, para o Grao de Primaria contouse coa colaboración de 18 centros no Prácticum I e 17 no Prácticum II

Nos Graos de Primaria e Infantil, o procedemento de asignación comeza no curso anterior, cando dende a Coordinación Xeral de Prácticum contáctase cos centros para que indiquen a súa dispoñibilidade de prazas para o curso seguinte.

No MPES, a organización do Practicum supón unha colaboración estreita entre o centro universitario responsable do mestrado e os centros de prácticas onde o alumnado realiza este módulo formativo. Dita colaboración está regulada na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio). Aqueles centros e docentes interesados en colaborar deben solicitarlo, se cumpren cos requisitos recolleitos na citada Orde, para ser acreditados. Esta convocatoria é anual, para que os datos duns e doutros poidan ser convenientemente actualizados, e permite ao alumnado do Mestrado contar cunha oferta moi ampla de distintos tipos de centros repartidos por toda Galicia.

Os prazos entre a publicación da listaxe oficial por parte da Consellería e o comezo das prácticas é bastante reducido. Isto provoca que a elección por parte do alumnado e a asignación de centro a cargo da coordinación de título teñan que resolverse nun breve período de tempo, coa complexidade que esta dinámica supón para un número tan alto de estudantes.



Desde a coordinación da titulación convócase ao alumnado a varias reunións informativas para explicar os procesos de elección dos centros de prácticas e asignación de supervisor/a universitario/a a cada estudante. A coordinación das prácticas en cada centro se ocupa de distribuír ao alumnado que acolle entre as persoas titoras. Normalmente a comunicación entre os/as supervisores/as universitarios e os/as titores/as dos centros adoita resolverse a través do correo electrónico. Este procedemento funciona de maneira satisfactoria e non se rexistran incidencias, aínda que é desexable que se fomente a cooperación entre centros e universidade de maneira máis directa, tanto para facer balance do Prácticum como para fomentar unha implicación máis construtiva na súa preparación, seguimento e avaliación.

En relación cos mecanismos de coordinación das prácticas externas, o MDAEN dispón de convenios con institucións colaboradoras escollidas especificamente por prestar servizos profesionais vencellados directamente aos ámbitos característicos da titulación (actualmente existen 49 convenios activos). Estes convenios renóvanse por vontade expresa das partes cunha periodicidade de catro anos. No curso 2020-2021, foron 9 as institucións que participaron no Prácticum.

#### **D5.E. SATISFACCIÓN, QUEIXAS E SUXESTIÓNS DOS GRUPOS DE INTERESE SOBRE RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

Nas enquisas ao PDI dos Graos sobre a docencia impartida, a puntuación media obtida respecto ao ítem: “O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,?)” son axeitados para o desenvolvemento da materia?”.

No caso do GMEI a puntuación media obtida foi de 4,10, o que reflicte un nivel de satisfacción elevado. En canto ao GMEP o promedio alcanzado tamén foi alto, concretamente de 3,79, mellorándose esta media respecto ao pasado curso (2019-20), xa que supuxo un incremento de 0,45 puntos. Estes índices elevados poden ser explicados, en boa medida, debido á actualización e melloras realizadas no campus virtual, así como á adquisición de numerosos materiais e recursos para as aulas (cámaras web, altofalantes, etc.) da FFP.

Como xa se mencionou na sección **D2.E.** (satisfacción, necesidades, queixas e suxestións relacionadas coas titulacións), nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación, tanto no Dobre Grao como nos dous Graos, o alumnado destaca como cuestión mellorable as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro, outorgando 2,78 puntos sobre 5 en Primaria, 2,59 en Infantil e 1,33 no Dobre Grao, en todos os casos inferiores ás do curso anterior (2,85 en Primaria, 2,69 en Infantil e 1,78 en Primaria). É posible que estes resultados estean influenciados polo feito de que as materias de Didáctica da Expresión Corporal non tiñan un espazo adecuado para o seu desenvolvemento no propio centro e tiveron que tomarse medidas de carácter excepcional (o traslado a outras instalacións), tal e como se explica nun parágrafo anterior na sección **D.5.B.**

Por parte do profesorado, nas enquisas de satisfacción coa titulación reciben igualmente unha baixa valoración as aulas e o seu equipamento (3,40 en Infantil e 3,48 en Primaria), malia que cómpre deixar constancia de que a valoración non é baixa e é en todo caso superior á do curso anterior (3,09 en Infantil e 3,20 en Primaria).

No caso dos Mestrados, nas enquisas de satisfacción coa titulación o PDI outorga ás aulas e ao seu equipamento unha puntuación que supera a do curso 2019-20, acadando unha calificación de 4 no MDAEN e de 3,88 no MPES.

Pola súa banda, o PAS valora con 3,94 puntos sobre 5 as condicións do seu posto de traballo (instalacións, mobiliario), e con 4,01 puntos os recursos, o cal da conta dunha satisfacción razoablemente elevada.

Aínda que polo xeral as puntuacións non son excesivamente baixas, certamente amosan que cómpre facer un seguimento da evolución destes datos, e como xa se sinalou en apartados anteriores, dende a Facultade continúanse a facer todos os esforzos posibles para que os recursos e os servizos vaian acadando paulatinamente mellores niveis de suficiencia e adecuación. Como se menciona na sección **D5.B.**, as accións de mellora **AM-29** e **AM-30** (executadas no curso 2020-2021) encamiñanse cara á mellora da calidade docente e da organización docente a través da modernización de recursos materiais e a reforma de infraestruturas e espazos.

**Directriz 6. Información pública**

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A xestión da información pública da Facultade desenvólvese conforme ao proceso de soporte *PS-06, Información pública*, do [Manual de Procesos da FFP](#), como garantía de que toda a información relevante das titulacións que se imparten nela faise pública, revísase periodicamente e actualízase co fin de manter informados aos grupos de interese. A información máis xeral para diversos grupos de interese (esencialmente futuros estudantes, pero tamén calquera persoa interesada na oferta de estudos da Universidade) está accesible desde a [páxina principal da Universidade](#).

A nivel da Facultade, mantense o contido informativo máis enfocado aos grupos de interese internos á organización (estudantes, PDI e PAS). Polo que respecta ao alumnado, nas distintas seccións da [web do centro](#) facilítase toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos (horarios, contacto do profesorado, información sobre Prácticum, TFG e TFM, mobilidade, programas das materias) e nas pestanas superiores hai ligazóns a páxinas de interese para o alumnado como a Secretaría Virtual, o Campus Virtual, o correo electrónico institucional, a Biblioteca, servizos da USC, etc.). Esta información actualízase antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo) para que o estudantado conte coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula. Co obxectivo de manter unha trazabilidade, particularmente para os procesos de avaliación institucional, pódese tamén acceder á información de cursos precedentes.

A información relativa ao Sistema de Calidade (Política de Calidade, Manuais do sistema, Actas de reunións da Comisión de Calidade, Memorias de Calidade, Informes de Seguimento e Acreditación) está publicada na web da Facultade, na sección 'Calidade'. Na sección 'O Centro', dentro da pestana 'Goberno', pódese atopar información correspondente a cada un dos órganos e comisións, e noutras pestanas desa mesma sección proporciónase tamén información sobre infraestruturas, servizos e persoal de apoio (PAS).

Con respecto ao grao de satisfacción dos grupos de interese coa información pública dispoñible, pódese valorar como referencia máis recente a satisfacción dos egresados do curso 2018-2019, xa que no curso 2019-2020 a enquisa non inclúe un ítem específico sobre este aspecto: en Infantil sube de 2,90 a 3,63 puntos no curso 2018-19, e en Primaria descende lixeiramente de 3,65 a 3,23, polo que se pode afirmar que o indicador se mantén en valores positivos. Polo que respecta aos Mestrados, non hai datos actuais sobre este parámetro. No MDAEN a valoración deste ítem foi de 3,13 puntos no curso 2018-19 e no MPES a puntuación do curso 2017-18 de 2,84 puntos sobre 5.

Nas enquisas a profesorado e alumnado sobre as titulacións de Infantil e Primaria no curso 2020-2021, a información dispoñible sobre a titulación valórase con 3,11 por parte do alumnado de Infantil (experimentando un descenso desde o 3,38 do curso anterior), e 3,98 por parte do profesorado (similar ao 3,97 do curso anterior). No caso de Primaria o alumnado outorga un 3,31 (sobe dende o 3,06 do curso anterior) e o profesorado un 4,00 (similar ao 4,09 do curso anterior). No caso do Dobre Grao este ítem valórase por parte do alumnado cun 2,33 (malia que cómpre puntualizar que a valoración dispoñible corresponde á media dos dous campus). Con respecto ao MPES, nas enquisas ao alumnado sobre a titulación, a información dispoñible valórase cun 2,70, e por parte do profesorado cun 3,97, e no caso do MDAEN o alumnado valora con 3,83 e os docentes cun 4,17. Estas puntuacións, especialmente no caso do alumnado, aínda non sendo en xeral excesivamente baixas, amosan que cómpre facer un seguimento destes datos para ver a súa evolución, especialmente polo que concirne á información dispoñible sobre o Dobre Grao. Porén, cómpre ter en conta que o alumnado do Dobre Grao non cursa unha titulación específica, senón unha combinación de dúas titulacións, polo que algunha información relativa a estes estudos atópase dentro das titulacións específicas que a compoñen. En calquera caso, agárdase poder mellorar a cantidade e a calidade da información dispoñible cos cambios que se están a producir na web da Facultade (**AM-31** 2020-2021), xa que no momento de elaborar a presente Memoria (abril-maio 2022) está a producirse unha redistribución de contidos da intranet, así como cambios na disposición e localización da información subministrada. Esta acción manterase para o curso 2021-22 (**AM-21**).

### 3. Plan de Melloras do Centro 2021-2022

Para o curso 2021-2022 propóñense un total de 21 accións de mellora na FFP, entre accións novas e accións que se manteñen do curso anterior. As accións **AM-01** a **AM-07** (7 accións) corresponden aos títulos de Grao (GMEI e GMEP), as accións **AM-08** a **AM-15** (8 accións) corresponden aos títulos de Mestrado (MPES e MDAEN), e as accións **AM-16** a **AM-21** (6 accións) propóñense como accións de mellora de centro, xa que concirnen a todas as titulacións e ao funcionamento xeral da Facultade.

#### LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2021-2022 (FFP)

| ID    | ORIXE   | DESCRICIÓN  | RESPONSABLE SEGUIMENTO  | DATA FIN PREVISTA | ESTADO |
|-------|---|---|---|-------------------|--------|
| AM-01 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC | Equipo Decanal e Coordinador do Programa A Ponte na Facultade                 | Xullo 2022        | Activa |
| AM-02 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Fomentar a participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade.   | Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios | Xullo 2022        | Activa |

## LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2021-2022 (FFP)

| ID    | ORIXE   | DESCRIPCIÓN   | RESPONSABLE SEGUIMENTO    | DATA FIN PREVISTA | ESTADO |
|-------|---|---|---------------------------|-------------------|--------|
| AM-03 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Adoptar metodoloxías educativas nos Graos que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento          | Coordinadores de título   | Xullo 2022        | Activa |
| AM-04 | Proposta de Mellora                                     | Contactar cos responsables do programa A Ponte e achegar suxerencias de mellora para o Programa de Titores que contribúan a aumentar a participación do alumnado neste programa.  | Equipo Decanal            | Xullo 2022        | Activa |
| AM-05 | Informes de Seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Creación de calendarios de tarefas de edición conxunta para que o profesorado poida engadir neles as tarefas encargadas ao alumnado de cada curso e semestre nas súas materias, e no caso de detectarse sobrecargas, facer os axustes que estime oportunos. | Coordinadores dos títulos | Xullo 2022        | Activa |
| AM-06 | Informes de Seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Reformulación do proceso de revisión de programas e creación dun rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na MVT  | Coordinadores dos títulos | Xullo 2022        | Activa |

## LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2021-2022 (FFP)

| ID    | ORIXE   | DESCRIPCIÓN   | RESPONSABLE SEGUIMIENTO   | DATA FIN PREVISTA | ESTADO |
|-------|---|---|---|-------------------|--------|
| AM-07 | Informes de Seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Proporcionar orientación e asesoramento ao profesorado supervisor do Prácticum de nova incorporación, organizando unha xornada formativa para supervisores                            | Coordinadora do Prácticum   | Xullo 2022        | Activa |
| AM-08 | Informes de seguimento do MPES e MDAEN                  | Propoñer actividades formativas nos Mestrados (relatorios e outras actividades) a cargo de profesionais externos  | Coordinadores dos títulos de Mestrado   | Xullo 2022        | Activa |
| AM-09 | Informe de seguimento do MPES                           | Deseñar, organizar e avaliar no MPES cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital)                  | Coordinador do título de Mestrado, Director da Biblioteca, Responsable servizo PFID | Xullo 2022        | Activa |
| AM-10 | Informe de seguimento do título de MDAEN                | Realizar no MDAEN unha práctica de campo e actividades ao aire libre en Potes (Cantabria) cos estudantes e profesores Universidade de Cumbria, que manteñen un máster similar ao DAEN | Profesorado do título   | Xullo 2022        | Activa |
| AM-11 | Informe de seguimento do título de MDAEN                | Dentro do MDAEN, celebración do Día dos Bosques cunha plantación de árbores autóctonas  | Coordinador do título de Mestrado   | Xullo 2022        | Activa |

## LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2021-2022 (FFP)

| ID    | ORIXE                       | DESCRIPCIÓN  | RESPONSABLE SEGUIMENTO                                   | DATA FIN PREVISTA | ESTADO |
|-------|-----------------------------|--|--|-------------------|--------|
| AM-12 | Informe de seguimento MDAEN | Facer unha acción de difusión por redes sociais e correo electrónico do MDAEN.   | Coordinador do título de Mestrado                        | Xuño 2022         | Activa |
| AM-13 | Informe de seguimento MDAEN | Animar aos estudantes para que participen nas enquisas de avaliación do título de MDAEN  | Coordinador do título de Mestrado                        | Maio 2022         | Activa |
| AM-14 | Proposta de mellora MDAEN   | Permitir aos estudantes do MDAEN o coñecemento de empresas agrícolas exemplares e espazos singulares de conservación do patrimonio rural | Coordinador do título de Mestrado                        | Febreiro 2022     | Activa |
| AM-15 | Informe de seguimento MPES  | Introducir estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do MPES   | Coordinador do título de Mestrado, profesorado do título | Xullo 2022        | Activa |
| AM-16 | Proposta de mellora         | Incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións   | Equipo Decanal   | Xullo 2022        | Activa |
| AM-17 | Proposta de Mellora         | Modificar a composición da Comisión de Calidade para mellorar a súa operatividade e darlle máis presenza ao alumnado.                    | Equipo Decanal Responsable de Calidade                   | Xullo 2022        | Activa |

## LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA ABERTAS 2021-2022 (FFP)

| ID    | ORIXE   | DESCRICIÓ   | RESPONSABLE SEGUIMENTO | DATA FIN PREVISTA | ESTADO |
|-------|---|---|------------------------|-------------------|--------|
| AM-18 | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP) | Aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde.                           | Equipo Decanal         | Xullo 2022        | Activa |
| AM-19 | Proposta de mellora                                     | Optimizar os espazos e recursos da facultade  | Equipo decanal         | Xullo 2022        | Activa |
| AM-20 | Proposta de mellora                                     | Fomentar o uso de ferramentas virtuais para celebrar reunións de comisións e outros órganos | Equipo decanal         | Xullo 2022        | Activa |
| AM-21 | Proposta de mellora                                     | Mellorar a información pública dispoñible da facultade                                      | Equipo decanal         | Xullo 2022        | Activa |



## AM-01

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Participar en programas de captación de estudantes  |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo</b><br>Equipo Decanal, Coordinador do Programa A Ponte na Facultade   | <b>Data inicio:</b> Setembro 2021  | <b>Data fin:</b> Xullo 2022 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE04 Participar activamente nos programas de captación de estudantes que desenvolve a USC.           |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-01 Análise de perfil de ingreso e captación   |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Participación no programa A Ponte e en XuvenCiencia; número de centros contactados e accións desenvolvidas | <b>Meta a conseguir</b><br>Dar a coñecer a oferta formativa dos Graos na FFP a futuro alumnado, mantendo ou incrementando os contactos cos centros de ensino medio |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-01</b>   |  |                             |

|   |  |
|---|--|
| <b>ACCION DE MELLORA</b>  |  |
| <b>Código</b>   | AM-01  |
| <b>Orixe</b>  | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)                            |
| <b>Ámbito de aplicación</b>   | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| <b>Análise causa:</b> Conveniencia de continuar participando nos programas de captación de estudantes   |  |
| <b>Definición/descrición proposta:</b> Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC  |  |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2022; Inicio: Setembro 2021                                    |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Activa   |
| <b>Responsables</b> Equipo Decanal, Coordinador do Programa A Ponte na Facultade  |  |
| <b>Tarefa1 (AM-01.T1)</b>   |  |
| <b>Descrición tarefa:</b> Participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC   |  |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2022  |  |
| <b>Responsable:</b> Equipo Decanal, Coordinador do Programa A Ponte na Facultade  |  |
| <b>Estado</b> Activa  |  |
| <b>Tarefa2 (AM-01.T2)</b>   |  |
| <b>Descrición tarefa:</b> Consolidar e potenciar o dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, como oferta docente distintiva no Sistema Universitario de Galicia, vía para a captación de estudantes excelentes e capacitación privilexiada do alumnado egresado de cara ao mercado laboral |  |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2022  |  |
| <b>Responsable:</b> Equipo Decanal, Coordinador do Programa A Ponte na Facultade  |  |
| <b>Estado</b> Activa  |  |

## AM-2

|  |   |                             |
|--|---|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Aumentar a participación do alumnado dos Graos en programas de mobilidade          |   |                             |
| <b>Responsable do obxectivo</b><br>Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios | <b>Data inicio:</b> Setembro 2021   | <b>Data fin:</b> Xullo 2022 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE09 Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.   |   |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas  |   |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Número de prazas de mobilidade concedidas                                     | <b>Meta a conseguir</b><br>Manter ou aumentar o número de prazas de mobilidade concedidas |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-02</b>  |   |                             |

|   |  |
|---|--|
| <b>ACCION DE MELLORA</b>  |  |
| <b>Código</b>   | AM-02  |
| <b>Orixe</b>  | Informes de Seguimento do GMEI e GMEP  |
| <b>Ámbito de aplicación</b>   | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| <b>Análise causa:</b> Baixa participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade.  |  |
| <b>Definición/descrición proposta:</b> Fomentar a participación do alumnado dos Graos nos programas de mobilidade.  |  |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2022; Inicio: Setembro 2021                                    |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Activa   |
| <b>Responsables</b> Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios   |  |
| <b>Tarefa1 (AM-02.T1)</b>   |  |
| <b>Descrición tarefa:</b> Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polo centro. |  |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2022  |  |
| <b>Responsable:</b> Responsable Académico de Mobilidade, Coordinadores Académicos de Intercambios   |  |
| <b>Estado</b> Activa  |  |

## AM-3

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Apoiar metodoloxías educativas que integren proxectos de ApS e TICs           |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo</b><br>Coordinadores dos títulos de Grao  | <b>Data inicio:</b> Setembro 2021  | <b>Data fin:</b> Xullo 2022 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE01 Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas                                     |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Proxectos concedidos   | <b>Meta a conseguir</b><br>Concesións de proxectos relacionados con ApS e TICs |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br><b>(Código) AM-03</b>   |  |                             |

|  |  |
|--|--|
| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>   |  |
| <b>Código</b>  | AM-03  |
| <b>Orixe</b>   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)                            |
| <b>Ámbito de aplicación</b>  | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| <b>Análise causa:</b> Conveniencia de promover a participación do profesorado dos Graos nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS).   |  |
| <b>Definición/descrición proposta:</b> Adoptar metodoloxías educativas nos Graos que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento. |  |
| <b>Datas</b>   | Finalización: Xullo 2022; Inicio: Setembro 2021                                    |
| <b>Estado/Eficacia</b>   | Estado: Activa   |
| <b>Responsables:</b> Coordinadores dos títulos de Grao   |  |
| <b>Tarefa1 (AM-03.T1)</b>  |  |
| <b>Descrición tarefa:</b> Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS).   |  |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2022   |  |
| <b>Responsable:</b> Coordinadores dos títulos de Grao  |  |
| <b>Estado</b> Activa   |  |
| <b>Tarefa2 (AM-03.T2)</b>  |  |
| <b>Descrición tarefa:</b> Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalgunha das diferentes modalidades establecidas na convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC           |  |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2022   |  |
| <b>Responsable:</b> Coordinadores dos títulos de Grao  |  |
| <b>Estado</b> Activa   |  |

**AM-4**

|   |   |                             |
|---|---|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Potenciar as accións de orientación académica do alumnado   |   |                             |
| <b>Responsable do obxectivo</b><br>: Equipo Decanal                                       | <b>Data inicio:</b> Setembro 2021   | <b>Data fin:</b> Xullo 2022 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado ---</b>  |   |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-02 Planificación das ensinanzas                     |   |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Número de alumnado participante no Programa de Titores | <b>Meta a conseguir</b><br>Aumentar o número de alumnado participante no programa |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br><b>(Código) AM-04</b>                           |   |                             |

|  |  |
|--|--|
| <b>ACCION DE MELLORA</b>   |  |
| <b>Código</b>  | AM-04  |
| <b>Orixe</b>   | Proposta de mellora  |
| <b>Ámbito de aplicación</b>  | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| <b>Análise causa:</b> Conveniencia de aumentar a participación do alumnado dos cursos superiores dos Graos no Programa de Titores da USC   |  |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b> Contactar cos responsables do programa A Ponte e achegar suxerencias de mellora para o Programa de Titores que contribúan a aumentar a participación do alumnado neste programa. |  |
| <b>Datas</b>   | Finalización: Xullo 2022; Inicio: Setembro 2021                                    |
| <b>Estado/Eficacia</b>   | Estado: Activa   |
| <b>Responsables:</b> Equipo Decanal  |  |
| <b>Tarefa1 (AM-04.T1)</b>  |  |
| <b>Descrición tarefa:</b><br>Contactar cos responsables do programa A Ponte e achegar suxerencias de mellora para o Programa de Titores que contribúan a aumentar a participación do alumnado neste programa.            |  |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2022   |  |
| <b>Responsable:</b> Equipo Decanal   |  |
| <b>Estado</b> Activa   |  |

## AM-5

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Crear un mecanismo de recollida de datos sobre a carga de traballos |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b><br>Coordinadores dos títulos                                     | <b>Data inicio:</b> Setembro 2021  | <b>Data fin:</b> Xullo 2022 |
| <b>Obxectivo estratéxico:</b> OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente.       |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados:</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas                          |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Número de traballos e datas de entrega                         | <b>Meta a conseguir</b><br>Recoller e difundir entre o profesorado información sobre a carga de traballos do alumnado. |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas</b><br><b>(Código) AM-05</b>                                   |  |                             |

|   |   |
|---|---|
| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>  |   |
| <b>Código</b>   | AM-05   |
| <b>Orixe</b>  | Informes de Seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)   |
| <b>Ámbito de aplicación</b>   | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado<br>Directriz 2 Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos |
| <b>Análise causa:</b> Necesidade de poñer en marcha mecanismos para a recollida sistemática de datos que permitan visionar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre.   |   |
| <b>Definición/ descrición proposta:</b><br>Creación de calendarios de tarefas de edición conxunta para que o profesorado poida engadir neles as tarefas encargadas ao alumnado de cada curso e semestre nas súas materias, e no caso de detectarse sobrecargas, facer os axustes que estime oportunos.  |   |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2022; Inicio: Setembro 2021   |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Activa  |
| <b>Responsables:</b> Coordinadores dos títulos  |   |
| <b>Tarefa1 (AM-05.T1)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b><br>Os coordinadores de curso poñerán a disposición do profesorado de cada curso e semestre por medio das aulas de coordinación do Campus Virtual unhas táboas-calendario elaboradas polas coordinacións de título, onde os docentes poderán sinalar as tarefas de maior peso encargadas ao alumnado para cada materia. Dese xeito, o profesorado poderá obter unha visión xeral da carga de traballos asignados ao alumnado |   |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2022  |   |
| <b>Responsable:</b> Coordinadores dos títulos   |   |
| <b>Estado</b> Activa  |   |

|  |                     |
|--|---------------------|
|  | MEMORIA DE CALIDADE |
|  | Páxina 114 de 137   |

## AM-6

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Activar mecanismos para detectar desviacións dos programas das materias dos Graos coas fichas das Memorias Verificadas dos Títulos. |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b> Coordinadores dos títulos  | <b>Data inicio:</b> Setembro 2021  | <b>Data fin:</b> Xullo 2022 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente   |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-02 Planificación das ensinanzas   |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Informes de coordinación de Título e Curso   | <b>Meta a conseguir</b><br>Activar mecanismos para detectar desviacións dos programas das materias dos Graos coas fichas das Memorias Verificadas dos Títulos. |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-06</b>   |  |                             |

|   |   |
|---|---|
| <b>ACCION DE MELLORA</b>  |   |
| <b>Código</b>   | AM-06   |
| <b>Orix</b>   | Informes de seguimento dos Títulos de Grao (GMEI, GMEP)                     |
| <b>Ambito de aplicación</b>   | Directriz 2: Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. |
| <b>Análise causa:</b> Necesidade de poñer en marcha mecanismos para a detección temperá de posibles desviacións entre os programas e as fichas das materias na Memoria Verificada do Título (MVT), así como para o rexistro daqueles desaxustes que sexa preciso abordar actualizando as propias fichas.  |   |
| <b>Definición/descrición proposta:</b> Reformulación do proceso de revisión de programas e creación dun rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na MVT   |   |
| <b>Datas</b>  | Finalización: Xullo 2022; Inicio: Setembro 2021                             |
| <b>Estado/Eficacia</b>  | Estado: Activa  |
| <b>Responsables</b> Coordinadores dos títulos   |   |
| <b>Tarefa1 (AM-06.T1)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b> Reformulación do proceso de revisión de programas. Diseñarase unha plantilla de revisión que se facilitará ao profesorado. O coordinador de curso empregará eses datos para elaborar o informe xeral de revisión dos programas do curso, no que supervisará o cumprimento daqueles aspectos que sexan da súa competencia, remitindo o informe ao coordinador de título. Os desaxustes e incidencias detectadas serán trasladados aos departamentos correspondentes antes da aprobación dos programas en Xunta de Facultade. |   |
| <b>Data prevista de finalización:</b> Xullo 2022  |   |
| <b>Responsable:</b> Coordinadores dos títulos   |   |
| <b>Estado</b> Activa  |   |
| <b>Tarefa2 (AM-06.T2)</b>   |   |
| <b>Descrición tarefa:</b> Creación dun Rexistro de necesidades de axustes das fichas da Memoria Verificada do Título con respecto aos programas das materias, para o seu seguimento pola Comisión de Título e posta en común en Comisión Intercentros, a fin de consensuar os   |   |

|  |                     |
|--|---------------------|
|  | MEMORIA DE CALIDADE |
|  | Páxina 114 de 137   |

axustes necesarios nas fichas, e abordalos cando se proceda a unha modificación substancial da MVT. Os datos serán facilitados polos docentes responsables das materias, e recompilados polos coordinadores de curso para o rexistro e seguimento por parte da Comisión de Título.

**Data prevista de finalización:** Xullo 2022

**Responsable:** Coordinadores dos títulos

**Estado** Activa

## AM-7

|   |  |                             |
|---|--|-----------------------------|
| <b>Obxectivo a conseguir:</b> Proporcionar orientación e asesoramento ao profesorado supervisor do Prácticum de nova incorporación  |  |                             |
| <b>Responsable do obxectivo:</b> Coordinadora do Prácticum  | <b>Data inicio:</b> Setembro 2021  | <b>Data fin:</b> Xullo 2022 |
| <b>Obxectivo estratéxico relacionado</b> OE01 Avanzar nos procesos de mellora continua e innovación docente; OE13 Avanzar nos procesos de mellora da organización docente |  |                             |
| <b>Procesos clave relacionados</b> PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas   |  |                             |
| <b>Indicador/es de medición</b><br>Accións formativas para novos supervisores do Prácticum realizadas   | <b>Meta a conseguir</b><br>Proporcionar orientación e asesoramento ao profesorado supervisor do Prácticum de nova incorporación. |                             |
| <b>Accións de mellora relacionadas (Código) AM-07</b>   |  |                             |

|   |  |
|---|--|
| <b>ACCIÓN DE MELLORA</b>  |  |
| <b>Código</b>   | AM-07  |
| <b>Orixe</b>  | Informe de seguimento  |
| <b>Ámbito de aplicación</b>   | Directriz 3: Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado |
| <b>Análise causa:</b> Cómpre proporcionar orientación e asesoramento ao profesorado supervisor do Prácticum de nova incorporación, co fin de que este profesorado teña información para entender o funcionamento da materia na FFP e poida desenvolver as tarefas de supervisión de xeito eficaz.   |  |
